

# O futuro pasa pola Universidade

Memoria de responsabilidade social 2012  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



<b>Carta do Reitor</b>	<b>1</b>
<b>Acerca desta memoria</b>	<b>3</b>
<b>1. INTEGRACIÓN ESTRATÉXICA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL</b>	<b>9</b>
<b>2. BO GOBERNO E TRANSPARENCIA</b>	<b>19</b>
<b>2.1. Estrutura de goberno e organizativa</b>	<b>21</b>
<i>2.1.1. Biblioteca e Arquivo Histórico Universitario</i>	24
<i>2.1.2. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico</i>	25
<i>2.1.3. TIC e tecnoloxías para aprendizaxe</i>	26
<i>2.1.4. Servizo de Normalización Lingüística</i>	29
<i>2.1.5. Apoio á valorización e transferencia e infraestruturas de investigación</i>	30
<b>2.2. Xestión de calidade</b>	<b>31</b>
<i>2.2.1. Calidade dos servizos</i>	31
<i>2.2.2. Administración electrónica</i>	32
<i>2.2.3. Xestión da información</i>	32
<i>2.2.4. Xestión económica</i>	34
<b>3. XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO</b>	<b>43</b>
<b>3.1. Perfil do persoal</b>	<b>45</b>
<b>3.2. Formación</b>	<b>49</b>
<b>3.3. Igualdade e conciliación</b>	<b>50</b>
<b>3.4. Selección e promoción, compensación e beneficios sociais</b>	<b>53</b>
<b>3.5. Seguridade e saúde</b>	<b>55</b>
<b>4. XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO</b>	<b>61</b>
<b>4.1. Xestión social do coñecemento a través da docencia</b>	<b>61</b>
<i>4.1.1. Perfil do noso estudiantado</i>	62
<i>4.1.2. Oferta académica</i>	66
<i>4.1.3. Calidade da docencia</i>	69
<i>4.1.4. Integración e igualdade de oportunidades</i>	73
<i>4.1.5. Inserción laboral</i>	76
<i>4.1.6. Formación transversal</i>	79



<b>4.2. Xestión social do coñecemento a través da investigación e transferencia</b>	<b>80</b>
<i>4.2.1. Capacidade investigadora</i>	80
<i>4.2.2. Campus de Excelencia Internacional</i>	85
<i>4.2.3. Transferencia, valorización e emprendemento</i>	87
<i>4.2.4. Divulgación do coñecemento</i>	92
<i>4.2.5. Producción científica</i>	94
<b>5. RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS</b>	<b>103</b>
5.1. Internacionalización	104
5.2. Relación cos nosos provedores	111
5.3. Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”	112
<b>6. EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO</b>	<b>117</b>
6.1. Voluntariado	117
6.2. Cultura	120
6.3. Deporte	124
<b>7. ECOLOXÍA INTERNA</b>	<b>129</b>
7.1. Xestión enerxética	129
7.2. Xestión da auga	131
7.3. Xestión de residuos	131
7.4. Mobilidade sostible	134
7.5. Xestión e avaliación ambiental	137
<b>8. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE</b>	<b>141</b>
8.1. Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización. USC en transición	141
8.2. Cooperación ao desenvolvemento	148
<b>9. ANÁLISE DE RESULTADOS NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO</b>	<b>155</b>
<b>10. PERSPECTIVAS</b>	<b>172</b>



## Carta do Reitor



Na Universidade de Santiago de Compostela seguimos a avanzar na mellora das nosas ferramentas e mecanismos de comunicación e rendición de contas, como esta memoria de responsabilidade social, para explicar á sociedade como cumprimos coa nosa tripla misión relacionada coa docencia, a investigación e a transferencia e responsabilidade social, pondo ao seu servizo todos os nosos esforzos e capacidades.

Precisamente este debe ser o noso máis convincente argumento á hora de demandar desa sociedade, a través da Administración competente, o seu imprescindible sostén financeiro. Pero a pesar do progreso constante na xeración e transmisión de coñecemento, os recursos financeiros que recibe a Universidade redúcense ou, no mellor dos casos, conxélanse, poñendo en perigo o mantemento dos estándares de calidade no cumprimento da nosa misión.

A educación superior, a investigación e a innovación deben ser consideradas como un investimento, e non como un gasto, pois na Universidade aséntanse as bases do desenvolvemento e o progreso humano. E para garantir que as universidades sigan xogando este papel, non só é necesario un financiamento público suficiente e sostible, senón tamén que se fortaleza a autonomía universitaria.

Un elevado nivel de autonomía permite á universidade ser proactiva fronte aos cambios, e innovadora, mentres que demasiada regulamentación e presións externas debilitan a institución. As medidas legislativas dos últimos dous anos afástannos, aínda máis, dunha verdadeira e plena autonomía que nos permita aspirar á excelencia que se nos demanda e que nós mesmos nos demandamos.

É tamén necesario facer prioritaria a valoración do esforzo e o espírito de sacrificio das persoas que traballan en todos os ámbitos da nosa institución: o esforzo docente daqueles que cobren as áreas de maior demanda de alumnado, o esforzo investigador daqueles que ensanchan o espazo do coñecemento e o esforzo de xestión daqueles que traballan para mellorar a calidade dos servizos. Como reitor da USC, podó manifestar a nosa firme aposta pola docencia, a investigación e a xestión de calidade. É responsabilidade doutros sectores da nosa sociedade aproveitar este esforzo.





Ao longo do 2012 establecéronse as bases para acadar a medio prazo o cadro de persoal óptimo de profesorado da nosa universidade. Incrementouse notablemente a produción científica, a pesar das reducións de achegas en recursos para investigación tanto da Administración como do sector privado. Creamos centros tecnolóxicos xunto co sector industrial. Acreditamos internacionalmente titulacións impartidas. Estamos a incorporar a administración electrónica en toda a súa extensión nas nosas tarefas diarias. Certificamos a calidade dos nosos servizos e centros e, algo especialmente importante nestes tempos, estamos a equilibrar ingresos e gastos: axustamos ao que podemos e non ao que nos gustaría, sen máis.

Todo isto estamos a facelo de xeito sostible para que aos que lles toque dirixir a USC no futuro, poidan facelo sen as dificultades que experimentamos no presente, porque xa non é posible medrar en base a incrementar a débeda, senón en base a reducila. É importante que a sociedade saiba que coidamos dos limitados recursos que nos dá, como corresponde.

O conseguido foi froito da colaboración das persoas integrantes dos distintos sectores universitarios, da colaboración doutras institucións públicas e privadas e do intenso labor de todos e de cada un dos membros responsables do goberno da USC, tanto do equipo reitoral coma dos integrantes do Consello de Goberno, do Claustro e das distintas comisións delegadas. A grande riqueza destes órganos participativos está precisamente no debate, no diálogo e, se é posible, no consenso, traballando a prol dunha universidade mellor, na procura do futuro.

Agardo que a imaxe fiel da nosa institución que tentamos achegar á sociedade a través desta memoria contribúa a que poida valorar na súa xusta medida todos estes esforzos e recoñecer que o futuro pasa pola Universidade.

**Juan José Casares Long**

**Reitor da Universidade de Santiago de Compostela**

## Carta do Presidente do Consello Social



O Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, como órgano garante da participación das forzas sociais de Galicia na universidade, comprácese coa publicación dunha nova Memoria de Responsabilidade Social da institución que supón un reforzo ao noso propio cometido de promover o coñecemento mutuo entre a universidade e a sociedade, e coa que a USC segue a avanzar no seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas, mellorando a relevancia e pertinencia da información aportada e procurando unha maior efectividade na súa difusión.

O compromiso do Consello Social da USC coa transparencia é tamén un dos seus trazos distintivos, na medida en que boa parte dos nosos esforzos encamiñanse a facilitar o coñecemento da universidade en todas as súas facianas e difundir o seu labor entre a sociedade, deixando ver os claros beneficios que xera para ela e procurando obter o seu recoñecemento e colaboración.

Podemos destacar neste sentido a recente publicación do documento “Universidade de Santiago de Compostela. Desde 1495 marcando o camiño a seguir”, editado por este Consello Social e presentado en marzo de 2013, co que se pretende ofrecer á cidadanía e aos propios membros da comunidade universitaria unha visión completa e actual da realidade da USC. De xeito similar, a través da publicación das súas propias memorias de actividades, o Consello Social rende contas do seu traballo e procura reforzar a visibilidade e credibilidade da súa xestión, que é ao tempo garantía da boa xestión da institución.

A Memoria 2012 de Responsabilidade Social da USC pon de manifesto que, pese ás dificultades e a magnitude dos retos a afrontar, a nosa universidade está a contribuír de xeito decidido ao progreso e á mellora do benestar da sociedade, procurando ser eficiente e competitiva sen renunciar ao seu compromiso coa calidade e a responsabilidade social.



Neste empeño, o equipo de goberno da institución e o conxunto da comunidade universitaria contan co apoio deste Consello Social que presido e dende o que recoñecemos, e agradecemos, o esforzo e dedicación de todas as persoas que teñen contribuído aos resultados dos que da conta esta memoria e a todas as que teñen feito posible a súa publicación.

Manuel Puga Pereira

Presidente do Consello Social





## Acerca desta memoria

Na USC seguimos a avanzar no deseño dun modelo de informe sobre o noso desempeño socialmente responsable que resulte manexable e útil para os nosos diversos grupos de interese. Na [memoria 2010–2011](#) iniciouse un proceso de transformación cara un informe integrado, co obxectivo de explicar como a responsabilidade social se incardina na planificación e xestión estratéxica da institución e está presente en todos os ámbitos da nosa actividade. Nesta memoria 2012 damos un paso máis nesta dirección, procurando mellorar o seu valor informativo e acadar unha presentación máis eficiente da información.

A adopción dun modelo de informe integrado non ten por que implicar a desaparición doutros informes máis específicos ou parciais que na USC vimos elaborando e difundindo dende hai anos, como a memoria económica, a memoria de I+D+i+E ou as memorias dalgúns dos servizos e centros da institución. Xa na [memoria 2010–2011](#) recoñecíamos que o elevado volume da información divulgada parecía ter dificultado o coñecemento global da nosa actividade socialmente responsable por parte dos nosos grupos de interese, polo que o informe integrado debía ser un documento básico de utilidade para todos eles que facilitase esa visión global da nosa realidade. Non obstante, os nosos grupos de interese teñen preocupacións e demandas de información en ocasións moi diferentes, polo que ese informe básico debe complementarse con información adicional na que cada persoa afondará segundo as súas necesidades, e que se pode instrumentar a través doutros informes específicos ou outras fontes de información.

O fin último dun informe integrado debe ser o de recoller e amosar o noso desempeño nestes e outros ámbitos da nosa actividade, aclarando as interrelacións entre todos eles e a súa contribución conxunta á creación de valor económico, ambiental, social e cultural para toda a sociedade. Isto require seleccionar en cada ámbito da nosa actividade a información máis relevante, que será aquela máis directamente relacionada coa nosa orientación estratéxica, plasmada no [Plan estratéxico 2011–2020](#) da USC, co obxectivo de ofrecer unha visión completa pero ben acotada do noso avance no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos baixo o prisma da responsabilidade social.

As memorias de responsabilidade social que a USC ten publicado no pasado perseguían e acadaban en certo modo este obxectivo, pero adocían de dous limitacións: a primeira, a extensión dos documentos, nos cales ano tras ano explicábanse os aspectos máis xerais do noso funcionamento (estrutura, goberno, bases da actividade docente, investigadora e de extensión, etc.), entendendo que tales explicacións resultaban necesarias en cada informe para axudar a comprender a nosa realidade; e a segunda, a escasa visibilidade dos vínculos entre as nosas actuacións socialmente responsables e a nosa orientación estratéxica, o que limitaba a utilidade dos informes como instrumento de avaliación do cumprimento cos nosos obxectivos e compromisos de xestión.



Para dar resposta a estas dúas limitacións e avanzar na elaboración dun informe integrado, temos reformulado o noso modelo de *reporting* sobre a nosa responsabilidade social para basealo en dous piares: a nova web [USC Responsable](#) e a Memoria 2012 de Responsabilidade Social da USC.

A web [USC Responsable](#) recolle información sobre o marco da responsabilidade social na USC e a súa concreción en tres dimensións (interna, intermedia e externa) e sete ámbitos de acción (bo goberno e transparencia, xestión do capital humano, ecoloxía interna, xestión social do coñecemento, extensión e voluntariado, relacións con organizacións e desenvolvemento sostible). O seu obxectivo é o de canalizar o coñecemento da nosa institución e do noso compromiso coa responsabilidade social, valéndose de contidos explicativos, enlaces a outras páxinas web da USC e información estatística sobre o noso desempeño. A existencia desta web pretende tamén demostrar que a responsabilidade social da USC é algo permanentemente presente na súa actividade (non algo do que acordarse de ano en ano cando se publica a memoria de responsabilidade social) e contribuír a alixeirar o contido dos informes anuais de responsabilidade social.

Pola súa parte, a Memoria 2012 de Responsabilidade Social da USC recolle os principais acontecementos e resultados que definiron o exercicio 2012 e o curso académico 2011-12, procurando resaltar os seus vínculos co cumprimento do [Plan estratéxico 2011-2020](#) da USC, a modo de informe de seguimento do [Plan](#) que, deste xeito, e tal e como se prometía nel, queda integrado no sistema de rendición de contas da USC. O contido desta memoria apoiarase nos contidos da web [USC Responsable](#) para clarificar os aspectos xerais do noso funcionamento que xa non son especificamente tratados nela. Destacamos tamén que con esta memoria 2012 recuperamos o obxectivo de publicar este informe cunha periodicidade anual que entendemos imprescindible para garantir a utilidade da información que se quere dar a coñecer.

A estrutura da Memoria 2012 de Responsabilidade Social da USC divídese en 10 apartados: unha introdución que aclara cal é o noso modelo de responsabilidade social e ofrece unha visión xeral do exercicio 2012, sete apartados que describen os nosos esforzos e logros en cada un dos sete ámbitos do noso modelo de responsabilidade social, un apartado específico de análise dos nosos resultados no marco do [Plan estratéxico 2011-2020](#) e un apartado final sobre as nosas perspectivas de futuro.

Este esforzo para mellorar a eficiencia e efectividade da nosa rendición de contas, por suposto, seguirá a rexer as nosas actuacións nos próximos anos. Non obstante, o seu impacto sempre será limitado se non contamos coa axuda de todos os membros da comunidade universitaria e mesmo do conxunto da sociedade. Invitámoslles a todos a participar neste proceso de mellora continua a través das seccións “[Todos facemos unha USC Responsable](#)” e “[A túa opinión conta](#)” da web [USC Responsable](#).



► **integración  
estratégica da  
responsabilidade  
social**







## 1 INTEGRACIÓN ESTRATÉGICA DA RESPONSABILIDADE SOCIAL

A idea da responsabilidade social e da sostibilidade universitaria ten superado xa a súa concepción inicial, máis restrinxida, como filantropía ou extensión universitaria, para despregarse como un compromiso transversal, plural, progresivo e multidimensional, referido tanto ao conxunto das actividades do mundo universitario coma a súa proxección social. Así mesmo, é estratéxico que a incorporación da responsabilidade social e a sostibilidade universitaria se realice de maneira transversal, propiciando así, ademais, a coordinación das diversas políticas que coexisten neste amplo terreo e o recoñecemento e a visibilidade das mesmas.

O compromiso da USC para acadar esta [integración](#) é claro. Por unha banda, a [vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade](#) ten o obxectivo de coordinar todas as políticas de carácter social e ambiental que se desenvolven na USC, para lograr unha penetración moito máis profunda e sólida da responsabilidade social ao longo de toda a organización e que todas as accións levadas a cabo se encontren baixo un marco coherente e unificado. Por outra banda, o [Plan estratéxico da USC 2011–2020](#) integra a responsabilidade social na estratexia global da institución, converténdose no marco baixo o que asumimos un compromiso explícito de creación de valor social, ambiental e económico e de diálogo, transparencia e rendición de contas para con todos os membros da comunidade universitaria e a sociedade. Así, este [Plan estratéxico](#) articula a responsabilidade social da USC como un eixe esencial que, ademais do seu peso específico, impregna e contaxia ao resto dos eixes contemplados no plan, co obxectivo de converter á responsabilidade social nunha ferramenta estratéxica que dote de maior coordinación e coherencia ás iniciativas e actuacións que xa se desenvolven na nosa institución, e que facilite o mantemento dun diálogo aberto e permanente con todos os nosos grupos de interese.

Este [Plan estratéxico](#) integra os [principios da xestión socialmente responsable da USC](#) e considera as expectativas de todos o nosos [grupos de interese](#), permitiéndonos avanzar nas [dimensións](#) interna, intermedia e externa da nosa responsabilidade social, nas que distinguimos sete ámbitos concretos de actuación:

- Bo goberno e transparencia.
- Xestión do capital humano.
- Xestión social do coñecemento.
- Relacións con organizacións.
- Extensión e voluntariado.
- Ecoloxía interna.
- Desenvolvemento sostible.




No marco deste modelo de responsabilidade social e do noso [Plan estratéxico](#), o noso obxectivo primordial é o de crear valor para o conxunto da sociedade. Pero o valor que creamos coa nosa actividade está moi lonxe de poder ser medido en termos económico–financeiros ou verse reflectido nas nosas contas e os nosos orzamentos. Trátase en gran medida, ademais, dun valor intanxible, difícil ou mesmo imposible de medir en termos cuantitativos.

Aínda así, nun esforzo por tratar de cuantificar o valor económico xerado pola nosa actividade, á marxe dos nosos resultados orzamentarios e patrimoniais, temos estimado nun indicador o noso impacto sobre a economía galega. Tendo en conta os impactos económicos directos e indirectos da nosa institución nas cidades en que están situados os seus campus, e que derivan do investimento realizado e do gasto en consumo dos membros da comunidade universitaria (persoal e estudantes) no resto de sectores da economía, o *output* medio xerado pola USC en 2012 situouse en torno ao 0,56% do *output* xerado pola economía galega. Esta porcentaxe podería verse incrementada engadíndolle o efecto multiplicador da demanda no resto dos sectores da economía.



## VALOR ECONÓMICO XERADO POLA USC EN 2012



Mais está claro que a información recollida nun único indicador dificilmente pode dar conta da dimensión e alcance da nosa actividade e dos diversos factores que a condicionan e afectan.

En 2012 a nosa xestión veu marcada pola necesidade de acatar un novo contexto normativo moi limitador da nosa autonomía e financiamento, e competir nunha contorna moi esixente e globalizada que nos obriga a ser máis eficientes e facer máis con menos. A xestión da institución houbo de orientarse por iso á reestruturación de procesos e servizos na procura desa maior eficiencia e dunha maior contribución a unha docencia e investigación de calidade. Destacamos nesta liña os avances na administración electrónica, a reorganización dalgúns servizos (Oficina de Información Universitaria, Centro de Posgrao e Área de Valorización, Transferencia e



Emprendemento), a mellora das ferramentas de xestión académica (Xescampus), económica (eSicus) e xestión da información (implantacións de DataWarehouse e deseño dun sistema institucional de datos e estatísticas) e a mellora dos procedementos de contratación administrativa e o avance na implantación da contabilidade analítica.

A USC conta con dous campus universitarios situados en dúas cidades galegas, patrimonio da humanidade, Santiago de Compostela e Lugo, nos cales no curso 2011–12 estudaron un total de 31.006 alumnos/as en todos os tipos de ensinanza ofertada; puideron escoller entre 63 titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo, todas elas xa en proceso de extinción, 48 titulacións de grao, 73 másteres oficiais e 22 propios e 22 cursos de especialización, ao que se suman 3 titulacións propias, e o terceiro e cuarto ciclo. Rexistrouse un descenso da matrícula en todas as titulacións a excepción das propias e do IV ciclo, pese ao cal o número de estudantado matriculado sitúa a USC entre as maiores universidades públicas españolas.

Arredor do 63% do estudantado da USC son mulleres, o que nos converte nunha universidade cunha porcentaxe de presenza feminina nos distintos grupos da comunidade universitaria superior á do resto do Estado.

En 2012 a proxección exterior da USC recibiu un especial impulso, intensificando as accións de captación noutros países e acadando 50 novos convenios con universidades estranxeiras. Dentro dos programas de mobilidade no curso 2011–12 máis de 829 estudantes da USC desenvolveron os seus estudos en universidades da UE, Latinoamérica ou noutras universidades españolas, mentres que a USC recibiu un total de 1.161 estranxeiros. No inicio do curso 2012–13 recibíuse a máis de 90 alumnos/as brasileiros/as e outros/as tantos/as chineses/as que acudiron á USC para cursar estudos na EPS e a Facultade de Ciencias no campus de Lugo ou a Facultade de Filoloxía no de Santiago. Ademais, liderou varios proxectos de cooperación financiados polo Ministerio e obtivo cinco novos proxectos ERASMUS Mundus–External Cooperation Window (EM–ECW) coa América Latina e Asia Central.

As labores docentes desenvolvéronse xa plenamente no contexto das novas titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), o que ten esixido un gran esforzo tanto a profesores/as coma a alumnos/as. Os resultados académicos amosan unha tendencia de mellora tanto nas taxas de éxito e rendemento do alumnado coma na satisfacción deste e do profesorado coa docencia. Seguíuse a apostar pola calidade da docencia e dos servizos de apoio, coa renovación da certificación ISO 9001 dos servizos de xestión académica, a obtención dos certificados de verificación dos Sistemas de Garantía Interna da Calidade (SGIC) de todos os centros docentes e, no caso dos programas de doutoramento, a vixencia no curso 2011–12 de 6 mencións de calidade e 18 mencións de excelencia. E completouse o proceso de migración do Campus Virtual da USC á software libre, avanzando tamén noutras aplicacións e aproveitamentos das TIC na docencia.

Fíxose en 2012 un esforzo por manter os diversos programas de apoio académico e económico ao estudantado (apoio titorial, melloras nos servizos de bibliotecas e TIC,



939 prazas subvencionadas no SUR por preto de 1,5 millóns de euros, 20 estudantes con necesidades especiais atendidos no SEPIU), e por promover a súa inserción laboral mediante a firma de novos convenios de prácticas con entidades e o desenvolvemento de accións de orientación laboral (1.367 entrevistas de orientación, prácticas a través do Consello Social, Feuga e outros convenios).

En canto ao noso capital humano, a finais do ano 2012 a USC contaba con 2.130 efectivos de persoal docente e investigador (PDI), mentres que os efectivos de persoal de administración e servizos (PAS) eran 1.213 persoas, e a presenza de mulleres no conxunto do persoal situouse no 46,2%. Os procesos de estabilización e promoción do persoal e as condicións retributivas do persoal víronse gravemente afectados pola nova normativa estatal e autonómica, ante a que a USC tentou explotar todas as vías de negociación oportunas. Pese as restricións orzamentarias, a USC seguiu a promover entre o seu persoal a igualdade de oportunidades e a procurar ofrecer as mellores condicións de traballo, mellorando a súa formación (68 cursos para o PAS e máis de 80 para o PDI desenvóléronse en 2011-12 nos seus respectivos programas de formación), garantindo a súa seguridade e saúde no traballo (a través do [Servizo de Prevención de Riscos](#), o [Servizo de Vixilancia da Saúde](#) e a implantación do sistema OHSAS 18001 en diversos centros, entre os que a ETSE acadou a certificación en 2012) e coa achega de diversos beneficios sociais (90 prazas na [Escola Infantil Breogán](#), 38.575 euros para o chamado “cheque-bebé” en Lugo).

No que respecta á investigación, os recursos externos captados para I+D están a verse reducidos como consecuencia dos recortes nos orzamentos públicos destinados a investigación e da crise económica, a pesar do cal, a USC continua a estar situada entre as 400 universidades do mundo con maior capacidade de xeración de coñecemento, tal e como poñen de manifesto diversos *rankings* internacionais ([Leiden Ranking](#), [URAP](#), [Ranking Web de Universidades](#), entre outros).

En 2012, e como consecuencia dos recortes e das maiores esixencias do EEES, reduciuse a porcentaxe de PDI implicado en actividades de I+D, pese ao incremento no PDI doutor e a melloría no recoñecemento de sexenios de catedráticos/as, titulares e contratados/as doutores/as. Léronse 298 teses doutorais, pero reduciuse o persoal contratado con cargo a actividades de I+D e programas de recursos humanos de I+D pola cancelación de moitas convocatorias internacionais, estatais e autonómicas. A pesar de todo, acadáronse case 35 millóns de euros en convocatorias competitivas (un 8,3% máis que en 2011) e o persoal investigador da USC obtivo pola vía de contratos, ditames, servizos ou informes case 9 millóns de euros.

O Campus de Excelencia Internacional [Campus Vida](#), recoñecido a finais de 2011 como CEI de referencia global, acadou en 2012 a máxima cualificación para o seu informe de progreso, e seguiu a desenvolver o seu plan estratéxico, progresando na consolidación da [Escola de Doutoramento Internacional](#) e coa posta en funcionamento do [CIMUS](#) e o [CITIUS](#) e o inicio da construción do [CEBEGA](#). A estrutura de investigación da USC reforzouse tamén en 2012 coa creación dun novo centro propio (o [CeRGI](#)) e a integración no padroado do [CETAqua Galicia](#).



Campus Vida está presente en 15 proxectos do VII Programa Marco aprobados en 2011 e 2012 que supoñen unha captación de recursos de 8,4 millóns de euros, e ten conseguido varios proxectos singulares de I+D (como Inno-Pharma e Trans-Int). En 2012 impulsouse a estratexia da UniverCidade e a mobilidade internacional (Programa de formación de doutores en India e China), entre outras iniciativas, coa subvención obtida na convocatoria 2011 do Programa de fortalecemento dos CEI.

No ámbito da transferencia e valorización do coñecemento, unha das accións máis destacadas do 2012 foi a posta en marcha do programa *Acelerador de Transferencia*, enfocado a cubrir o “gap” de financiamento e asesoramento que existe entre a finalización dun traballo de investigación académico e o interese da industria en investir no seu desenvolvemento. A través deste programa impulsáronse en 2012 9 proxectos de valorización por un importe superior a 275.000 €. Destaca tamén a colaboración con outras institucións no eido da transferencia e valorización, como a Fundación Barrié, cuxo Fondo de Inversión en Ciencia decidiu financiar dous proxectos da USC (un coordinado por ela) con máis de 400.000 €, ou a obtención de fondos FEDER para os proxectos internacionais *Vehículos de Transferencia* e *Nanovalor*.

En canto á xestión dos resultados, avanzouse na racionalización do proceso de presentación de solicitudes de patentes, para centrarse nas que aportan verdadeiro valor, de xeito que das 47 comunicacións de invención do 2012 limitouse a 23 o número de solicitudes prioritarias. Realizáronse tamén 52 solicitudes de extensión da protección a nivel internacional. E obtivéronse 36 novas patentes (34 na OPEM e 2 na USPTO). O informe REDOTRI 2011 recoñece á USC como a 4ª universidade española en solicitudes de patente prioritaria e con maior carteira de patentes. Mellorou tamén o número de acordos de transferencia de coñecemento asinados (6 con spin-offs xurdidas da propia USC e outros 6 con outras empresas), e duplicáronse os ingresos por licenzas.

No eido do emprendemento estase a consolidar a dinámica de xeración de spin-offs (5 constituídas en 2012 das 9 cualificadas como tales en Consello de Goberno), e segue a prestarse especial interese ao fomento do emprendemento feminino a través do programa *Woman Emprende*. O Informe REDOTRI 2011 sitúa á USC como a 5ª universidade española con maior número de spin-offs creadas.

Pero a universidade actual non só debe lexitimarse na sociedade moderna en termos de calidade do servizo prestado e os resultados académicos e de investigación alcanzados, senón que ademais ten que manter a confianza de quen se relaciona con ela e reclama novos posicionamentos económicos, sociais e medioambientais. A universidade, como elemento fundamental do desenvolvemento económico e social, debe orientar a súa actividade baixo criterios de sostibilidade social, medioambiental e económica, e como entidade que forma parte dun sistema de relacións humanas, debe incorporar a responsabilidade social tanto na xestión das relacións coa sociedade como na xestión das relacións coa comunidade universitaria.

A USC fomenta os valores de cidadanía como a solidariedade, a convivencia, a tolerancia e o respecto á diversidade, coa finalidade de contribuír á construción dunha



sociedade máis xusta, unha cultura de paz e unha ética baseada na cooperación e na corresponsabilidade. Así, entende as actividades de voluntariado (101 no curso 2011–12, que implicaron a 260 voluntarios/as) como parte fundamental da formación das persoas, xa que permiten á comunidade universitaria integrarse na realidade social mediante a súa colaboración nos diferentes programas propostos polas entidades de acción social. Por outra banda, a USC ofrece á sociedade a posibilidade de coñecer o seu rico patrimonio histórico e natural, traballando a prol da súa preservación e da difusión da cultura e do coñecemento, e promove todo o tipo de actividades culturais (116 iniciativas en 2012) e deportivas, dirixidas a toda a sociedade.

E é tamén importante destacar o compromiso da USC co desenvolvemento sostible. A través do seu [Plan de desenvolvemento sostible](#), coordinado desde a [Oficina de Desenvolvemento Sostible](#), e o programa [USC en Transición](#), realízanse múltiples actividades de investigación, formación, sensibilización e divulgación ambiental, e xestiónase o impacto ambiental da USC (que mostra no ano 2012 unha redución 5,1% no consumo eléctrico, do 21,9% no consumo de gas natural, do 1,4% no volume de residuos perigosos xerados, ou dun 8,3% nas emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ao consumo enerxético).

No marco do programa [USC en Transición](#) realizáronse dúas actividades de formación para o PDI e leváronse a cabo accións de sensibilización e participación relacionadas coa xestión de residuos, mobilidade, hortos comunitarios (a finais de 2012 púxose en marcha o Proxecto de hortos urbanos na USC), enerxías renovables e alimentación saudable, nas cales participaron un alto número de persoas do estudantado, PDI e PAS, coa colaboración de 27 bolseiros/as SPIU e 9 bolseiros/as USC en Transición.

Deste xeito, debuxamos unha realidade da USC moito máis rica e completa que a limitada a avaliar as súas contas económicas e os resultados da súa actividade docente e investigadora. Sendo estes excelentes, o que de verdade nos achega á excelencia é o ser capaces de devolver á sociedade máis do que recibimos dela, obxectivo no cal temos posto todo o noso empeño.

Nos seguintes apartados desta memoria describiremos con maior detalle o noso avance no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos a través do noso modelo de responsabilidade social durante o exercicio 2012 e o curso académico 2011–12.







► bo gobierno  
e transparencia





## 2 BO GOBERNO E TRANSPARENCIA

O ámbito do bo goberno e transparencia do noso modelo de responsabilidade social estivo marcado en 2012 polas tensións que os novos desenvolvementos normativos relacionados coa educación superior provocaron sobre a suficiencia financeira e autonomía da institución.

A Lei de orzamentos do Estado, o Real Decreto–Lei 14/2012, o Real Decreto Lei 20/2012 e a Lei de orzamentos da Xunta de Galicia, supuxeron serias intromisións dos gobernos central e autonómico na autonomía universitaria, limitando a capacidade de adaptación e flexibilidade das universidades para responder ás esixencias dunha sociedade en constante transformación que está a atravesar, ademais, en Europa, un dos momentos máis críticos da súa historia recente.

Non podemos esquecer que a propia Unión Europea, na súa estratexia Europa 2020, reconece que a autonomía universitaria, base do bo goberno da Universidade, e a responsabilidade e a rendición de contas, son cuestións capitais, e invita aos estados membros a traspasar ás universidades a plena responsabilidade institucional ante a sociedade.

Dende a Universidade reclamamos autonomía en catro dimensións básicas: académica (número de alumnos/as e proceso de selección, configuración da oferta e dos plans de estudo e mecanismos de aseguramento da calidade), de contratación de persoal (cadro de persoal, procedementos de contratación e promoción, política de retribucións), organizativa (elección do equipo de goberno, incorporación de membros externos á institución aos órganos de goberno, estruturas académicas e creación de entidades participadas) e financeira (financiamento público suficiente, prezos públicos por servizos académicos, política de investimentos reais, endebedamento).

Obviamente, esta autonomía debe ir acompañada da firma dun contrato social entre a Universidade e a cidadanía no cal a primeira se comprometa a actuar con responsabilidade e a render contas das súas actuacións. Pola súa banda, as administracións públicas deben establecer o marco de actuación para o funcionamento autónomo das universidades, garantir a igualdade de oportunidades de acceso, asegurar que a investigación básica segue a ser un ben público e prover un financiamento axeitado.

Lamentablemente, os recentes desenvolvementos normativos no só non teñen avanzado nesta dirección, senón que teñen creado un contexto legal extremadamente ríxido para o normal desenvolvemento da actividade universitaria e situado o financiamento achegado ás universidades nun nivel insostiblemente baixo.



Neste difícil contexto debuxado polas medidas legislativas impostas e a longa crise socio-económica, de xeito inevitable xurdiron numerosas mostras de malestar e decepción entre os membros da comunidade universitaria e do conxunto da cidadanía. O equipo de goberno da USC tivo que acatar os preceptos da nova normativa e tomar moitas decisións complicadas, para as que non sempre foi posible acadar o consenso da comunidade universitaria, pese aos esforzos por establecer vías efectivas de negociación cos seus membros.

A xestión da USC no 2012 volveu a desenvolverse baixo o marco duns orzamentos prorrogados e sen unha programación plurianual aprobada para articular a implantación do [Plan estratéxico](#). Pero isto non impediu que se iniciasen moitas das actuacións contempladas nel. O ano 2012 foi, de feito, un período de preparación e maduración de moitas das actuacións do [Plan](#) que requiren instrumentos específicos de desenvolvemento, polo que en relación con algún dos seus obxectivos só se realizaron algúns traballos preliminares, diferindo temporalmente a execución das actuacións conducentes ao seu logro. Algúns deles serán desenvolvidos total ou parcialmente nos anos 2013 e 2014, especialmente no referido a incorporación de novos modelos de ensino, a proxección exterior dos servizos de apoio á investigación da USC, a reestruturación e reorganización de servizos administrativos, a elaboración dun plan estratéxico de internacionalización, o deseño dun novo modelo para o campus de Lugo, e a elaboración dun plan de comunicación institucional.

Como actividades de grande relevancia non directamente relacionadas coa execución do [Plan estratéxico](#) pero determinantes para a súa implantación, convén salientar que en 2012 se produciu a aprobación dos novos Estatutos da USC. O novo texto introduce novas garantías para a lingua galega e o seu uso na institución, a conciliación, a igualdade de oportunidades e de xénero, a integración de persoas con discapacidade e a sostibilidade. O capítulo de PDI inclúe a duración dos períodos de contratación e recolle como criterio de contratación de PDI a estabilización e promoción académica do persoal acreditado polas instancias externas oficiais. Para o estudantado defínense novos deberes e novos dereitos, actualizados e concordes coas novas obrigas do EEES. O texto contempla tamén a modificación da representación dos diversos sectores universitarios no [Claustro](#), maior no novo texto para o alumnado das titulacións oficiais e para o PAS. E, en liñas xerais, axústase a clasificación dos grupos funcionariais ao establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, e determínase a constitución dunha mesa xeral de negociación.

Tamén no 2012 concreouse a elaboración e aprobación do [III Plan estratéxico das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións 2012–2015 \(PETIC III\)](#). Con este plan, a USC reafirma a súa aposta polas Tecnoloxías da Información e Comunicacións (TIC) como unha das ferramentas fundamentais para acadar os seus obxectivos como institución, e ao mesmo tempo concreta actuacións básicas para a consecución de varios dos obxectivos do [Plan estratéxico](#) xeral da USC.

E co fin de facer fronte aos efectos derivados da caída da matrícula no campus de Lugo, elaborouse unha proposta para o desenvolvemento estratéxico deste campus a aprobar en 2013. Este plan estratéxico trata de dotar ao campus de Lugo dunha





identidade propia, baixo a denominación CAMPUS TERRA, para incrementar a súa visibilidade e convertelo en impulsor do desenvolvemento do seu contorno.

## 2.1. Estrutura de goberno e organizativa

Para cumprir coa súa misión, a USC, como calquera outra organización, precisa dunha **estrutura de goberno** eficaz e dunha **estrutura organizativa** ben definida e coordinada.

No ano 2012 levouse a cabo unha reorganización do equipo de goberno consistente na supresión do cargo de Adxunta ao Reitor para Coordinación Interna (renuncia con efectos do 27 de xuño de 2012 e informe do reitor co anuncio de non substitución da mesma na sesión do Consello de Goberno do 20 de xullo de 2012). Tamén neste ano consolidouse a vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización creada a finais de 2011.

Neste ano celebráronse eleccións de representantes do alumnado no Claustro e nas Xuntas de Centro e para todos os sectores nos Consellos de Departamento, e produciuse a elección do novo Valedor da Comunidade Universitaria.

Na nosa **estrutura de goberno** destaca especialmente o papel do Consello Social, que, ademais das competencias legalmente establecidas, seguiu a desenvolver outras actividades a prol da nosa Universidade, como son o Programa nacional de prácticas en empresas e institucións, o proxecto Europracticum ou o Convenio co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para proporcionar asesoramento xurídico ao alumnado da USC.

No ano 2012 seguimos a promover distintas iniciativas de participación da comunidade universitaria e a sociedade en aspectos importantes da xestión da institución. Destacamos dous:

- O concurso de ideas para deseñar a imaxe da campaña de matrícula da USC. No ano 2012 desenvolveuse a súa terceira edición para elixir a imaxe da campaña de matrícula 2012-13.




- O programa de titores para estudantes dos últimos anos de grao, no cal se formou a 79 estudantes para tutelar aos que se incorporaron no curso 2012-13 para iniciar estudos, informando sobre a organización e servizos que presta a USC, os programas de mobilidade, o funcionamento da administración, as particularidades do seu centro, o voluntariado ou as actividades culturais e deportivas da USC.



O labor da USC a prol da implicación dos distintos axentes participantes na vida universitaria, científica e na sociedade no seu conxuntoponse de manifesto tamén nas distincións que a propia institución, a través de iniciativas promovidas dende diferentes sectores da comunidade universitaria, entrega para recoñecer o esforzo dos/as docentes, investigadores/as, persoal, empresas, institucións e persoas do noso contorno máis próximo así como con personalidades e institucións de renome no mundo da ciencia e da sociedade, no ámbito nacional e internacional. Ademais, a USC ten subscritos diversos pactos e iniciativas e tense integrado en numerosas redes de traballo. Pódese obter máis información no apartado [premios, pactos, iniciativas e redes](#) da *web* USC Responsable.

No tocante a nosa [estrutura organizativa](#), a USC estaba formada ao remate de 2012 por 23 facultades, 2 escolas (Técnica Superior de Enxeñaría no campus de Santiago e Politécnica Superior no campus de Lugo), unha escola de especialización profesional (a Escola de Práctica Xurídica), 3 hospitais universitarios (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, Hospital Universitario Lucus Augusti e Hospital Veterinario Universitario Rof Codina), 5 centros docentes adscritos ou vinculados (como centros adscritos a Escola Universitaria de Traballo Social en Santiago, e a Escola Universitaria de Enfermaría e Escola Universitaria de Relacións Laborais en Lugo, e como centros vinculados o Centro Superior de Hostalería de Galicia en Santiago e a Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia), 16 institutos de investigación (coa supresión en 2012 do Instituto de Informática, ao entender que o seu ámbito de actividade enmárcase no do CITIUS), 8 centros propios de investigación (coa creación en 2012 do CeRGI) e tres centros singulares de investigación (CIQUS, CIMUS, CITIUS), estando outros dous aprobados (*Investigacións Físicas*) ou en proceso de construción (CEBEGA). Ademais, o persoal docente e investigador (PDI) agrupábase en torno a 75 departamentos e 332 grupos de investigación (20 máis que no 2011).

#### Estrutura da USC en 2012







En 2012 entraron en funcionamento o CIMUS (en xaneiro) e o CITIUS (en setembro), dando un novo impulso ao proxecto do Campus de Excelencia Internacional Campus Vida. Púxose tamén en funcionamento o Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do Inversor da USC (CeRGI), no cal se xuntan as capacidades de diversos departamentos da USC e doutras administracións, como a Xunta de Galicia, coa misión de potenciar a responsabilidade social corporativa e o bo goberno empresarial e favorecer a extensión das boas prácticas e do coñecemento nestes ámbitos.

Cabe destacar tamén o comezo das actividades do CETaqua Galicia, Centro Tecnolóxico do Auga inaugurado en outubro de 2011 no Edificio Emprendia e cuxo padroado está constituído pola USC, Agbar, Acquagest e o CSIC. As súas liñas de investigación terán un criterio local pero serán de aplicación global, orientadas a abordar a depuración en pequenos núcleos de poboación e a xestión de redes de saneamento, e os seus problemas derivados, como os vertidos industriais incontrolados ou de augas brancas.

Na súa estrutura organizativa, a USC ten establecidos tamén diversos servizos de apoio á docencia e á investigación e de apoio e asistencia á comunidade universitaria. Algúns deles son recollidos nos propios estatutos da Universidade, mentres que outros son creados especificamente para o cumprimento das funcións propias da Universidade, sumando un total de 64: 23 servizos de apoio á docencia e á investigación (biblioteca, arquivos, laboratorios e estacións científicas, idiomas,...), 29 servizos á comunidade universitaria (residencias, cultura, deporte, TIC, relacións exteriores ou orientación laboral) e 12 servizos administrativos.

Destacamos de entre os servizos de apoio á comunidade universitaria algúns intimamente vinculados ao noso compromiso coa responsabilidade social, como o Observatorio do Código Ético, a Oficina de Desenvolvemento Sostible, a Oficina de Igualdade de Xénero, os Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego, o Servizo de Participación e Integración Universitaria ou o Servizo de Prevención de Riscos, cuxa actividade será descrita nos seguintes apartados desta memoria nos diferentes ámbitos do noso modelo de responsabilidade social.

No ano 2012 iniciouse a redefinición das unidades de apoio á xestión de centros e departamentos e das conserxerías, para a súa operatividade no 2013–2014, e culmináronse as que se refiren á Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), a Oficina de información universitaria (OIU) e o Centro de posgrao (CPG).

Pola súa relevancia para o desenvolvemento da nosa actividade universitaria, detallamos a continuación algunhas das actuacións e feitos concernentes aos servizos de biblioteca e arquivo, publicacións e intercambio científico, TIC e tecnoloxías para a aprendizaxe, normalización lingüística e recursos de investigación e apoio á transferencia.




## 2.1.1. Biblioteca e Arquivo Histórico Universitario

No marco da implantación do seu Plan estratéxico 2011-14, a biblioteca da USC (BUSC) potenciouse en 2012 como centro de apoio á docencia que ten recoñecida a competencia para impartir formación en competencias informacionais, formación que se articula a través dun curso de iniciación que se comparte, mediante convenio de cooperación, coas Universidades de La Laguna, Zaragoza e Alacante.

Potenciouse, igualmente, a BUSC como recurso de apoio á investigación coa aprobación, no Consello de goberno de 22 de decembro de 2011, da normativa do Repositorio Institucional MINERVA, proxecto que ten por obxectivo reunir, arquivar, preservar, difundir e facer visible a produción documental resultante da actividade académica, investigadora e de xestión corporativa da nosa comunidade universitaria, ofrecendo acceso aberto á devandita produción e ao patrimonio bibliográfico da Universidade (no cal xa están aloxadas 1.327 obras pertencentes ao fondo histórico da BUSC e parte das revistas do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC).

Como se vén facendo dende anos atrás, para atender as necesidades do alumnado a BUSC abriu tres das súas bibliotecas (Concepción Arenal e a da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais en Santiago e a Intercentros en Lugo) en horario extraordinario nos dous períodos de exame de 2012 (xaneiro-febreiro e maio-xullo). Poden consultarse na web as [estatísticas de uso das bibliotecas en horario extraordinario](#).

Datos representativos da evolución da BUSC (2010-2012)






No 2012, e pese as restricións orzamentarias, seguiu a mellorar e ampliar a infraestrutura da BUSC (tanto os metros cadrados de bibliotecas e andeis de libre acceso como o número de postos de lectura) e o seu fondo documental, se ben a un ritmo menor que o de anos pasados, e mantívose o nivel de actividade medido polo número de préstamos a terceiros e o número de accesos ao texto completo de artigos. Revisáronse tamén as subscricións a revistas en papel, dada a aposta nos últimos anos polas revistas electrónicas.

A biblioteca desenvolve tamén un programa de formación de usuarios/as, que organizou 102 cursos no ano 2012 aos que asistiron 3.881 usuarios/as.

O Arquivo Histórico Universitario, garante de que a nosa memoria documental perdure no tempo, está adecuando os seus procedementos á nova realidade tecnolóxica, dixitalizando a bo ritmo a maior parte dos seus fondos, que xa se poden consultar en liña. O seu fondo componse de 9.000 metros lineais de documentos, sendo o universitario o máis voluminoso e ao que lle seguen os protocolos notariais de distintos distritos. Todos estes fondos foron consultados *in situ* en 2012 por preto de 1.000 investigadores/as, que fixeron máis de 60.000 consultas. Ademais, a base de datos en liña consultárona ese ano máis de 6.000 persoas, cun total de 226.000 consultas. Incrementáronse os fondos ata alcanzar as 2.927.823 unidades (entre mazos de papeis, libros, pergameos, mapas, DVD...).

Composición dos fondos do Arquivo Histórico Universitario en 2012



### 2.1.2. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico

O Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC está a centrarse nos últimos anos na publicación e difusión de obras en formato dixital, en aras dunha maior visibilización da produción bibliográfica da USC e para incrementar as súas posibilidades de comercialización. Todos os libros dixitais que a USC comercializa teñen a súa versión en papel, algo que non ocorre cos que se publican en acceso




aberto, que só se editan en formato electrónico e que solen corresponder a actas de congresos pero tamén a monografías científicas e materiais docentes.

Ao remate de 2012 o [Servizo de Publicacións](#) ofertaba vinte obras en acceso aberto (libros, monográficos ou actas de congresos), ademais de 880 teses de doutoramento e 4.700 artigos de revistas. Esta é unha modalidade que incrementa de xeito moi importante o impacto e inmediatez das publicacións, ademais de reducir, nalgúns casos a cero, os custos directos e indirectos de produción editorial.

A oferta dixital do [Servizo de Publicacións](#) complementábase coa librería dixital [Espazo Ebook](#), para libros con PVP e acceso restrinxido. A venda de libros dixitais editados polo [Servizo de Publicacións](#) canalízase tamén a través de plataformas de comercialización como [Unebook](#) e [Meubook](#), e en 2012 alcanzáronse acordos coas plataformas internacionais e-libro.net, [Google Books](#) e [Casalini Libri](#).

Ademais desta actividade no eido da edición dixital, o ano 2012 rexistrou datos históricos na publicación de teses de doutoramento, con 186 teses, dato nun 55% superior á media do período 2005–2011. Publicáronse, ademais, 22 revistas e 46 monografías.

Evolución do número de teses publicadas polo [Servizo de Publicacións](#)



Tamén no 2012 estreouse no campus de Lugo un punto para a adquisición dos libros editados polo [Servizo de Publicacións](#) da USC, que se localiza nas instalacións da [Vicexerencia](#) (planta soto da [Biblioteca Intercentros](#)). Con independencia da eventual venda de libros da USC nas librerías da cidade, a comunidade universitaria de Lugo pode aproveitar así tanto a inmediatez na adquisición dos libros do seu interese como o desconto do 25% que xa se practica dende sempre no campus compostelán.

### 2.1.3. TIC e tecnoloxías para aprendizaxe

O papel das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) segue a gañar importancia tanto no desenvolvemento das tarefas docente e investigadora coma nas de administración e xestión. A [Área TIC](#) e o [Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe \(CeTA\)](#) son as dúas unidades que lideran a mellora deste eido na nosa institución.


En 2012 a [Área TIC](#) comezou coa implantación do [III Plan estratéxico das TIC](#), aprobado en xullo, destacando, entre outras, as actuacións relacionadas co desenvolvemento da sede electrónica da USC, a evolución das ferramentas de xestión académica ([Xescampus](#)) e xestión económica ([eSICUS](#)), a implantación do novo sistema de campus virtual mediante a personalización do proxecto Moodle ou a posta en marcha dun novo sistema corporativo de tradución automática de documentos.



Deixando a un lado a aplicación das TIC na docencia e na investigación, que será abordada no apartado de Xestión social do coñecemento, destacamos aquí o seu uso nas tarefas de xestión, aínda que a importancia do impacto dos avances na implantación da administración electrónica na organización fan que este proxecto mereza unha análise específica incluída no epígrafe 2.2 sobre a calidade da xestión institucional.

Dende esta perspectiva, caben destacar tres aspectos esenciais dos que se ocupa a **Área TIC**: por unha banda, o mantemento da web institucional, que é a nosa principal vía de coñecemento e difusión cara a sociedade; en segundo lugar, o emprego das TIC nas tarefas de xestión académica, por exemplo, facilitando a realización da matrícula por internet ou o envío de cualificacións por SMS; e, en terceiro lugar, o mantemento das infraestruturas a disposición de toda a comunidade, especialmente da rede de datos, das aulas de informática e da rede sen fíos.

Neste ámbito, mantívose a dotación de aulas de informática (94 aulas de informática repartidas en 27 centros, nas que se atopan máis de 2.100 ordenadores), mentres que se mellorou a infraestrutura da rede sen fíos, tanto en capacidade como en áreas de cobertura, confirmándose a tendencia á alza iniciada xa en anos pasados respecto ao número de usuarios/as rexistrados/as. Fíxose, ademais, unha renovación parcial da infraestrutura interna de voz fixa cara a un escenario de Voz sobre IP, e unha renovación parcial da rede de datos corporativa.




No ámbito da xestión académica, no curso 2011–12 formalizáronse 27.498 matrículas a través de internet, e enviáronse 225.672 mensaxes SMS personalizadas coas súas cualificacións ao estudiantado. Implantouse tamén completamente a canalización a través da internet das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

En relación coa evolución dos accesos ás páxinas web da USC, rexistrouse en 2012 unha certa baixa na actividade total, aínda que en termos globais mantivéronse en ordes de magnitude similares. Iniciáronse durante este ano varios traballos dirixidos a reorganizar os contidos da web, especialmente no que respecta á páxina de entrada ao



portal corporativo e aos apartados que describen a oferta académica, completando desta forma a información, eliminando contidos obsoletos, e facilitando a navegación e facilidade de uso da web aos/ás usuarios/as.

Evolución das visitas ás páxinas da USC (2010–2012)



En xuño de 2012, e grazas ao traballo conxunto do [CeTA](#) e da [Área TIC](#), completouse o proxecto de migración do campus virtual da USC, que permitiu pasar dun sistema propietario que esixía un elevado pagamento anual de licenzas polo seu uso, a unha plataforma baseada no software libre Moodle.

En relación co funcionamento do [CeTA](#), no 2012 reforzouse a súa operatividade ao cubrirse, aínda que de xeito interino, os dous postos de técnicos de *e-learning* existentes e vacantes na RPT do centro. Esta decisión foi clave no proceso de migración do campus virtual e supón un apoio estratéxico ao profesorado para o seu uso nos procesos de ensino-aprendizaxe e para o mantemento e actualización das ferramentas que o sosteñen.

Destacamos tamén aquí o labor da [OSL](#) que, co obxectivo de familiarizar á comunidade universitaria co modelo do software Libre, en 2012 colaborou de novo coa ETSE na celebración do IV Fiadeiro de localización de software libre (no cal participa tamén o [SNL](#)), para a promoción da lingua galega ligada ao impulso na utilización do software libre na USC, e das I Xornadas de Software Libre na empresa, para amosar aos futuros profesionais galegos en xeral, e aos/ás alumnos/as da USC en particular, que o software libre é unha aposta de calidade á hora de afrontar un proxecto empresarial e que tamén hai moitas oportunidades no mercado laboral para o profesional experto en software libre.





#### 2.1.4. Servizo de Normalización Lingüística

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) potenciou durante o 2012 a implicación da comunidade universitaria no uso do galego con iniciativas xa consolidadas, como os Premios á calidade lingüística dos traballos académicos de curso e de fin de carreira, grao e máster (a do curso 2011–12 foi a oitava edición) ou a segunda edición do certame “Somos a curta”, organizado en colaboración coa Comisión de Normalización Lingüística de Ciencias da Comunicación e a Liga Estudiantil Galega e dirixido ao alumnado de bacharelato artístico, das diferentes escolas de Imaxe e Son e das tres universidades galegas na busca da mellor peza audiovisual curta de comedia en galego.

Tamén se puxeron en marcha novas iniciativas, como o espazo web [Proxéctate en galego](#), iniciativa que xorde das Comisións de Normalización Lingüística do Campus e Lugo e que “pretende mostrar o galego como unha oportunidade, unha lingua viva e dinámica”. Neste espazo pódense atopar colectivos e persoas que xa descubriron que o galego lles permite conseguir novas metas nos seus respectivos ámbitos, así como acceder a un amplo repertorio de materiais e ferramentas TIC.



Co apoio da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, púxose a disposición de toda a sociedade a base de datos en liña de terminoloxía técnica multilingüe da USC, [bUSCartermos](#), ata 2012 só de acceso interno dentro da USC. Trátase dunha base formada a partir da compilación, tratamento e reelaboración de dicionarios, glosarios e vocabularios técnicos que teñen o galego entre as súas linguas de traballo, así como das propostas terminolóxicas elaboradas polo SNL para darlle resposta a dúbidas concretas. En total, ofrece información sobre máis de 150.000 conceptos das áreas especializadas máis diversas, fundamentalmente en castelán, inglés e portugués, pero tamén noutras como o catalán ou o italiano.

Tamén no 2012 o SNL seguiu a completar o seu [andel de traballos terminográficos](#) coa presentación do sexto volume da súa colección ‘Vocabularios temáticos’, dedicados ao ámbito forestal, e dous novos volumes de ‘Termos esenciais’ sobre o dereito internacional e a arquitectura de computadores.

Destacamos, finalmente, a posta en marcha do programa académico [PARELLÆS](#), promovido pola área de Filoloxía Catalá da USC para fomentar o intercambio lingüístico e cultural galego–catalán entre estudantes da USC que falen galego ou catalán.



### 2.1.5. Apoio á valorización e transferencia e infraestruturas de investigación

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE), creouse en 2011 para potenciar a proxección social e económica do labor científico e investigador da USC, mediante a identificación de resultados susceptibles de valorización e protección, a promoción e especialización de xestores de transferencia e a coordinación con outras unidades organizativas de I+D (centros singulares, departamentos,...) ou o deseño dun programa propio de valorización (Acelerador de transferencia).

En 2012 deseñouse e implantouse o Plan estratéxico e Plan operativo para a AVTE da USC, nos cales se establecen obxectivos anuais con revisións trimestrais de indicadores de progreso. Trátase de implantar un cambio na dinámica de traballo da unidade que permita un mellor nivel de desempeño nos indicadores de transferencia que terán influencia no financiamento da universidade.

Reforzouse tamén a capacidade operativa da AVTE coa incorporación de tres xestores de transferencia nas áreas de Química e Tecnoloxía Farmacéutica, Biotecnoloxía, e Ciencias Físicas (incluíndo Electrónica, Óptica e TIC). Esta actuación da resposta á existencia de certo nivel de especialización na xestión dos proxectos de transferencia.

En relación coa actividade da área, que será descrita no apartado sobre Xestión social do coñecemento desta memoria, cabe destacar aquí que en 2012 redactouse o regulamento de patentes e de creación de empresas pola USC, actualmente pendente de aprobación polos órganos de goberno.

Por outra banda, en 2012 leváronse a cabo actuacións de mellora e optimización de recursos nos servizos de apoio á investigación, máis concretamente da RIAIDT (Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico), centradas en dous aspectos esenciais:

- Despois dunha análise con diversos indicadores, procedeuse a unha reestruturación orgánica e funcional de certas unidades técnicas da RIAIDT nos campus de Lugo e de Santiago (completada en 2013), ao fin de integralas nunha única Unidade Técnica, co obxectivo de alcanzar certa escala operativa e organizativa para prestar mellor atención aos/ás usuarios/as a través dunha maior interrelación e interoperatividade dende o punto de vista do persoal técnico e da instrumentación analítica necesaria.
- Iniciouse o desenvolvemento do proxecto da nova web propia da RIAIDT, co fin de dar a coñecer as súas actividades e proxectos tanto cara ao exterior coma dentro da propia USC. Estase a elaborar unha web específica para os servizos xerais de investigación, totalmente dinámica e elaborada en idiomas castelán, galego e inglés. A páxina conterá información sobre infraestruturas, persoal, normas, funcións, tarifas, etc., e crearanse seccións con novas e perfís nas redes sociais. Incorporarase tamén un catálogo de experiencias cos proxectos realizados polas distintas Unidades. As facilidades de xestión realizaranse mediante unha zona privada restrinxida mediante nome de usuario e contrasinal.



## 2.2. Xestión de calidade

O compromiso da USC cunha **xestión de calidade** tradúcese en actuacións concretas na mellora da calidade dos servizos, nos avances na implantación da administración electrónica, na mellora da transparencia e na procura da eficiencia na xestión económica da institución.


### 2.2.1. Calidade dos servizos

A aposta pola **calidade dos servizos** administrativos e de apoio á docencia e á investigación materializouse en 2012 en diversas actuacións:

- Iniciouse o proceso para acadar a certificación ISO 9001 do Selo Editorial USC Editora e renováronse as do **Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica**, o **Servizo de Xestión Académica** e o Laboratorio de Análise de Radiacións. O Laboratorio de Microbioloxía do Instituto de Investigación e Análises Alimentarias mantén tamén esta certificación en vigor, e a Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con” mantén o Selo de Compromiso cara a Excelencia Europea 200+ polo seu sistema de xestión seguindo os criterios do Modelo EFQM de Excelencia.
- Implantouse unha ferramenta informática para desenvolver as enquisas de satisfacción dos/as usuarios/as cos servizos da USC mediante cuestionarios electrónicos, comezando pola máis complexa, que é a de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.
- Ao fin de consolidar unha xestión de calidade, iniciouse un proceso de concentración dos servizos relativos á xestión académica e de servizos ao estudiantado co traslado da **Oficina de Análise de Reclamacións**, responsable de canalizar e dar resposta ás suxestións e queixas que faga o estudiantado en relación ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC, ao Pavillón Estudiantil.

Con estas e outras actuacións desenvolvidas nos últimos anos, segue a medrar a satisfacción dos/as usuarios/as cos servizos de xestión académica da USC.

Valoración media global dos/as usuarios/as dos servizos de xestión académica (2006–2012)



Podemos destacar que en 2012 a **Rede Telescopi** (rede internacional de observatorios de boas prácticas de dirección estratéxica universitaria en Latinoamérica e Europa)



recoñeceu diversas iniciativas da USC como exemplos de boas prácticas en dirección estratéxica universitaria, en concreto, o sistema de calidade da xestión académica (certificado conforme á norma ISO 9001), o de voto electrónico, a firma de actas académicas con certificados electrónicos e o proxecto de cooperación interuniversitaria da USC, no cal, xunto ás universidades de La Laguna, Zaragoza e Alacante, estase a desenvolver un curso en competencias informacionais para alumnos/as de primeiro de grao. Estas catro iniciativas pasaron a integrar un [Banco de Experiencias](#) en que a rede recolle casos de boas prácticas xunto coa información necesaria para facer posible un contacto máis próximo e operativo.

### 2.2.2. Administración electrónica

No relativo á implantación da [administración electrónica](#), en 2012 cabe destacar pola súa relevancia estratéxica o desenvolvemento técnico do proxecto de [Sede Electrónica da USC](#), sede que foi finalmente posta a disposición do público en xuño de 2013.

Ademais, iniciáronse outras actuacións, prolongándose algunhas delas ao 2013, entre as que caben destacar:

- Redacción e aprobación da [normativa sobre administración electrónica](#) na USC, destacando a política de utilización de certificados electrónicos na USC.
- Implantación do xestor de expedientes para a tramitación dos procedementos de contratación administrativa.
- Consolidación dos sistemas de votación electrónica como sistema ordinario de elección na USC.
- Regulamentación e implantación do uso do selo de órgano en actuacións administrativas automatizadas.
- Desenvolvemento dos portais de pedimentos electrónicos, e os formularios electrónicos de gasto e xestión dos ingresos.

### 2.2.3. Xestión da información

A [xestión da información](#) é outro dos aspectos centrais dunha xestión de calidade, e refírese tanto a como se xestiona a información no seo da institución coma ao xeito no cal esa información é difundida e posta á disposición dos nosos diversos [grupos de interese](#).

En relación coa mellora na xestión da información, en 2012:

- Desenvolveuse a ferramenta DataWarehouse na área académica, que é a base tecnolóxica precisa para permitir unha acaída explotación da información xerada polos sistemas de xestión que deben nutrir un sistema institucional rigoroso e fiable de información, datos e estatísticas. Esta ferramenta estenderase en anos vindeiros ás áreas de recursos humanos, investigación e infraestruturas.



- En paralelo á implantación do DataWarehouse, iniciáronse os traballos para configurar, mediante a formulación dun catálogo de datos e de requirimentos de información, o sistema institucional de datos e estatísticas, relacionado co [Sistema Integrado de Información Universitaria](#) (SIIU) e os sistemas de información da CRUE, bases do sistema estatístico do ensino superior.

- Iniciouse a revisión e mellora da xestión dos datos resultantes das actividades da USC para axustarse ás esixencias dos esquemas estatais (SIIU) e autonómicos ([Plan de financiamento do SUG](#)) e atendendo tamén as necesidades propias e, moi especialmente, procurando mellorar a captura dos datos destinados a elaborar a [memoria de responsabilidade social](#). Nesta tarefa estase a realizar un gran esforzo para racionalizar o número dos indicadores cos que se avalía o noso desempeño, tratando de establecer un conxunto homoxéneo de indicadores claramente definidos e facilmente medibles.

En relación co compromiso da USC coa transparencia e a rendición de contas, e a preocupación por coñecer os intereses da comunidade universitaria, ademais das diversas canles de comunicación existentes (web corporativa, [xornal](#), intranet, [USCTV](#), enquisas,...), en 2012:

- Na liña de incrementar e mellorar a información dispoñible sobre a xestión económica da USC, as [memorias económicas](#) inclúen datos exhaustivos sobre operacións con terceiros de importe superior a 18.000 euros, sobre o inventario de bens, sobre as subvencións e transferencias recibidas e concedidas, sobre a incorporación de créditos e sobre a xestión orzamentaria.

- Redeseñáronse os contidos de información académica na *web* e a propia páxina de inicio da *web* da USC como acción urxente a encadrar no deseño e desenvolvemento dun Plan de comunicación integral e marketing institucional, que incorporará un redeseño xeral da *web*, incluíndo nela un portal intranet, tarefas a acometer en 2013–2014.

- Co obxectivo de mellorar a efectividade da memoria de responsabilidade social, comezouse o seu redeseño cara a elaboración dun informe integrado. En xullo de 2012 publicouse a memoria correspondente ao bienio 2010–2011, na cal se fixo unha reformulación da súa estrutura coa idea de facela máis manexable e útil, recollendo a información máis relevante sobre o desempeño da USC nun informe central, e iniciando o deseño dun espazo web ([USC Responsable](#)) con información complementaria desta e das sucesivas memorias.

Cabe salientar o feito de que a USC aparece no informe [Exame de transparencia](#), publicado en 2012 pola Fundación Compromiso e Transparencia, na terceira posición no *ranking* de transparencia das universidades públicas españolas. A USC destaca pola calidade da información que ofrece sobre os seus resultados, o seu Plan estratéxico, o seu persoal e os asuntos económicos, sendo unha das únicas seis Universidades en España que publican toda esta información.



#### 2.2.4. Xestión económica

A **xestión económica** da USC caracterízase pola procura da eficiencia e do equilibrio orzamentario, e, nun contexto de redución do financiamento público, pola procura dunha maior autonomía de ingresos a través da diversificación das súas fontes de financiamento.

En 2012 leváronse a cabo as seguintes actuacións concretas relacionadas coa xestión económica:

- Revisáronse os procedementos de licitación existentes para mellorar os servizos e ao mesmo tempo acadar un aforro medio dun 10%.
- Mantívose unha política de contención do gasto e maximización de ingresos de cara a conseguir o indispensable equilibrio orzamentario. Neste senso, mantense a acción litixiosa co Estado para acadar a devolución dos ingresos do IVE soportado nas actividades de investigación básica correspondentes ao período 2005–2008, por un importe de 4 millóns de euros.
- No relativo á mellora e racionalización da xestión económico–financeira, desenvolveuse a contabilidade analítica no marco do programa CANOA, para implantala no exercicio de 2013.
- Formulouse unha análise interna do **Plan de financiamento do SUG** de cara a definir unha estratexia de negociación da USC en relación coas ferramentas de desenvolvemento e execución do Plan.
- Iniciáronse as negociacións coa Consellería de educación e ordenación universitaria do segundo contrato–programa relativo ao financiamento por resultados do **Plan de financiamento do SUG** para o período 2013–2015.
- Acadouse financiamento específico para o Centro de biomedicina experimental (**CEBEGA**) por parte da Xunta de Galicia (1,059 millóns de euros).
- Dende a **vice-reitoría de Titulacións e PDI** acadouse financiamento específico para os estudos de doutoramento, para a integración de profesores/as titulares de escola universitaria a través de subvencións do Ministerio de Educación e tamén para o desenvolvemento do EEES a través da Xunta de Galicia. Así mesmo, renovouse o convenio de Matronas co SERGAS, que inclúe un financiamento específico para a impartición na **Unidade de matronas** da USC da especialidade en enfermaría obstétrico–xinecolóxica.
- Dende a **vice-reitoría de Investigación e Innovación** desenvolvéronse varias iniciativas para fomentar a captación de recursos en convocatorias europeas e extracomunitarias. Froito destes esforzos, podemos destacar o éxito na captación de recursos en convocatorias competitivas internacionais (mais de 5,2 millóns de euros, contía inferior á obtida en 2011 pero superior á media captada nos últimos anos).





Froito destas actuacións, e concentrando os esforzos nas prioridades orzamentarias que rexen a xestión económica da USC (persoal, calidade, TIC e extensión), a nosa institución presentaba ao remate de 2012 a seguinte situación económica e patrimonial, reflectida no balance de situación e a conta do resultado económico-patrimonial. Esta información pode ser ampliada na [memoria económica 2012](#) e [informe de xestión 2012](#).

No balance de situación obsérvase que o patrimonio neto da USC ascende no ano 2012 a 401,2 millóns de euros e que as débedas con entidades financeiras a longo prazo sitúanse nos 30 millóns de euros (cunha redución de 4 millóns respecto ao exercicio 2011) e, a curto prazo, nos 4,1 millóns. O activo non corrente ascende a 462,6 millóns de euros e, o activo corrente, a 83,1 millóns, cun activo total xeral de 545,7 millóns.

#### Balance de situación 2012

<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>462.604.428,31</b>
I. Inmobilizado intanxible	1.662.336,59
II. Inmobilizado material	458.685.144,16
IV. Inversións financeiras a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas	1.373.046,17
V. Inversións financeiras a longo prazo	883.901,39
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>83.110.660,34</b>
III. Debedores e outra contas a cobrar	77.777.372,10
V. Inversións financeiras a curto prazo	1.255,13
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	5.332.033,11
<b>TOTAL ACTIVO (A+B)</b>	<b>545.715.088,65</b>
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>401.230.537,93</b>
I. Patrimonio	385.006.031,28
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>	<b>85.822.476,44</b>
I. Provisións a longo prazo	4.200.696,26
II. Débedas a longo prazo	81.621.780,18
2. Débedas con entidades de crédito	30.002.980,85
4. Outras débedas	51.618.799,33
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>58.662.074,28</b>
II. Débedas a curto prazo	13.149.987,92
2. Débedas con entidades de crédito	4.087.159,55
4. Outras débedas	9.062.828,37
IV. Acredores por operacións de xestión	12.926.742,49
1. Acredores por operacións de xestión	5.351.377,16
2. Outras contas a pagar	4.146.505,62
3. Administracións Públicas	3.428.859,71
V. Axustes por periodificación	32.585.343,87
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)</b>	<b>545.715.088,65</b>



Na conta do resultado económico patrimonial do exercicio 2012 pódese observar un resultado negativo derivado das operacións non financeiras de -3,56 millóns de euros, que se debe fundamentalmente ao resultado negativo (desaforro) de xestión ordinaria de -3,68 millóns de euros, ao ser os gastos totais de xestión ordinaria superiores aos ingresos nesa cantidade. Este resultado negativo da xestión ordinaria é, en calquera caso, superior en máis de 4 millóns de euros ao do exercicio 2011. Tendo en conta que o resultado das operacións financeiras é de pouco máis de 50 mil euros, obtense finalmente un resultado neto do exercicio (desaforro) de -3,55 millóns de euros (un millón de euros superior ao obtido en 2011).

#### Conta do resultado económico-patrimonial 2012


1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais	182.130,46
2. Tranferencias e subvencións recibidas	195.209.910,97
3. Ventas netas e prestación de servizos	40.307.747,83
a) Ventas netas	63.216,28
b) Prestacións de servizos	40.244.531,55
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	4.246.760,07
7. Exceso de provisións	0
<b>A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+5+6+7)</b>	<b>239.946.549,33</b>
8. Gastos de persoal	-167.535.211,01
9. Transferencias e subvencións concedidas	-9.120.568,97
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-50.881.211,78
a) Suministros e servizos exteriores	-50.363.353,37
b) Tributos	-517.858,41
12. Amortización do inmovilizado	-16.085.985,31
<b>B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+10+11+12)</b>	<b>-243.622.977,07</b>
<b>I Resultado (Aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)</b>	<b>-3.676.427,74</b>
13. Deterioro de valor e resultados por enaxenación do inmovilizado non financeiro e activos	-66.472,95
14. Outras partidas non ordinarias	178.683,33
<b>II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)</b>	<b>-3.564.217,36</b>
15. Ingresos financeiros	565.696,6
16. Gastos financeiros	-747.579,86
20. Deterioro de valor, baixas e enaxenacións de activos e pasivos financeiros	234.060,87
<b>III Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)</b>	<b>52.177,61</b>
<b>IV Resultado (Aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)</b>	<b>-3.512.039,75</b>

Se analizamos algúns dos ratios representativos da situación económico-patrimonial da USC, atopámonos ao peche de 2012 con maiores tensións sobre a liquidez inmediata, debido á forte redución do efectivo dispoñible, se ben a liquidez xeral mantén a folgura adquirida nos últimos anos, grazas á diminución do pasivo a curto prazo, que permite tamén manter nun nivel de equilibrio a relación de endebedamento a curto prazo. Débese ter en conta que as cifras do exercicio 2010 non resultan



directamente comparables coas do 2011 e 2012, xa que no 2011 aplicouse por primeira vez o Plan xeral de contabilidade pública 2010 (orde EHA/1037/2010, de 13 de abril), mentres que as contas de 2010 elaboráronse baixo o plan de 1994.


**Ratios de liquidez (2010–2012)**



No tocante á liquidación orzamentaria, dado que o importe das obrigas recoñecidas netas ascende a 252,59 millóns de euros e o importe de dereitos recoñecidos netos a 243,66 millóns, o resultado orzamentario do exercicio foi negativo, de 8,94 millóns de euros (mellorando en máis de 14,5 millóns de euros ao de 2011).

Atendendo á composición dos dereitos recoñecidos, destaca o seu leve incremento en 2012 en relación co exercicio 2011, pese á redución de preto de 8 millóns de euros nos dereitos recoñecidos por prezos públicos e transferencias correntes, grazas aos dereitos recoñecidos por variación dos pasivos financeiros.


**Evolución dos dereitos recoñecidos (2010–2012) e composición en 2012**



Dentro do capítulo de prezos públicos e outros ingresos, o 52% corresponde aos dereitos recoñecidos por prezos públicos de servizos académicos. A súa desagregación reflicte unha leve melloría da recadación nos estudos oficiais, pero que se ve máis que compensada pola baixada no resto dos estudos, especialmente acusada nos cursos de posgrao propio e formación continua. Tan só o [Centro de Linguas Modernas](#) conseguiu incrementar a súa achega respecto do exercicio 2011.




### Desagregación de derechos reconocidos por prezos públicos por servizos académicos (2010–2012)



No tocante ás transferencias, as correntes experimentan unha diminución de algo máis de 5 millóns de euros respecto ao 2011 e, en particular, as procedentes da Xunta de Galicia redúcense en máis de sete millóns, mentres que as proporcionadas polo Estado, as empresas privadas e outras institucións aumentan en 2,3 millóns de euros. As transferencias de capital se manteñen case sen variacións, pese as menores achegas da administración do Estado (que se reducen en 5 millóns de euros), xa que estas víronse compensadas polos fondos procedentes do exterior.

### Evolución dos dereitos recoñecidos por transferencias (2010–2012)



No lado das obrigas, a necesaria contención do gasto levounos a acadar, segundo unha clasificación por capítulos, unha redución de algo máis de 11 millóns nos gastos correntes e 3 millóns nos investimentos reais. Na clasificación por funciónsponse de manifesto que, aínda que o maior recorte en valores absolutos corresponde á produción de infraestruturas e os servizos de apoio á docencia e á investigación (cun descenso de 9,5 millóns de euros), en termos relativos o esforzo de contención do gasto máis grande fíxose en relación coa asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria, que experimenta unha redución do 17,2% respecto do 2011.


Nesta última clasificación funcional, convén aclarar que o grupo de “Produción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación”, concentra a maior parte do



gasto porque nel está incluído integramente o capítulo de gastos de persoal. No grupo de “Docencia universitaria” só están incluídos os créditos dos estudos propios e partidas específicas de posgraos oficiais (másteres, cursos de especialización, etc.) e, no grupo de “Investigación” inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación.

É de salientar o esforzo da comunidade universitaria para adaptarse á situación actual de contracción do orzamento universitario que por terceiro ano estamos a vivir. Como se reflectirá nos seguintes apartados desta memoria, a pesar destas restricións, que nalgúns ámbitos, como o da extensión, teñen obrigado a reducir a intensidade da actividade desenvolvida, a USC mantén o seu compromiso coa súa tripla misión universitaria (docencia, investigación e transferencia e responsabilidade social) co mesmo e incluso maior empeño e eficacia que no pasado.

Evolución de obrigas contraídas (2010–2012) e composición de gastos correntes 2012



Clasificación por funcións









► **xestión  
do capital  
humano**





### 3 XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

O ámbito da **xestión do capital humano** abrangue as diversas actuacións a desenvolver para satisfacer as expectativas e necesidades do noso persoal e axudar a súa contribución ao cumprimento da nosa misión universitaria.

Por unha banda, na USC tratamos de garantir a xustiza e equidade nos procesos de selección e promoción do noso persoal e facer efectivo o seu dereito á información e á participación nas decisións de goberno, mantendo un diálogo permanente coas súas representacións sindicais.

Preocupámonos do mesmo xeito por ofrecer diversos beneficios sociais aos nosos traballadores/as, así como un axeitado medio de traballo en que atopen á súa disposición todos os medios e recursos necesarios para desenvolver as súas tarefas baixo criterios de calidade, eficiencia e eficacia e con garantías de seguridade e saúde.

Ademais, na USC mantemos un claro compromiso coa formación e capacitación do noso persoal, que non só persegue a mellora das competencias e aptitudes para o desempeño do seu traballo senón tamén o seu propio enriquecemento e desenvolvemento persoal.

Todas estas premisas estiveron presentes na USC na definición e aplicación das políticas de recursos humanos durante o ano 2012. Con todo, os esforzos neste ámbito víronse en grande medida condicionados pola contracción do financiamento e polas restricións normativas impostas dende o goberno autonómico e central.

Somos plenamente conscientes de que neste convulso contexto o noso persoal está a experimentar unha sensación de malestar ante os ataques non só aos dereitos adquiridos en anos pasados, senón mesmo a súa propia imaxe e consideración polo conxunto da sociedade, con mensaxes procedentes de diferentes medios que invitan a pensar que as universidades son entes ineficientes e pouco merecedores dos escasos recursos que se lles fan chegar. Esténdese tamén certo sentimento de desánimo entre o persoal das universidades, cando constatan a escasa capacidade de manobra que os seus equipos de goberno posúen para facer fronte ás imposicións que lles chegan dende as administracións central e autonómica.

O certo é que os cambios e novas esixencias no ámbito da educación superior están a requirir un grande esforzo por parte do noso persoal, que ve como a súa carga de traballo non deixa de medrar mentres que os recursos dispoñibles para levala a cabo se reducen de xeito continuado. E o certo é, tamén, que, pese ao enfado e o desánimo, o persoal das universidades e, en particular, o persoal da USC, está a demostrar unha admirable responsabilidade social, desenvolvendo as súas funcións coa mesma eficiencia e eficacia demostrada en tempos pasados, permitindo que a nosa institución se manteña entre as de maior impacto científico internacional.



O exercicio 2012 veu marcado de xeito especial polas limitacións á contratación e estabilización do persoal e pola rebaixa dos dereitos económicos dos/as traballadores/as públicos (supresión da paga extra de decembro establecida polo Real Decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo).

Ás preocupacións que xa se xeraron ao remate do 2011 polo futuro dos/as investigadores/as dos programas Isidro Parga Pondal (IPP) e Ramón y Cajal (RyC), sumáronse no 2012 as provocadas polas decisións, tomadas a instancia dos gobernos central e autonómico, de anular a convocatoria de varias prazas de persoal docente e investigador (PDI).

En relación cos/as 17 investigadores/as do programa IPP do ano 2006 aos que lles rematou o contrato a finais de 2011, os criterios aprobados polo Consello de Goberno do 23 de marzo de 2012 permitiron á tramitación de 15 prazas estables en novembro de 2012, xunto con outra para a estabilización dun investigador RyC.

Por outra banda, en xullo de 2012 a USC foi requirida polo Ministerio de Facenda para revogar o concurso de acceso a 16 prazas de profesor titular convocadas en xuño, xa que, segundo o Ministerio, a USC só podía renovar 3 das 27 prazas que quedaron libres no curso 2011–12 por xubilación ou falecemento do seu titular, para non superar o límite do 10% de reposición de baixas marcado polos orzamentos do Estado, a pesar de que 15 das 16 prazas que se convocaban poderían non supoñer un incremento da masa salarial. Tras desestimarse todas as alegacións presentadas pola USC, esta viuse obrigada en outubro a anular definitivamente a convocatoria.

Ademais, a finais de outubro o goberno da USC decidiu suspender preventivamente o concurso público aprobado no mes de setembro para 33 prazas de profesorado contratado doutor, unha vez superada a cota de prazas autorizada polo goberno central. O motivo da paralización residiu nas obxeccións da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda á convocatoria, ao considerar que non se cinguía ás prescricións orzamentarias no capítulo de persoal que afectan a todas as administracións públicas. A comezos de novembro a Xunta de Galicia autorizou ao goberno da USC a convocar 8 das 33 prazas de consolidación de PDI ofertadas: cinco ocupadas nese momento por investigadores/as do programa RyC, un Starting Grant e dúas de interinos de longa duración.

Neste ano, a aplicación dos Reais decretos–leis 14/2012 e 20/2012 enrareceu as relacións entre o equipo de goberno e o persoal, dando lugar a protestas por parte de todo o persoal, especialmente do persoal de administración e servizos, ante a obriga de abordar diversas actuacións relacionadas co horario de traballo, permisos e vacacións. Esta situación agravouse ante a divulgación do proxecto de Lei de orzamentos da Xunta de Galicia, que se consolidaría coa publicación da Lei 2/2013, pola que se minoraba a masa salarial e que supoñía recortes nas retribucións de todo o persoal da Universidade.

Aínda que o goberno da USC aplicou grandes esforzos para desbloquear estas situacións e defender os dereitos do seu persoal, e procurou facilitar as negociacións




cos colectivos afectados e acadar o maior grado de consenso, non foi posible chegar a un entendemento total nin con os gobernos central e autonómico nin cos representantes do persoal, de xeito que moitos dos/as afectados/as pola anulación das convocatorias de prazas seguen a mediados de 2013 sen ver resolta a súa situación, e todo o persoal está a soportar os efectos dos recortes impostos pola Administración. A USC ten, por iso, como principal prioridade na actualidade, a busca de solucións que garantan a estabilización e promoción do persoal e o mantemento das súas condicións laborais e económicas.


Tendo moi presente esta complexa realidade, revisamos a continuación as principais actuacións e resultados relacionados coa xestión do noso capital humano.

### 3.1. Perfil do persoal

Cómpre caracterizar en primeiro lugar o **persoal** da USC en base ao seu volume total e a súa distribución por sexos e por idades, para pór de manifesto a situación en materia de igualdade entre mulleres e homes e en materia de rotación do cadro de persoal.



Con respecto á presenza de mulleres, en 2012 estas constituían a maioría do PAS (57%), mentres que no PDI, aínda que a súa presenza está aumentando de xeito progresivo, tan só representaban o 40,1%.




A idade media do PDI e do PAS segue a mostrar unha tendencia crecente, o que resulta, especialmente no caso do PDI, unha chamada de atención para que as autoridades educativas faciliten a posta en práctica de políticas axeitadas que permitan a promoción da carreira docente e investigadora e así garantir o relevo do persoal.

Centrándonos no PDI, este ten que facer fronte a unha longa carreira docente e investigadora na cal os resultados acadados no eido académico e científico determinan a súa consolidación nas diferentes categorías docentes previstas pola normativa. A composición do cadro de PDI da USC reflicte a súa gran cualificación e o esforzo por consolidar postos de traballo nas máis altas categorías da carreira docente.

Ao remate de 2012 aproximadamente o 68,2% do PDI era funcionario e o 84,5% posuía o título de doutor, ambas cifras 3 puntos porcentuais por riba das de 2011.

**Evolución da composición do PDI por categoría e xénero (2010-2012)**



As porcentaxes de mulleres doutoras e funcionarias seguen a mostrar unha progresión positiva e, igualmente, aumentou a presenza das mulleres na figura de persoal laboral, aínda que en todos os casos seguen a estar en minoría con respecto aos homes.






Con respecto á distribución do PDI por grandes áreas de coñecemento, a área de Ensinanzas Técnicas segue a ser a que conta cun menor número de profesores/as (o 6% do total do PDI) e cunha menor porcentaxe de profesoras e investigadoras (25,8% en 2012), debido a que o número de mulleres que cursan titulacións de carácter técnico é máis baixo que no resto das áreas. A área de Ciencias da Saúde aglutina a maior parte do PDI (o 27,4%), e as de Humanidades e Ciencias Xurídicas e Sociais son as que contan con maior representación feminina (47% e 46% respectivamente).


Segundo a distribución do PDI por categorías e xénero, pode observarse que case a metade do noso PDI é titular de Universidade ou Escola, e que, aínda que a presenza de mulleres é inferior á masculina nas categorías máis altas, de xeito progresivo está a incrementarse nas categorías de catedráticas e titulares de universidade e de contratadas doutoras, onde xa superan a presenza masculina.

### Distribución de PDI por áreas de coñecemento, categorías e xénero (2012)


Distribución do PDI en 2012 por áreas de coñecemento (e % de mulleres na área)



Distribución do PDI en 2012 por categorías (e % de mulleres na categoría)



Distribución do PDI funcionario en 2012 por categorías e áreas de coñecemento (e % de mulleres na categoría e área)




Atendendo á distribución das categorías de PDI funcionario por áreas de coñecemento, compróbase que as áreas de Ensinanzas Técnicas e Ciencias Xurídicas e Sociais concentran maiores porcentaxes de titulares de escola e, en consecuencia, menores porcentaxes de catedráticos e titulares de universidade. Obsérvase certa estabilización ou incluso incremento nas porcentaxes de mulleres nas diversas categorías en case



todas as áreas, aínda que isto podería vir motivado polas xubilacións de persoal masculino máis que pola promoción das mulleres ás categorías de catedrática ou titular de universidade, especialmente tendo en conta que esta última oportunidade estivo fortemente limitada no 2012. A área de Ensinanzas Técnicas continúa a ser a de menor representación feminina en todas as categorías de PDI funcionario.


No ámbito do PAS, grazas aos compromisos de estabilización aumenta lixeiramente o peso do persoal funcionario e o persoal laboral fixo, que representaban un 52,9% e un 31,4% en 2011. A diferenza do que acontece co PDI, a representación feminina é superior á masculina no PAS (excepto no persoal laboral fixo), destacando a alta porcentaxe de mulleres no cadro do persoal funcionario.

Distribución do PAS por categorías (2010–2012)



Na distribución do PAS laboral por categorías, obsérvase que os grupos III e IV concentran a maior parte do cadro de PAS laboral, mentres que os grupos I e II, que inclúen os perfís profesionais de máis cualificación, representan unha proporción menor.

Distribución do PAS laboral por categorías en 2012




Ademais do PDI e o PAS, para o desenvolvemento da súa actividade investigadora na USC contamos con persoas contratadas con cargo a actividades de I+D e de bolseiros/as. Pese as dificultades que atravesamos a investigación pola redución do financiamento e as convocatorias de captación de persoal investigador, a aposta da



USC pola investigación e a promoción da carreira investigadora reflíctese no incremento experimentado nos últimos anos no número de persoas contratadas con cargo a actividades de I+D, reducíndose, pola contra, o de bolseiros/as, cunha brusca caída en 2012 que afectou negativamente, ademais, á presenza feminina neste colectivo. O 24% dos/as bolseiros/as e o 16% dos/as contratados/as desenvolveron en 2012 a súa actividade no campus de Lugo.

Evolución do persoal con cargo a actividades de I+D (2005–2012)



### 3.2. Formación

Continuouse cos programas de formación e capacitación do noso persoal (Programa de formación e innovación docente para o PDI (PFID) e Programa de accións formativas para o PAS).

Dende o PFID desenvolvéronse numerosas actividades de formación do PDI baixo distintas modalidades: cursos (86 impartidos, 19 nos dous campus), formación en centros, e grupos e actividades de innovación docente. No curso 2011–12 tiveron singular importancia as actividades orientadas ao desenvolvemento de competencias relacionadas coa docencia apoiada nas novas tecnoloxías (elaboración de contidos dixitais, aplicación de ferramentas para a titoría *on-line*, xestión de grupos nas sesións interactivas, uso didáctico das ferramentas do novo campus virtual, etc.), as orientadas ás metodoloxías para a elaboración dos Traballo fin de grao e o aprendizaxe cooperativo, e outras máis transversais como o desenvolvemento de habilidades para a resolución de conflitos, a motivación e desenvolvemento de competencias emprendedoras e de liderado ou a prevención das alteracións da voz, en colaboración co Servizo de Prevención de Riscos, a Oficina de Igualdade de Xénero e a Oficina de Desenvolvemento Sostible da USC.


No marco das accións formativas do PAS, en 2012 leváronse a cabo as seguintes actuacións:



- Iniciouse unha diagnose das necesidades formativas do PAS, potenciando tanto a formación presencial como a semipresencial e a telemática, incidindo no coñecemento de novas tecnoloxías e de linguas estranxeiras.
- Desenvolveuse unha actividade formativa obrigatoria dirixida ao persoal vinculado á **Oficina de información universitaria**, para adecuar as esixencias do posto co perfil dos seus titulares.
- Acadáronse acordos de colaboración con outras administracións, particularmente coa **Escola Galega de Administración Pública**, para facilitar a formación do PAS.

Baixo o **Programa de accións formativas para o PAS**, desenvolvéronse 68 cursos con 998 asistentes (tal e como recolle a **memoria 2012 do Plan**). O maior número de cursos ofertouse na área operativa, con temáticas diversas sobre lingua galega, lexislación, informática, lingua estranxeira, bibliotecas, recursos humanos e infraestruturas ou urbanismo e mantemento.

Nº de asistentes no Plan de formación do PAS 2012



### 3.3. Igualdade e conciliación

O compromiso da USC coa **igualdade** de oportunidades entre mulleres e homes levouna a ser das primeiras universidades españolas en contar cunha **Oficina de Igualdade de Xénero (OIX)** e en aprobar un Plan estratéxico de igualdade, que cubriu o período 2009–2011. Unha vez pechado o horizonte temporal deste **I PEIOMH** (Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes), levouse a cabo a avaliación do seu grao de cumprimento, que puxo de manifesto que un 47% das actuacións previstas no plan se cumpriron de modo íntegro e un 25% de xeito parcial.

Para a posta en marcha da elaboración do **II PEIOMH**, ademais de ter en conta os resultados desta avaliación, levouse a cabo a **actualización do diagnóstico** da situación da USC en materia de igualdade, e constituíuse unha comisión redactora organizada en catro grupos temáticos.




Esta actualización do diagnóstico puxo de manifesto varias notas definitorias da realidade da USC en materia de igualdade, tomando como referencia a evolución no período 2006–2010:

- O PAS é o colectivo cun maior equilibrio de xénero, pois as mulleres son maioría (56,9% ao remate de 2012, cun lixeiro retroceso dun punto porcentual respecto ao 2010), cunha crecente presenza feminina nas categorías máis altas, xa que no último lustro pasaron a ocupar a maioría do persoal dos grupos 1 e A1.
- No PDI, elas representan en 2012 o 40,2% (38,61% en 2010), o que indica que aínda queda camiño por percorrer, a pesar de que a porcentaxe de catedráticas crece de xeito notable, alcanzando en 2012 o 20,3% do total (o 16,29% en 2010), e a porcentaxe de contratadas doutoras sitúase no 54,7% ao remate de 2012.
- A participación das mulleres nos órganos de goberno amosa unha evolución positiva na composición dos equipos directivos dos centros, cunha porcentaxe do 39,5% a finais de 2010, evolución que non se reflicte na composición do equipo de goberno (33,3% en 2012, tras terse comezado o mandado cun histórico 53,3%), do Claustro (35,33% en 2010) ou do Consello de Goberno (33,3% en 2011).
- O número de mulleres que coordinan grupos de investigación era do 33,24% en 2010, aínda por debaixo do seu peso no conxunto do PDI. Sobre a investigación específica de xénero, son polo menos 16 os grupos que desenvolven algunha liña de traballo que inclúe a perspectiva de xénero. Toda esta produción concéntrase maioritariamente en grupos de Ciencias Sociais e Xurídicas, por un de Ciencias da Saúde e outro de Humanidades.
- Na docencia, medra o número de materias que declaran ter incorporada a perspectiva de xénero, máis de cen nos graos e máis de cincuenta nos másteres.

Ademais do inicio dos traballos para a elaboración do II PEIOMH, en 2012 fixéronse avances na comunicación institucional en materia de igualdade de xénero, entre os que destacamos:

- Publicouse a [Guía de criterios de linguaxe non sexista](#), elaborada polo SNL e a OIX co obxecto de achegar á comunidade universitaria unha serie de propostas para un emprego da lingua respectuoso coa igualdade entre xéneros, e foi difundida e explicada a través de cursos do PFID e o PAS (dentro do [Programa de accións formativas](#)).
- Explicouse a [actualización do diagnóstico](#) de igualdade e os resultados da avaliación do I PEIOMH mediante a visita a diversos centros da USC, a participación en congresos, a presentación á prensa, a distribución de trípticos e a través da web da OIX.



- Realizouse un acto de recoñecemento da súa traxectoria ao Seminario Muller e Universidade, e un acto conmemorativo do Día da muller traballadora e do Día contra a violencia de xénero, este último con dúas actividades dirixidas ao alumnado da USC: unha campaña de sensibilización e a convocatoria do I Concurso de relatos curtos contra a violencia de xénero.


Unha vez máis, en 2012 fomentouse a introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación coa convocatoria da III Edición dos premios que incentivan as iniciativas do PDI nesta liña. Tamén se celebrou a I Xornada de investigación e xénero na USC, como punto de encontro e visibilidade das investigacións en problemáticas de xénero levadas a cabo por equipos de distintas disciplinas da USC.

No marco da conciliación da vida laboral coa persoal e familiar, a USC facilita ao seu persoal varias posibilidades: a Escola Infantil Breogán no campus de Santiago, as axudas para a escolarización de nenos de 0 a 3 anos no campus de Lugo (“cheque-bebé”, ao que se destinaron 38.575 euros en 2012), ou o programa Verán CampUSC, xestionado pola Fundación USC Deportiva.





Evolución da oferta de Escola Infantil Breogán (curso 2004-05 a 2011-12)



O programa Verán CampUSC desenvolveu en 2012 a súa cuarta edición en Santiago. O número de participantes aumentou un 18,6% respecto á edición de 2011, cunha oferta de cinco quendas de xuño a setembro nas que se desenvolveron distintas actividades deportivas e de ocio e tempo libre. O programa desenvolveuse coa colaboración da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua, o [Servizo de Deportes](#) e a [OIX](#), xunto co apoio de diversas entidades (Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco, Asociación Compostela Esgrima, Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Multiusos Fontes do Sar, Monbús e Cabreiroá).

### 3.4. Selección e promoción, compensación e beneficios sociais

Como xa indicabamos na introdución deste capítulo, as nosas políticas de [selección](#), [promoción](#), [compensación](#) e [beneficios sociais](#) víronse comprometidas en 2012 pola redución do financiamento e polas normas estatais e autonómicas que limitaron a nosa autonomía en materia de convocatoria de prazas e afectaron ás retribucións dos/as nosos/as traballadores/as.

Pese a todo, en 2012 déronse pasos para mellorar a xestión do noso cadro de persoal. Ao longo do primeiro trimestre do 2012 foron elaborados e, posteriormente, aprobados polo Consello de Goberno, os criterios para o cálculo do cadro de PDI, tendo como marco de referencia o ano 2015 (no cal estará rematada a implantación dos graos) e integrando por primeira vez o recoñecemento da actividade investigadora no cálculo de necesidades. En base a ditos criterios fíxose público en xullo de 2012 o primeiro [cadro](#) de aproximación ás necesidades docentes de todas as áreas de coñecemento da USC.

No que respecta ao PAS, e de cara á súa operatividade no bienio 2013-2014, iniciouse a elaboración de distintas propostas de organización co fin de reestruturar servizos para garantir o apoio ao desenvolvemento das actividades de docencia, transferencia do coñecemento e investigación. Neste senso, salientamos os criterios de reorganización estrutural das seguintes unidades: Unidade de apoio á xestión de





centros e departamentos; a Área de conserxería; os rexistros; a Biblioteca Universitaria e o [Servizo de Xestión Académica](#). Ademais, como xa se dixo con anterioridade, culminouse a redefinición da [AVTE](#), a [OIU](#) e o [CPG](#).

En relación co persoal contratado con cargo a actividades de investigación, iniciáronse negociacións para fixar o marco normativo deste colectivo, no que atinxe as categorías e abano de retribucións, aínda que esta negociación quedou retardada pola aplicación de diversas medidas procedentes das normas de carácter básico xa mencionadas. Iniciouse tamén un estudo do persoal contratado con cargo a recursos, alleo ao Capítulo I, para determinar necesidades estruturais, pero non foi posible materializalo pola imposibilidade de incrementar a masa salarial, conforme ao determinado polas normas orzamentarias.

A USC participou nos programas de recursos humanos autonómicos, estatais e europeos que permiten captar investigadores e investigadoras de valía recoñecida. Podemos destacar a tramitación de 15 solicitudes nas accións Marie Curie do Sétimo Programa Marco, máis dun centenar nos programas nacionais e máis de trescentas nos programas autonómicos.

No tocante á promoción e estabilización do persoal, e no que respecta ao PDI, nos primeiros meses do 2012 acadáronse acordos sobre os procedementos de construción dunha carreira profesional universitaria para os membros deste colectivo en base ás figuras establecidas na [LOU](#) e na [LOCTI](#). Engadido ao xa explicado na introdución deste capítulo, podemos destacar:

- Acordouse que os/as interinos/as por vacante dependerían de criterios estruturais, convocándose prazas definitivas nas áreas con necesidades segundo as posibilidades normativas e orzamentarias de cada momento.
- Con respecto aos/ás actuais axudantes, ao remate do seu contrato garántese a creación dunha praza no cadro de persoal condicionada á súa acreditación.
- Aos/ás asociados/as LRU con contrato administrativo a tempo parcial que pertencesen a áreas nas que no Plan docente anual 2012-13 existise necesidade conxuntural adaptóuselles o contrato ata o 30 de setembro de 2013. Aos que tiñan asignada docencia no segundo cuadrimestre do 2011-12 e para os que non se confirmou necesidade no 2012-13, adaptóuselles ata o 30 de setembro de 2012.
- No referido aos/ás asociados/as a tempo completo, decidiuse que se lles crearía unha praza aos/ás doutores/as acreditados/as a data de 31 de xullo, e mesmo aos/ás que nesa data aínda non recibiran resposta. Para as restantes prazas vacantes a partir do 4 de maio de 2012 crearíanse e convocaríanse prazas equivalentes [LOU](#) (axudante doutor) en función das necesidades.

Non obstante, a aprobación de novas normas como o [RDL 14/2012](#) ou a [Lei de orzamentos do estado](#), supuxo de facto deixar sen efecto estes acordos, polo que será necesario retomar este esforzo, tendo en conta a normativa vixente, nos vindeiros anos.




No caso do PAS, continuouse cos procesos de promoción iniciados no curso 2010–11 (no que se resolveu a convocatoria do concurso de méritos de persoal funcionario, de 147 postos), e no 2012 convocáronse e resolvéronse para o PAS laboral 5 concursos específicos nos que se ofertaron 15 postos e 3 concursos permanentes cunha oferta de 140 postos. Tamén se convocaron un número considerable de procesos selectivos, uns xa concluídos e outros pendentes de finalizar, dos que 2 foron de PAS funcionario cunha oferta de 52 prazas e 12 de PAS laboral nos que se ofertaron 42 prazas.

A nova normativa e a contracción do financiamento afectou tamén a algúns dos beneficios sociais postos pola USC a disposición do seu persoal. Así, por imperativo legal no 2012 non houbo achegas ao plan de pensións. E ante a necesidade de controlar os gastos de persoal, reduciuse o custo da póliza de seguro de vida do PAS nun 7%.

O programa de intercambio de vacacións do PAS goza dunha ampla acollida entre o noso persoal, se ben no 2012 reduciuse a participación do PAS da USC (no 2011, ocupáronse 554 das 560 prazas ofertadas) e aumentou a do PAS doutras universidades que cubriu unha praza na USC.

Programa de intercambio de vacacións do PAS 2012



### 3.5. Seguridade e saúde

A preocupación pola **seguridade e saúde** do noso persoal materialízase nun conxunto de actuacións plenamente instauradas e sistematizadas na nosa estrutura organizativa, esencialmente a través do **Servizo de Prevención de Riscos** e o **Servizo de Vixilancia da Saúde**.

En relación coa **seguridade no traballo**, en 2012 leváronse a cabo as seguintes accións:

- Aprobouse o novo **Plan de prevención de riscos laborais**.
- Renováronse as certificacións OHSAS 18001 dos sistemas de xestión da seguridade e saúde laboral de oito centros e engadiuse un novo centro coa certificación da ETSE, que se converteu así no primeiro centro docente e investigador da USC recoñecido con



esta certificación. Asemade o **Servizo de Prevención de Riscos** renovou a certificación do seu propio sistema de xestión ambiental acorde coa Norma ISO 14001.


- Para a consecución dos obxectivos de mantemento do sistema de xestión de seguridade e saúde e a busca da súa mellora continua, o **Servizo de Prevención de Riscos** levou a cabo as actividades planificadas para o 2012, entre as que cabe sinalar: asesoramento para implantación do **Plan de prevención de riscos laborais** nos centros, programación e impartición da formación de prevención, elaboración de documentación e normas de seguridade, xestión de equipos de protección individual e asesoramento en aplicacións de desinfección, desinsectación e desratización, coordinación de actividades empresariais e adquisición de equipos e produtos.

- Priorizáronse as actuacións en materia de seguridade e saúde laboral en función dos resultados da avaliación de riscos dos distintos centros.


En 2012 desenvolvéronse 3 novas avaliacións iniciais de risco, 9 actualizacións de avaliacións iniciais e un total de 17 avaliacións específicas nas áreas de Hixiene, Ergonomía e Psicosocioloxía. Realizouse a posta en conformidade de 152 equipos de traballo situados en diferentes centros e servizos, implantáronse novos plans de autoprotección en 3 centros e actualizáronse os de 11 centros.

#### Actividade preventiva en 2012

Número de avaliacións de risco sometidas a consulta do Comité de Seguridade e Saúde




Número de avaliacións de risco específicas por área




■ Avaliacións iniciais de risco ■ Actualizacións das avaliacións iniciais de risco ■ Área de Psicosocioloxía ■ Área de Hixiene ■ Área de Ergonomía

Nº de equipos postos en conformidade



Plans de autoprotección



■ Nº de centros nos que se elaboraron ■ Nº de centros nos que se realizou o mantemento e actualización

Ademais, a USC trata de consolidar unha cultura de prevención desenvolvendo diversas accións formativas en prevención de riscos e equipos de emerxencia. En 2012 impartíronse 153 horas de formación en prevención de riscos a 344 asistentes, e 171 horas de formación en equipos de emerxencia a 292 asistentes.



### Formación en equipos de emerxencia 2012


Tipo de curso	PA	D	C
Curso de primeiros auxilios para equipos de emerxencia	8	3	3
Curso de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia: actuacións en caso de emerxencia	142	12	9
Curso de situacións de emerxencia para equipos de emerxencia: comportamento humano en caso de emerxencia	142	6	9

PA: Persoal Asistente  
 D: Duración total (horas)  
 C: Número de centros

En relación coa **vixilancia da saúde**, no **Servizo de Vixilancia da Saúde** realízanse recoñecementos preventivos a todo o persoal da Universidade, de carácter periódico e personalizado, previo á contratación, a petición da persoa interesada ou a petición de terceiros.

No período 2010–2011 incrementáronse dun xeito notable os recoñecementos periódicos ordinarios, os recoñecementos iniciais por incorporación de novos/as traballadores/as, e o número de vacinacións.

### Actividade preventiva: evolución 2010–2012 e recoñecementos médicos en 2012




No marco desta cultura de prevención, leváronse tamén a cabo varias campañas de diagnóstico precoz de enfermidades (con 413 análises de sangue en feces para a detección de cancro de colon e 1.088 probas de tensión ocular para a detección de glaucoma).

Na mesma liña de prevención, adquiríronse 40 desfibriladores con destino aos diferentes centros da universidade, polo que a USC pode considerarse un "espazo cardio protexido".



As prácticas preventivas realizadas na USC tradúcense nun número reducido de accidentes laborais. No ano 2012 producíronse 3 accidentes “in itinere” e 10 no centro de traballo, cun total de 422 días de baixa por sinistralidade, sendo a duración media das baixas de 32 días.

### Sinistralidade laboral 2010–2012





► **xestión social  
do coñecemento**





## 4 XESTIÓN SOCIAL DO COÑECEMENTO

Na USC entendemos que temos o deber de realizar unha xestión social do coñecemento que atesouramos e desenvolvemos a través das nosas actividades docente e investigadora. O ámbito da **xestión social do coñecemento** do noso modelo de responsabilidade social integra, así, todas as actuacións orientadas a garantir a calidade e a pertinencia da formación que impartimos e da investigación que levamos a cabo, e a procurar a transferencia de coñecemento cara a sociedade para contribuír á mellora do seu benestar.

Neste ámbito, o noso estudiantado adquire un papel protagonista, xa que a súa formación como futuros/as traballadores/as non só require desenvolver de forma axeitada o proceso de ensino–aprendizaxe, senón tamén favorecer o seu crecemento persoal e facilitar a súa integración tanto na vida universitaria coma no mundo profesional.

É preciso recoñecer tamén a importancia que o noso persoal, en particular o persoal docente e investigador, posúe neste ámbito, pois do seu ben facer, a súa entrega e o seu esforzo depende o éxito do noso compromiso de xestión social do coñecemento.

En 2012 a nosa actividade docente e investigadora viu marcada polo avance na adaptación da oferta ao EEES e aos requirimentos dun contexto cada vez máis competitivo, esixente e globalizado, e polos dramáticos recortes no eido da I+D+i. Revisamos nos seguintes epígrafes os principais feitos e actuacións deste período.

### 4.1. Xestión social do coñecemento a través da docencia

Na USC, a **xestión social do coñecemento a través da docencia** baséase na mellora continua da nosa oferta formativa, co obxectivo de servir mellor ás necesidades do alumnado, dos/as empregadores/as e da sociedade, garantindo a pertinencia e calidade da oferta oficial, potenciando os estudos de carácter profesional (posgrao e formación continua) e traballando para favorecer a inserción laboral dos/as titulados/as. Isto require, ademais, traballar para mellorar o rendemento académico dos/as estudantes e recoñecer e valorar o esforzo daqueles/as que acadan os mellores resultados.

Temos tamén a responsabilidade de articular ou colaborar con outros organismos na creación de mecanismos que posibiliten que as familias con menos recursos e as persoas de maior talento poidan acceder aos estudos universitarios, así como brindar apoio no proceso de ensino–aprendizaxe ao estudiantado que o precisa, tanto a través de titorías como proporcionando orientación, especialmente necesaria ante os cambios que ten suposto a adaptación ao EEES.



Neste proceso de ensino–aprendizaxe, ademais, temos, xunto co noso profesorado, o compromiso de aplicar as mellores técnicas e metodoloxías para acadar os mellores resultados, fomentando de xeito especial a innovación na docencia a través das novas tecnoloxías, e de promover unha maior participación do alumnado na formación.

Resulta tamén esencial garantir a integración e igualdade de oportunidades de toda persoa que queira formarse na USC. O papel do **Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU)** é clave neste eido.


E, finalmente, na USC tentamos proporcionar ao noso estudiantado coñecementos, competencias e capacidades complementarios para competir no mercado de traballo, fomentando tamén os valores de cidadanía e responsabilidade para que os apliquen tanto no plano profesional coma no eido vital.

#### 4.1.1. Perfil do noso estudiantado

O **estudiantado** é sen dúbida un dos nosos principais **grupos de interese**, e debemos coñecer cal é o seu perfil para adaptar a nosa oferta formativa ás súas necesidades.

No curso 2011–12 cursaron estudos na USC 29.414 estudantes (arredor do 18% no campus de Lugo), sen incluír o posgraao propio e a formación continua, rompendo coa tendencia de crecemento no número de alumnos/as rexistrada nos cursos 2009–10 e 2010–11. O maior descenso produciuse nos estudos de doutoramento (un 8,7%), mentres que nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos foi dun 4,2% e nos másteres oficiais dun 4,9%. Pola contra, a matrícula no IV ciclo incrementouse nun 18,5%.

Alumnado matriculado en titulacións oficiais e propias (2010–2012) e desglose por tipo de estudio (nº de matriculados e % de mulleres)






Segue a ser maioritaria a presenza de mulleres (máis do 60% no conxunto das titulacións). O 63,7% do estudiantado de 1º e 2º ciclo e graos da USC foron mulleres, aínda que persisten estereotipos sexistas na escolla de carreiras: as alumnas son ampla maioría nas vinculadas ao coidado das persoas (por exemplo, en Enfermaría representan o 85% e en mestre en Educación Infantil o 90%), mentres que nas titulacións relacionadas coa informática, as enxeñarías técnicas ou a Física as mulleres son minoría.

A evolución da matrícula nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos debe ser analizada tendo en conta o proceso de extinción das titulacións de 1º e 2º ciclo, no cal progresivamente están a desaparecer os distintos cursos que conformaban cada ciclo, e o paralelo proceso de implantación dos graos, en relación ca maior parte dos cales no curso 2011-12 estíbese a implantar o 2º (en 20 dos 48 impartidos) ou o 3º curso (en 26 dos 48 impartidos).

Por campus, nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos, o 18,6% do alumnado matriculado optou por titulacións impartidas no campus de Lugo, no cal a matrícula dos graos experimentou un crecemento do 61,2%, mentres que no campus do Santiago o incremento foi do 49,3%. Con todo, a caída da matrícula para o conxunto das titulacións de 1º e 2º ciclo e graos foi maior no campus lucense que no campus compostelán (un 7,4% fronte ao 3,7%). O descenso no posgrao oficial foi do 4,5% no campus de Santiago e do 6,3% no de Lugo.

Evolución da matrícula en 1º e 2º ciclo e graos e másteres oficiais por campus (2010-2012)




Segundo a procedencia, no curso 2011-12 arredor do 8% do alumnado foi de fóra de Galicia. A presenza de alumnado doutras autonomías españolas non foi significativa nos estudos de doutoramento, non superou o 5% nas titulacións de 1º e 2º ciclo e graos e mostra a súa mellor evolución nos másteres oficiais, nos cales alcanzou o 6,5%. Pola súa banda, o alumnado estranxeiro na USC apenas ten presenza nos graos e




concéntrase fundamentalmente nos programas de doutoramento, aínda que cunha redución moi significativa respecto aos cursos anteriores (representou case un 23% do alumnado dos estudos de doutoramento en 2010–11, e só un 8,3% en 2011–12). Aínda que a súa procedencia é moi variada, de máis de 80 países arredor de todo o mundo (maioritariamente de Europa), os países con maior número de estudantes na USC no curso 2011–12 foron Italia, Francia, Portugal, Brasil, México e Alemaña.

Distribución do alumnado matriculado segundo a súa procedencia xeográfica e por tipo de estudo (curso 2011–12)


**Titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo**




**Graos**



**Másteres oficiais**




**Doutoramento**



Cabe destacar tamén que máis do 60% dos mellores expedientes de Galicia nas probas de acceso á universidade en 2011 cursaron estudos na USC (211 dos 338 que obtiveron unha nota igual ou superior a 9).

Estudiantado matriculado en titulacións de 1º e 2º ciclo e graos e másteres oficiais por áreas de coñecemento no curso 2011–12




En relación coa distribución do estudiantado matriculado por áreas de coñecemento nas titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos e másteres oficiais, obsérvase que a área de Ciencias Xurídicas e Sociais segue a ser a que recibe o maior número do alumnado, seguida da de Ciencias da Saúde.



Nos estudos de posgraao propio e formación continua, encamiñados á formación de especialistas, sobre todo en ramas interdisciplinarias e de interese social, cultural, científico-técnico ou profesional, prodúcese tamén unha importante caída da matrícula no curso 2011-12, de case un 50% nos másteres propios. A presenza de mulleres sitúase por riba do 65% tanto nos másteres propios coma nos cursos de especialización e os cursos de formación continua.


Alumnado matriculado en cursos de posgraao propio e formación continua (2010-2012)



Finalmente, analizamos a evolución do estudiantado titulado no curso 2011-12 nas titulacións oficiais da USC. Neste curso remataron os seus estudos as primeiras promocións dos graos implantados no curso 2008-09, cun total de 214 graduados/as. Non obstante, redúcese o número de titulados/as no 1º e 2º ciclo nun 10,8%, o que explica o descenso no conxunto das titulacións oficiais e propias de 1º e 2º ciclo e graos. Pola contra, prodúcese un lixeiro aumento dos/as titulados/as nos másteres oficiais, pese ao descenso da matrícula. Destaca especialmente o incremento no número de teses lidas, dun 17,4% respecto do curso 2010-11, así como o feito de que por fin parece terse alcanzado a paridade na obtención do título de doutor/a. Convén aclarar que na evolución do número de estudantes que obtiveron o DEA hai que ter en conta que este diploma acreditativo da suficiencia investigadora tras a etapa de formación xa non existe nos novos programas de doutoramento.



### Alumnado titulado en titulacións oficiais e propias (2010–2012)



#### 4.1.2. Oferta académica

O análise da nosa oferta académica permite avaliar a medida en que na USC orientamos a nosa labor docente a dar resposta ás demandas e necesidades da sociedade actual, sen esquecer a contribución de moitas titulacións clásicas de carácter básico que atesouran una gran traxectoria histórica na nosa institución e que posúen un elevado valor formativo.

A USC impartiu no curso 2011–12 nos seus campus de Santiago e Lugo 63 titulacións de 1º e 2º ciclo (en extinción), 48 graos, 73 másteres universitarios, tres títulos propios (nos eidos da Criminoloxía e a Xestión Hostaleira) e 74 programas de doutoramento. Dos 48 graos, só 4 non tiveron límite de prazos: Matemáticas e Xeografía e Ordenación do Territorio no campus de Santiago e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e Relacións Laborais e Recursos Humanos no campus de Lugo. Dos 73 másteres, 13 se ofertaron sen límite de prazos.


A oferta de másteres oficiais deste curso incluíu 6 novos títulos: Tecnoloxías da Información; Turismo urbano e xestión de empresas turísticas; Bioloxía Mariña; Xuventude e sociedade; Dirección de actividades educativas na natureza; e Agricultura, gandería e silvicultura ecolóxicas.

A oferta oficial da USC engloba todas as grandes ramas de coñecemento. Centrándonos nos graos e os másteres oficiais, a oferta na área de Ciencias Xurídicas e Sociais representou no curso 2011–12 as maiores porcentaxes, en concreto o 35,4% da oferta de graos e o 28,8% da de másteres oficiais, como corresponde á súa capacidade



de captación de alumnado. Nos graos, a seguinte porcentaxe máis elevada corresponde á area de Humanidades, mentres que nos másteres oficiais corresponde ás Ciencias que, pola contra, posúen a menor porcentaxe da oferta de graos. No caso dos programas de doutoramento, o 25,7% da oferta concentrouse na área de Humanidades, seguida moi de cerca pola de Ciencias Xurídicas e Sociais, mentres que a menor porcentaxe correspondeu ás Ensinanzas Técnicas.

**Oferta oficial da USC no curso 2011-12 (nº de titulacións por campus e tipo de estudo)**



Co obxectivo de optimizar a oferta de títulos de grao para axustala á realidade actual e ás necesidades emerxentes, en 2012:

- Iniciouse o proceso de análise das titulacións de grao con dificultades, explorando diferentes estratexias: dobres titulacións, formación *on-line*, modificacións puntuais dos títulos, intensificación das prácticas externas, etc.
- Aprobáronse en Consello de Goberno dúas novas titulacións de grao de carácter estratéxico: Grao en Criminoloxía (a implantar na Facultade de dereito) e Grao en Xestión Hoteleira (a implantar no CSHG). Ambas titulacións xorden como transformación de dous títulos propios da USC, únicos no SUG, que contan cunha traxectoria de décadas e co alumnado máis numeroso entre todas as titulacións propias da USC. A Xunta de Galicia non aprobou ambos proxectos, presentándose as alegacións oportunas por parte da USC.
- Puxéronse en marcha os cursos ponte para acadar o título de grao na Escola Politécnica Superior (EPS) e na Facultade de Ciencias de Lugo, ambas iniciativas de carácter estratéxico para estes centros e para o campus lucense.





De xeito similar, e co obxectivo de conformar unha oferta de posgrao especializada e competitiva, en 2012:

- Iniciouse o proceso de revisión do catálogo de **másteres** cara a reorganizar a oferta en función do catálogo de **graos** de cada centro e da demanda no SUG.
- Implantáronse con éxito algúns másteres profesionalizantes, como o Master de Avogacía nos campus de Santiago e Lugo, e aprobáronse outros tamén profesionalizantes para a súa implantación no 2013-14, como son os vinculados ás titulacións da EPS, ou o Máster en Procuradoría. Esta última será unha titulación conxunta entre as tres universidades galegas, coordinada pola USC (terá carácter rotatorio polas tres Universidades, se ben o alumnado poderá seguir as clases mediante videoconferencia dende a sede na cal se atope matriculado), e habilitará para o acceso á proba de avaliación final acreditativa da capacitación profesional para obter o título de procurador dos tribunais.
- Nalgúns centros, como a Facultade de Filoloxía, realizouse unha reorganización completa da oferta de másteres cara a establecer sinerxías no SUG e cooperar no deseño de titulacións conxuntas e implantar outras moi especializadas na USC nos ámbitos nos cales a nosa universidade é punteira.


En relación cos programas de doutoramento:

- Realizouse a transformación completa de todos os **programas de doutoramento** da USC consonte ao **RD 99/2011** e elaborouse o **regulamento dos estudos de doutoramento**. Este proceso de transformación culminou cunha redución moi significativa do número de programas, co obxecto de acadar unha oferta máis competitiva (baseada en alianzas estratéxicas, coordinación entre áreas, coherencia entre liñas de investigación e visibilidade da produción científica e da actividade internacional). No que respecta aos programas de doutoramento interuniversitarios do SUG, reforzouse a coordinación coas outras universidades e avanzouse no establecemento de criterios comúns. En termos cuantitativos pasouse de 74 a 46 programas de doutoramento que a finais de 2012 iniciaban o proceso de verificación.
- Desenvolveuse a **Escola de Doutoramento Internacional** da USC (EDI-USC) como estrutura académica integradora que, garantindo o funcionamento autónomo e a singularidade de cada ámbito temático, permitirá unir potencialidades e ser máis competitivos na obtención de recoñecementos e financiamento.
- Ofertáronse as primeiras actividades formativas transversais para o alumnado de doutoramento (Gradd Schools, I Xornada da Mocidade investigadora).
- Pode dicirse que no ano 2012 se sentaron as bases para impulsar a estratexia de doutoramento en tódolos ámbitos de coñecemento da USC e promover a visibilidade da excelencia investigadora e da internacionalización nos ámbitos temáticos nos cales a USC ten recoñecido liderado.



En relación cos cursos de posgrao propio e formación continua, en 2011-12 o número de cursos impartidos mantívose respecto ao do curso 2010-11 nos másteres propios (se ben, como xa temos visto, produciuse un forte descenso da matrícula), e reduciuse nun 12% nos cursos de especialización e nun 25,4% nos de formación continua.

Cursos de posgrao propio e formación continua impartidos (2010-2012)



#### 4.1.3. Calidade da docencia

O compromiso coa **calidade da docencia** abarca diferentes dimensións. Por unha banda, relaciónase co deseño e implantación de sistemas e procedementos de xestión e garantía da calidade nos centros docentes. Por outra, vincúlase de xeito directo co traballo do persoal docente, sendo responsabilidade da universidade pór a súa disposición todos os medios necesarios para o desempeño da súa función docente. Ademais, a calidade da docencia ten moito que ver co aproveitamento das novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe e coa necesidade de proporcionar unha formación de calidade, orientada ao desenvolvemento de competencias que garantan a inserción laboral dos/as nosos/as alumnos/as. E todos estes esforzos deben ter un obxectivo claro: lograr a satisfacción do estudiantado e un bo rendemento académico.


En 2012 os cinco centros da USC que participaron na cuarta convocatoria do programa Audit obtiveron o certificado de verificación dos seus respectivos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC), de xeito que todos os centros da USC contaban xa a mediados de 2012 con esta certificación que reconece o seu compromiso e o da propia institución coa promoción da calidade nos seus programas formativos.

En relación coa figura do docente, ademais da formación continua ofrecida a través do **PFID**, en 2012 avanzouse no deseño dun sistema propio de avaliación da calidade docente do profesorado mediante a participación na terceira convocatoria experimental do programa **Docentia** (na cal participan 56 profesores/as).



O ratio de estudantes por PDI resulta tamén un indicador axeitado para a avaliación da calidade docente e do esforzo docente por PDI. Empregando valores brutos (sen axustar por equivalencia a tempo completo), a USC presenta un ratio global de 12,5 estudantes por PDI, se ben existen diferenzas substanciais por áreas, sendo a de Ciencias Xurídicas e Experimentais a que presenta un ratio superior.

Ratio Estudantes/PDI por rama de coñecemento  
2011-12



No tocante ao avance na implantación das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe, en 2012 realizouse a migración completa do **campus virtual** da USC a software libre, de xeito que no curso 2012-13 tódalas titulacións e materias dispuxeron da plataforma Moodle como ferramenta de apoio para a docencia presencial e semipresencial. Durante o 2012 realizouse unha análise de necesidades que culminou coa personalización de Moodle de acordo coas características e necesidades da USC.

Comezouse ademais a traballar na implantación dunha ferramenta de *videostreaming* e de dúas salas modelo de retransmisión de clases, completando a infraestrutura necesaria para implantar a corto prazo titulacións completamente *on-line*.

Compre destacar tamén o desenvolvemento dende o **CeTA** de actividades de formación específicas para os centros que ofertaban por primeira vez cursos ponte semipresenciais, na procura dunha estratexia metodolóxica común en todas as materias para o desenvolvemento da docencia semipresencial.

E no ámbito de estender ao alumnado máis posibilidades asociadas á administración electrónica, iniciouse o desenvolvemento do proxecto de suplemento europeo ao título (SET) electrónico, do que en 2012 se fixo unha proposta á CRUE que foi enviada ao Ministerio de Educación, estando pendente a súa resposta para iniciar o proxecto técnico.

En canto á calidade da oferta académica, cabe destacar o recoñecemento oficial desta nos programas de doutoramento a través das mencións de calidade e excelencia, que recoñecen a súa solvencia científico-técnica e formadora. No curso 2011-12 6 programas mantiñan en vigor a mención de calidade obtida en convocatorias de anos anteriores, e obtiveron o novo recoñecemento de mención de excelencia 18 programas de doutoramento da USC.


Os mecanismos e actuacións postos en xogo pola USC para garantir a calidade da docencia teñen un claro indicador do seu éxito ou fracaso: a satisfacción do alumnado coa docencia recibida. O cuestionario das enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida nas novas titulacións adaptadas ao EEES implantouse definitivamente no curso 2011-12, a través dunha aplicación informática que, ademais de permitir recoller esta información dun xeito máis eficaz e sostible, facilita a obtención dos



resultados da enquisa, a súa agregación e a emisión dos informes de resultados e certificacións automatizadas con sinatura electrónica para o profesorado.

Os resultados das enquisas de satisfacción amosan unha progresiva melloría nos últimos cursos académicos, especialmente significativa nos graos. A porcentaxe de estudantes que participaron no proceso foi do 31,82%, sendo máis alto no caso dos graos (36,94%) e nos másteres (33,90%) que nas titulacións de 1º e 2º ciclo (24,52%).


Satisfacción do alumnado coa docencia recibida (2010–2012)



Escala desde 1 (Nada satisfeito/a) ata 5 (Moi satisfeito/a). Nos cursos 2009–10 e 2010–11 empregouse unha escala de 1 a 7 nos graos e os másteres oficiais, pero amósanse os valores normalizados en escala 1 a 5 para facilitar a comparación.

Non menos relevante para avaliar a calidade da docencia resulta a satisfacción do profesorado coa docencia desenvolvida, que tamén mellorou lixeiramente, sendo no curso 2011–12 especialmente elevada no caso dos másteres oficiais, nos cales o profesorado soe interactuar dun xeito máis directo co alumnado e mesmo compartir coñecementos directamente vinculados co seu ámbito de investigación.

Satisfacción do profesorado coa docencia desenvolvida (2010–2012)







Outra variable a ter en conta na avaliación da calidade da docencia son os resultados académicos, medidos a través de diversos indicadores.

As taxas de éxito e rendemento no curso 2011-12 amosan certa estabilidade respecto aos cursos anteriores, sendo a variación máis significativa o aumento de 5,5 puntos porcentuais na taxa de rendemento dos graos. Por áreas, os mellores resultados corresponden ás Ciencias da Saúde.

### Taxas de éxito (2010-2012) e detalle por áreas en 2011-12



### Taxas de rendemento (2010-2012) e detalle por áreas en 2011-12



A área de Ciencias da Saúde é tamén a que amosa unha menor taxa global de abandono do título, que no conxunto da USC incrementouse en 2,8 puntos porcentuais, sendo o incremento máis significativo o correspondente á área de Ensinanzas Técnicas (6,3 puntos porcentuais).



## Taxa global de abandono do título en 1º e 2º ciclo e graos (2010–2012) e detalle por áreas en 2011–12



Os resultados académicos reflíctense tamén nos resultados dos exames MIR, PIR e FIR ou nos premios fin de carreira obtidos polo estudiantado da USC. En relación con estes últimos, está aínda pendente de resolución a convocatoria da Xunta de Galicia para os titulados que remataron a carreira no 2012.

En relación co exame MIR do 2012, a Facultade de Medicina da USC acadou novamente uns excelentes resultados, pois dez dos seus estudantes figuraron entre os cen mellores expedientes (unha delas no posto número 13), catro máis que na convocatoria correspondente ao curso 2010–11. Tamén no PIR os licenciados e licenciadas en Psicoloxía pola USC acadaron uns resultados moi destacados, pois das 141 prazas adxudicadas 18 foron para a USC, dos que 15 quedaron entre os cen primeiros.

Podemos destacar tamén que en 2012 19 titulados/as da USC (3 deles do campus de Lugo) recibiron unha das 32 bolsas concedidas pola Fundación Barrié para realizar estadias de investigación ou cursos de posgrao no estranxeiro.


### 4.1.4. Integración e igualdade de oportunidades

A **integración e igualdade de oportunidades** para o estudiantado baséase, en primeiro lugar, no respecto e atención á diversidade e o desenvolvemento de políticas activas de incorporación e integración de estudantes con necesidades especiais. Con todo, o logro desta integración e igualdade de oportunidades require tamén articular mecanismos de **apoio económico e académico** por parte das autoridades educativas e a propia universidade, procurando garantir que ninguén poida ver limitado o seu acceso



á universidade por motivos económicos ou as súas posibilidades de completar a súa titulación por dificultades académicas.

Nº de estudantes atendidos polo SEPIU (2005–2012)




No curso 2011–12 un total de 20 estudantes recibiron apoio por parte do SEPIU, ben a través da contratación de asistentes persoais ou intérpretes de lingua de signos ben a través de apoios técnicos personalizados, e incrementouse notablemente o número de estudantes atendidos/as de xeito específico por este servizo.

En 2012 sete centros da USC, coa colaboración da Asociación de Celíacos de Galicia, comezaron a ofrecer nos seus comedores menús aptos para persoas celíacas: a Residencia Universitaria Burgo das Nacións, o Colexio Maior Rodríguez Cadarso, o Club Universitario SEU e os comedores das Facultades de Matemáticas, Económicas, Medicina e Ciencias da Comunicación.

Entre as fórmulas de apoio económico destacan as bolsas ao estudo, sendo as máis importantes as bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación. En termos absolutos, en 2011–12 incrementouse o número de bolsas solicitadas e concedidas, estas últimas nun 5,7%, porcentaxe superado pola subida na contía total das bolsas, dun 9,2%. Por tipo de axuda, cómpre subliñar o aumento, sobre o curso 2010–11, do número de axudas en todos os módulos.

Evolución das bolsas para estudos de 1º e 2º ciclo do Ministerio de Educación (2010–2012) e distribución por módulo en 2011–12








Outros mecanismos de apoio económico ao estudiantado relaciónanse cos servizos de aloxamento, restauración e transporte. O SUR e os comedores e cafetarías da USC ofrecen ao alumnado a posibilidade de aproveitar tarifas máis económicas que as doutros establecementos, e anualmente convócanse diversas axudas para moderar o custe de ditos servizos.

No curso 2011-12 ofertáronse 1.110 prazas no SUR, das que se ocuparon 1.095, e 939 estiveron subvencionadas (en función da renda dispoñible), por un importe total de case 1,5 millóns de euros. Ademais, estiveron aloxados no SUR 27 alumnos/as con necesidades especiais.

Prazas ocupadas e subvencionadas no SUR e importe das subvencións (2010-2012)




Tamén, no curso 2011-12 destináronse 2.763 euros para subvencionar os prezos do transporte urbano (bonobús) e concedéronse 622 bolsas comedor no SUR por un importe de 707.100 euros. E un ano máis, a USC e a Sociedade Cooperativa Galega Mercado de Abastos de Santiago concederon 10 bolsas destinadas a promover o consumo de produtos frescos entre o estudiantado do campus compostelán, cunha dotación por bolsa de 120 euros mensuais para un período de 5 meses.

No plano académico, destacamos en primeiro lugar que en 2012 o Consello de Goberno aprobou ás modificacións da **Normativa de Permanencia**, establecendo así un marco transparente e claro para o alumnado en relación con aspectos do funcionamento do EEES que non estaban ata o momento ben definidos. Entre as modificacións destacan que a modalidade de matrícula elixida (tempo completo ou tempo parcial) deberá manterse durante todo o curso, que o alumnado que inicie estudos nunha titulación deberá superar como mínimo unha materia obrigatoria no primeiro curso ou que poderá concorrer a un máximo de catro convocatorias nos estudos de grao e dúas nos de máster.

E seguiuuse a desenvolver o programa de apoio titorial extraordinario nas titulacións de 1º e 2º ciclo en extinción, que contou con 213 estudantes matriculados/as, dos/as que aprobaron 161 nas distintas convocatorias (fin de carreira, ordinaria e setembro).



## Estudiantes no Programa de apoio tutorial extraordinario (2010–2012) e resultados en 2011–12



### 4.1.5. Inserción laboral

Para contribuír á **inserción laboral** dos/as titulados/as a USC conta cun servizo de orientación personalizado xestionado a través dos **Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE)**, e favorece a posta en contacto directo do alumnado co mercado laboral mediante a promoción das prácticas profesionais e reforzando os programas de orientación profesional e inserción laboral.


No 2012 mantívose con plena operatividade o servizo da **Área de orientación laboral**, a pesar da ausencia da convocatoria de prazas de fomento do emprego por parte da Xunta de Galicia, que nutrían en gran parte este servizo. Entre febreiro de 2011 e xaneiro de 2012 no campus de Santiago realizáronse 1.367 entrevistas de orientación (menos que en 2010) pero aumentaron substancialmente as entrevistas informativas e o número de asistentes as accións formativas (811 asistentes en 33 sesións).

A USC fomenta os programas de prácticas para os/as estudantes e titulados/as a través do **Consello Social da Universidade**, a **Fundación Empresa–Universidade Galega (Feuga)** e o programa **Europrácticum**. Por outra banda, as titulacións oficiais e os programas oficiais de posgrao e propios ofertan tamén a posibilidade da realización de prácticas ao estudiantado.


A través de **Feuga**, no curso 2011–12 realizaron prácticas profesionais 226 titulados/as (o 65,5% mulleres) e 58 estudantes (o 77,6% mulleres).



### Actividade da AOL no campus de Santiago (2009–2012)




### Prácticas realizadas a través de Feuga (2010–2012)



A vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo promoveu dende a súa Area de Orientación e Inserción Laboral e en colaboración co Consello Social a sexta edición do programa Europrácticum de prácticas profesionais remuneradas en empresas e institucións europeas, programa que a Axencia Nacional Leonardo cualifica cunha puntuación 8,9 sobre 10 en canto a criterios de calidade. Nesta sexta convocatoria ofrecéronse 44 bolsas dirixidas a quen obtivese a súa titulación entre xaneiro de 2006 e setembro de 2011, ambos os dous incluídos. Dende 2001 beneficiáronse do programa 400 persoas, das que o 40% acadou finalmente un contrato de traballo.



### Programa Europrácticum (edicións IV, V e VI)



En 2012 tanto os servizos de fomento do emprego como diversos centros docentes desenvolveron outras actuacións relacionadas co fomento da inserción laboral do estudiantado:

- A USC e a [Federación Galega de Municipios e Provincias \(FEGAMP\)](#) asinaron un convenio de colaboración para que alumnado da universidade compostelá poida realizar prácticas profesionais na Federación así como nos concellos galegos e deputacións que se sumen ao acordo.
- A USC participou no Pacto local polo emprego conxuntamente co Concello de Santiago, a Cámara de Comercio, Asociacións de Empresarios do Polígono do Tambre e de Hostalería e cos sindicatos, elaborándose un novo convenio.
- Púxose en marcha a convocatoria de bolsas para prácticas en empresas do [Banco de Santander-CRUE-CEPYME](#), para o que foi necesario establecer unha rede de empresas receptoras dos/as bolseiros/as (29 empresas radicadas nas provincias de Coruña e Lugo). O servizo de orientación laboral da USC xestionou as 61 bolsas concedidas. Con posterioridade concedéronse 16 adicionais.
- Iniciouse a participación nunha rede de cooperativas en colaboración coa Dirección Xeral de Cooperativas da Xunta de Galicia.
- A ETSE desenvolveu o seu IV Foro de Empresas para Enxeñaría Informática (FEI'2'12) para pór en contacto ás empresas participantes no programa de prácticas da ETSE e ao alumnado e detectar intereses mutuos na realización de traballos fin de grao nas empresas colaboradoras.
- A Facultade de Física, baixo o lema 'E agora que?', organizou unhas xornadas para orientar aos seus estudantes na busca de emprego e continuación de estudos.



- Celebrouse unha nova edición do Foro de Emprego para alumnado de Física, Matemáticas e Informática, dirixido a estudantes de últimos cursos e recién titulados das Licenciaturas de Físicas e Matemáticas e do Grao en Enxeñaría Informática.
- A Facultade de Veterinaria de Lugo organizou as súas V Xornadas de Orientación Laboral.
- A Escola de Relacións Laborais de Lugo organizou unha xornada sobre as saídas profesionais da titulación.

#### 4.1.6. Formación transversal

No marco do EEES establécese a conveniencia de fomentar o desenvolvemento de actividades formativas de carácter transversal que posibiliten unha formación integral das persoas. En 2012 desenvolvéronse diversas actuacións neste sentido:

- No curso 2011–12 a [BUSC](#) impartiu formación transversal en competencias informacionais a 2.024 estudantes de 29 graos. A implantación deste modelo formativo comezou na USC no curso 2010–11, mediante un proxecto piloto no cal tomaron parte os/as alumnos/as de cinco graos dos campus de Santiago e Lugo.
- A [formación en arte dramática](#) impartida na [Aula de Teatro](#) da USC foi recoñecida dentro do programa de cursos de formación continua en dúas áreas: Fundamentos da interpretación teatral e Fundamentos da dirección escénica. Ademais, no programa regular de cursos de arte dramática desenvolvéronse cursos de iniciación recoñecidos con créditos de libre configuración relativos a diferentes áreas de formación teatral (iluminación, escrita teatral, voz e dicción, comedia da arte, etc.). Ambos percorridos atenden non só os coñecementos dende unha perspectiva estritamente teatral senón a súa aplicación a outros campos, fundamentalmente de carácter pedagóxico.
- Incorporáronse contidos ambientais á formación do estudiantado, e reforzouse a proposta formativa para bolseiros/as SPIU e bolseiros/as do programa [USC en Transición](#), en temas relacionados coa pegada ecolóxica e os retos ambientais da sociedade actual, tentando combinar a formación a través de [actividades](#) convencionais (nove conferencias e seminarios, e doce obradoiros) coa implicación en dous proxectos de investigación–acción titorizados, encamiñados a incrementar a sensibilización e participación ambiental da comunidade universitaria.
- No curso 2011–12 potenciáronse as actividades nas residencias universitarias, con especial atención á formación e participación en actividades ambientais: Programa de xestión de residuos participada, compostaxe comunitario, hortos urbanos, talleres de reciclaxe, actividades de teatro–foro, cursos de cociña ecolóxica e outros temas relacionados coa alimentación, e debates sobre comunidades en transición, xestión de residuos e agricultura urbana.



## 4.2. Xestión social do coñecemento a través da investigación e transferencia

A xestión social do coñecemento a través da investigación e a transferencia desenvólvese na USC de xeito paralelo ás tarefas docentes, as cales incorporan os novos coñecementos e os desenvolvementos científicos garantindo a resposta ás necesidades e esixencias da sociedade.

A capacidade investigadora da USC estase a ver limitada e mesmo reducida polos recortes que en materia de I+D+i se veñen aplicando nos últimos anos, en relación tanto coas convocatorias de financiamento coma coas de captación de persoal investigador. Pero pese ás fortes restricións impostas polo contexto de crise económico–financeira, a USC ten conseguido manter, e incluso mellorar, o ritmo de actividade de I+D+i e de produción científica, e aproveitar o potencial dos dous Campus de Excelencia Internacional: [Campus Vida](#) e [Campus do Mar](#), este último promovido polas tres universidades galegas.

En particular, temos intentando manter a transferencia tecnolóxica ao tecido empresarial e contribuír a dinamización socioeconómica do noso contorno, apoiando as iniciativas emprendedoras e implicándonos cos axentes económicos e sociais, transferindo o coñecemento desenvolvido.

Ano tras ano, a USC presenta un balance da súa actividade investigadora e dos seus resultados en transferencia e valorización do coñecemento que confirman a súa posición líder nas áreas científica e tecnolóxica no contexto autonómico, así como unha posición equiparable á das institucións científicas de referencia nacional e internacional.


### 4.2.1. Capacidade investigadora

A USC trata de garantir o mantemento da [capacidade investigadora](#) do seu capital humano mediante a dotación de prazas de formación de investigadores/as, a promoción da carreira investigadora, os programas de mellora da cualificación investigadora do seu PDI e a través dos servizos da universidade que especificamente prestan apoio ás actividades de I+D+i.

En 2012 reduciuse a porcentaxe de PDI implicado en actividades de I+D (proxectos, contratos, convenios, cursos, reunións científicas, servizos técnicos e asesorías), como consecuencia dos menores recursos dispoñibles para o seu desenvolvemento e das maiores esixencias docentes que impón o EEES. No PDI inclúense os contratos Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal (60 activos en 2012, fronte aos 93 e 84 de 2010 e 2011, respectivamente).




### PDI en actividades de I+D (2010-2012)



Nota: os datos de PDI inclúen os contratos Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal.

A forte redución no financiamento da investigación, tanto nos programas nacionais coma nos autonómicos, comporta unha importante contracción no volume do persoal contratado con cargo a actividades de I+D (como xa vimos no apartado sobre o perfil do persoal, en 2012 contouse con 116 contratados/as e 105 bolseiros/as menos que en 2011) e con cargo a programas de captación de recursos humanos para I+D, moitos dos cales non foron convocados neste ano (e algúns xa non o foran en 2011).

### Persoal contratado con cargo a programas de RRHH de I+D (2010-2012)



(1) Programas predoutorais: FPI, FPU, FIS, María Barbeito e contratados predoutorais USC.

(2) Programas posdoutorais: Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño, Marie Curie e contratos posdoutorais USC.


Esta situación paliouse relativamente coas convocatorias de formación de persoal investigador promovidas pola Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) coa






colaboración das tres universidades do SUG. En 2012 a USC formalizou 8 contratos que se beneficiaron das axudas á etapa posdoutoral convocadas por primeira vez neste ano, e 52 contratos que se beneficiaron das axudas de apoio á etapa predoutoral (tamén se convocaran en 2011), aos que se sumaron outros 42 contratos predoutorais captados (14 FPI e 28 FPU).

Contratos pre e posdoutorais captados por grandes áreas en 2012



En 2012 realizáronse tamén convocatorias de carácter internacional para axudas predoutorais a través do Programa de contratos predoutorais de **Campus Vida**, no cal en 2011 se realizou unha convocatoria internacional propia (8 contratos), e en 2012 unha convocatoria conxunta coa Xunta de Galicia (12 contratos).

Persoal de apoio á investigación en servizos centrais (2010-2012)




No intento por compensar a perda de capacidade investigadora do persoal, a USC reforzou o persoal de apoio á investigación en relación coa xestión das infraestruturas científicas no campus de Lugo, e mantivo a dotación de persoal en relación coa xestión e valorización da produción científica.

A cualificación investigadora do PDI condiciona tamén a capacidade investigadora da universidade, e reflíctese, entre outros indicadores, no número de sexenios de investigación acadados. O número de tramos de investigación recoñecidos ao PDI da USC seguiu aumentando no período 2012: o 31% dos catedráticos/as de universidade tiñan recoñecidos cinco ou máis sexenios de investigación, e máis do 62% xa tiñan recoñecidos catro ou máis sexenios. Pola súa banda, o 25,3% dos titulares de universidade contaban con tres ou máis tramos de investigación recoñecidos, mentres




que a porcentaxe de profesorado contratado doutor cun tramo recoñecido se elevou do 27,5% en 2010 ata o 30,9% en 2012.

**Porcentaxes de sexenios concedidos en función da categoría do profesorado (2010–2012)**



A captación de recursos económicos externos, ben pola vía institucional a través de concursos competitivos, ben polas relacións coa sociedade e o sector económico, é outro elemento fundamental para asegurar a consolidación e o desenvolvemento das áreas e liñas de investigación científicas e tecnolóxicas.

**Recursos externos captados para I+D 2010–2012 (contías en miles de euros)**






Aínda que ata 2010 o volume de recursos externos captados conseguiu manterse a pesar das reducións nos orzamentos públicos dedicados a I+D, no ano 2011 prodúcese un decaemento substancial dos recursos captados tanto a través de convocatorias públicas, que se viron fortemente reducidas a causa das políticas de axuste derivadas das de consolidación fiscal das distintas administracións, como a través de contratos e convenios, mostrando a limitada capacidade do tecido económico para seguir investindo en investigación nas universidades tras unha etapa de crise tan prolongada. En 2012 increméntase levemente a captación en convocatorias competitivas en relación con 2011, pero seguen a reducirse os recursos captados mediante contratos ou convenios con empresas e institucións e en accións institucionais.

Atendendo á capacidade de captación de recursos por áreas de coñecemento, comprobamos que a de Ciencias da Saúde é a que consegue a maior contía media de recursos captados mediante convocatorias competitivas, seguida de lonxe polas de Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas, mentres que a través de contratos e convenios son as áreas de Humanidades e Ciencias Xurídicas e Sociais as que acaparan as maiores contías medias.

Contía media de recursos externos de I+D captados en 2012 por áreas de coñecemento (miles de euros)



Debe destacarse singularmente o esforzo que a USC está a realizar para posicionar as súas capacidades de investigación na contorna internacional, especialmente a europea, capital tanto desde o punto de vista da captación de retornos económicos como de presenza nos ámbitos de decisión científica e tecnolóxica. Nesta liña, a USC representa mais do 30% dos ingresos captados por Galicia en proxectos europeos, mantendo una presenza relevante nas distintas áreas do Programa Marco de I+D financiado pola UE. Para promover a participación nestes programas desenvóléronse, entre outras, as seguintes actuacións:



- Un programa de accións sistematizadas de difusión: seminarios por áreas temáticas, implantación dunha **Newsletter** especializada e servizo de asistencia personalizada por proxectos e convocatorias.
- A promoción e apoio na presentación de proxectos institucionais estratéxicos (xénero, Biocluster, doutoramento innovador).

#### 4.2.2. Campus de Excelencia Internacional

A USC acadou en 2009 para o seu **Campus Vida** o recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional (CEI) de ámbito rexional, e en outubro de 2011 obtivo a súa recualificación como CEI de referencia global, dando así un paso máis para converterse nun verdadeiro bioclúster de referencia internacional no eido das ciencias da vida. A USC participa tamén, xunto con outras cinco institucións, no **Campus do Mar** (coordinado pola Universidade de Vigo), recoñecido como CEI de ámbito rexional.

Ambos constitúen unha oportunidade única para crear agregacións estratéxicas entre a universidade e outras institucións co fin de crear "ecosistemas de coñecemento" que favorezan o emprego, a cohesión social e o desenvolvemento económico territorial.



**Campus Vida** é o proxecto estratéxico con meirande proxección e efecto dinamizador na USC, e os resultados acadados animan a continuar co seu impulso. Así, en novembro de 2012 o Comité Internacional encargado da avaliación do Programa dos CEI valorou o Informe de Progreso de Campus Vida correspondente ao período comprendido entre xullo de 2011 e setembro de 2012 coa máxima cualificación.

**Campus Vida** segue a desenvolver o seu **Plan estratéxico**, sendo salientables os avances nas seguintes liñas:

- O progreso dos trámites institucionais para a consolidación no curso 2012–13 da **Escola de Doutoramento Internacional**, potenciando a internacionalización dos programas de doutoramento asociados. No período do informe a oferta foi de 20 programas, cun 20% de estudantes estranxeiros, un 18% de teses europeas e unha notable participación en programas internacionais de formación.



- Os avances na posta en marcha da Rede de centros singulares de investigación. Esta iniciouse no 2010 coa creación do CIQUS e do CIMUS, que entraron en funcionamento en 2011 e a principios de 2012 (respectivamente), e continuou no 2012 coa terminación do CITIUS e o inicio da construción do Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA). A integración dos centros singulares nunha rede de cooperación no ámbito biosanitario, en especial a súa vertebración coa Rede de institutos de investigación sanitaria e con clusters empresariais, está potenciando a súa capacidade e a súa proxección internacional. Algúns dos seus resultados son:

- o A estratexia de alianzas internacionais despregada ten o seu maior expoñente no importante incremento na participación e consecución de proxectos do Sétimo Programa Marco. Campus Vida está presente en 15 proxectos aprobados en 2011 e 2012 que supoñen unha captación de recursos de 8,4 millóns de euros.

- o As alianzas estratéxicas co sector produtivo teñen posibilitado a consecución de varios proxectos singulares de I+D, como o proxecto Inno-Pharma do Fondo Tecnolóxico, que cun orzamento de 10,2 millóns de euros persegue converter ao sector farmacéutico español nun referente internacional no descubrimento temperán de fármacos, ou o proxecto europeo Trans-int, dirixido á creación dun fármaco por vía oral contra a diabetes e que conta cun orzamento de 11 millóns de euros (1,8 para a USC).

- o Na liña de captación de talento internacional e mobilidade cabe destacar o programa de conferencias “Frontiers in Medical Research”, impartidas en inglés por científicos de alto prestixio (10 ao ano) e que se comezou a desenvolver en 2012.

- o Tamén nesta liña poténcianse as relacións de colaboración e o compartir recursos con outras institucións de investigación españolas. Así, formalizáronse dous convenios co CSIC para a incorporación selectiva de catro investigadores/as ao CIQUS e CIMUS.

- Os avances na estratexia de transferencia, asentando as capacidades e alianzas para unha valorización eficiente dos resultados de investigación no contexto do Biocluster que conforma Campus Vida. O desenvolvemento deste modelo está sendo implantado de tal xeito que as capacidades e experiencias están a repercutir de modo transversal sobre o conxunto das liñas de investigación e, como consecuencia, incrementando os indicadores de transferencia da USC.

- O impulso da estratexia de UniverCidade, que está consolidando unha interesante dinámica de xeración de novas oportunidades para o estudantado neste proxecto e no progreso do seu contorno, e que constitúe, ademais, un exemplo de coordinación e cooperación entre distintas unidades da USC, como o SEPIU, a ODS e a ATIC.

Doutra banda, co obxectivo de incorporar novas liñas de acción na estratexia do Campus de Excelencia que se proxecten de modo máis transversal na USC, Campus Vida promoveu dúas accións concretas:



- Integrouse na Rede de Campus de Excelencia Internacional con actividade Agroalimentaria, cuxa constitución formalizouse en febreiro de 2013. Nesta rede participan 18 CEI españois con actividades relacionadas co sector da nutrición humana e a agroalimentación nas súas múltiples áreas. A rede persegue maximizar as oportunidades de colaboración entre os CEI, así como co sector empresarial e produtivo, co obxectivo de atopar propostas que permitan responder aos grandes retos agroalimentarios. Cabe mencionar que en 2012 iniciouse a construción da nova Aula de Produtos Lácteos no campus de Lugo.
- Participou na convocatoria 2011 de Fortalecemento na cal se acadou unha subvención global de 607.893€, a executar no bienio 2012–2013, para o desenvolvemento de diversas accións: mobilidade internacional, campus virtual, colaboración USC-Educación Secundaria (FP), UniverCidade intelixente e sostible, campus científicos de verán internacionais, proxecto interseccións – cultura e campus científicos inclusivos.



A USC é tamén unha das entidades promotoras do Campus do Mar, e como tal participa na planificación e desenvolvemento das súas estratexias e dos seus diferentes órganos de goberno.

Entre os seus obxectivos atópanse converter a agregación de I+D nun referente internacional nos ámbitos mariño e marítimo, a mellora da conexión cos sectores económicos no ámbito tecnolóxico, o posicionamento e a visibilidade internacional do Campus, o estímulo da mobilidade e a creación dunha canle de comunicación entre o mundo académico e a sociedade.

En 2012, traballouse na definición dun Consorcio, que tería como paso inicial a firma dun convenio de colaboración entre os participantes (UVIGO, USC, UDC, CSIC e IEO) para a creación dun consorcio público–privado para a programación e xestión das actividades do Campus do Mar, e elaborouse un borrador de estatutos do futuro Consorcio.

#### 4.2.3. Transferencia, valorización e emprendemento

Na USC non só procuramos achegar o coñecemento á sociedade a través da docencia e da divulgación científica, senón tamén mediante accións de **transferencia, valorización e emprendemento** coas que se pretende que a investigación desenvolvida chegue a ter un impacto económico e social real.

A finais de 2011 creouse a **Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE)** pola necesidade de ordenar e integrar os programas de apoio ao



emprendemento e de asumir as competencias relacionadas coa creación de empresas, na súa vertente de transferencia de tecnoloxía, promovendo proxectos de valorización, a obtención de licenzas de patentes e a constitución de EBTs.

En 2012 desenvolvéronse diversas actuacións orientadas a potenciar a valorización e transferencia dos resultados de investigación da USC, sobre as cales pode ampliarse información na [memoria 2012 da AVTE](#):

- Intensificouse a difusión internacional dos resultados de investigación da USC a través da plataforma específica [I-bridge](#) (mediante convenio coa Kaufman Foundation), plataforma compartida con 168 organizacións de referencia a nivel mundial, entre outras as universidades de Harvard e Stanford nos EE.UU. e oito institucións europeas. Obtivéronse expresións de interese para varias das tecnoloxías publicitadas.
- Asináronse tres novos acordos encamiñados á explotación comercial de patentes das que é titular a USC, un deles cunha compañía galega.
- Acadáronse acordos de colaboración e participouse activamente en eventos organizados por entidades representativas do tecido tecnolóxico galego como a plataforma das TICs de Galicia (Vindeira), o Cluster Saúde, o Cluster Alimentario ou o Cluster Tecnolóxico Empresarial BIOGA. Entre as accións nas cales se participou está a Lonxa de inversores en Biotecnoloxía organizada por BIOGA e na cal a USC presentou varios proxectos.
- Activáronse novos proxectos de transferencia no marco dos proxectos internacionais do programa [Vehículos de Transferencia](#) (que conta con financiamento dos fondos FEDER a través do programa Interreg POCTEP) e [Nanovalor](#) (que conta con financiamento dos fondos FEDER a través do Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013).
- Incrementouse a difusión, tanto interna como externa, das accións de transferencia a través da aparición sistemática de novas no [Xornal](#) da USC e nos medios de comunicación do contorno, así como coa mobilización e coordinación do programa-documental “[Base Tecnolóxica](#)” da CRTVG, en que se incluíron proxectos da USC relativos a novos materiais, biotecnoloxía e filoloxía. Nos contidos dos programas, a proposta da [AVTE](#), incluíuse a difusión do CEI [Campus Vida](#) e tamén actividades desenvolvidas no campus de Lugo.
- Participouse activamente no [Fondo de Inversión en Ciencia](#) da Fundación Barrié, especializado en valorización de resultados de investigación. Presentáronse oito proxectos e a Fundación Barrié aprobou un financiamento de 430.000 euros para dous que se encontran xa en fase de execución: o proxecto Quorum Quenching da USC e o CTC Trap da Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do CHUS, coa participación do Sergas e dos grupos de Investigación Ciclo Celular e Oncoloxía e NanoBioFar da USC. Na selección dos proxectos, o Fondo valora que as propostas sexan traducibles en resultados con aplicación na sociedade e con potencial comercial para a xeración de retornos económicos.





De entre todas as actuacións promovidas dende a AVTE, destaca especialmente o deseño e implantación do programa *Acelerador de Transferencia*, previsto dentro do proxecto *Campus Vida*, para identificar, seleccionar e financiar diferentes tipos de actuacións que permitan facer máis viable a comercialización dun resultado de investigación (probos de concepto, estudos de patentabilidade, estudos de mercado, identificación de clientes, etc.). Lanzouse a primeira convocatoria en maio de 2012, na que se identificaron un total de 25 proxectos con potencial, dos cales, unha vez revisados os requisitos de idoneidade, presentáronse ao Comité de Avaliación once. Os criterios de avaliación das propostas están baseados nos empregados por *ISIS Innovation* no seu programa *Oxford University Challenge Seed Fund*, cunha traxectoria de máis de doce anos seleccionando e financiado este tipo de proxectos cun éxito notable, valorando aspectos relacionados co propio resultado de investigación, como o grao de protección ou de novidade, e outros máis orientados a avaliar o mercado potencial ou o tempo necesario para acadar acordos con axentes externos.

O comité de avaliación do *Acelerador de Transferencia*, formado principalmente por expertos do mundo empresarial no desenvolvemento de novos negocios, propuxo para o seu financiamento nove proxectos en novembro de 2012, e a finais de ano lanzábase unha nova convocatoria de selección de proxectos.



A USC mantén tamén unha posición pioneira no fomento do emprendemento con estruturas diversas deseñadas para favorecer a posta en marcha e consolidación de iniciativas empresariais procedentes do contorno universitario, que inclúen tanto a



propia AVTE coma as sociedades participadas Unirisco e Uninova, así como a participación en diversas redes ou programas de fomento do emprendemento (RedIncuba, RedEmprendia,...). Tamén a infraestrutura dispoñible no edificio Emprendia permite atender os procesos de emprendemento xurdidos na USC, incluíndo a detección e maduración da idea, o asesoramento, o financiamento e a incubación, sempre baixo a coordinación da AVTE.

Podemos destacar algunhas das actuacións desenvolvidas en 2012:

- A USC participou en eventos de promoción e estableceu convenios de colaboración con institucións que dan apoio ao emprendemento a nivel local, autonómico, estatal e internacional (Cámaras de Comercio, IGAPE, Fundación Bankinter, Fundación Repsol, Fundación INCYDE, RedEmprendia, etc.). Unha das actividades en que participou activamente a USC foi a Vindeira Venture Academy celebrada no edificio Emprendia entre marzo e maio. Este programa tiña por obxectivo axudar a un grupo de emprendedores/as, seleccionados polo comité de Vindeira, a preparar unha presentación a inversores no III Encontro Vindeira Capital Network, que se celebrou tamén na USC, no Centro de Estudos Avanzados.
- Púxose en marcha o proxecto Puntos de Atención Emprendedora (PAE), unha colaboración da USC (a través da AVTE e a Cátedra Bancaja da Facultade de Económicas) coa Fundación INCYDE. O proxecto consiste no desenvolvemento de accións formativas dirixidas principalmente a estudantes, e a identificación e titorización de proxectos empresariais. Os PAE son un proxecto piloto que promoven as universidades de Extremadura, Granada e Santiago de Compostela en colaboración coas correspondentes Cámaras de Comercio e co apoio técnico da Fundación INCYDE, e contan co financiamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e do Fondo Social Europeo. A USC conta con tres puntos, un en Campus Vida, outro no Campus Norte e o terceiro no de Lugo.
- Organizáronse accións formativas para emprendedores/as no marco do proxecto POCTEP Vehículos de Transferencia. Neste caso as accións van dirixidas fundamentalmente a emprendedores procedentes de grupos de investigación, xa que o que se pretende é fomentar a transferencia de resultados de investigación a través da creación de novas empresas *spin-off*.
- Desenvolveuse unha experiencia piloto na ETSE para integrar a formación en emprendemento nas traxectorias curriculares dun centro da USC. Impartiuse un módulo de creación de empresas encadrado na materia Aula profesional, incluída na programación docente dos títulos de grao do centro.
- Renováronse e reforzáronse os acordos co Concello de Santiago en materia de apoio ao emprendemento a través da reactivación da participación do mesmo na sociedade Uninova e da colaboración co Centro de Recursos e Servizos Integrals á Empresa (CERSIA). O CERSIA, a través do programa Compostela Activa, cobre dun xeito integral as diferentes etapas polas que pasa unha persoa emprendedora dende a idea



de negocio ata a constitución da empresa. Colaborouse co [CERSIA](#) en accións como a Xornada Emprende en Compostela ou o Concurso de novas ideas empresariais.

- Entregáronse os premios do XII Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores, articulado en tres categorías: Base Tecnolóxica, Empresa Xove e Muller Emprendedora.
- A [AVTE](#) colaborou coa Fundación da Innovación Bankinter no desenvolvemento dunha nova edición do Curso de Innovación 360º do programa Akademia Bankinter, acción formativa de carácter intensivo que procura desenvolver as habilidades en innovación e emprendemento do estudantado. Cursárono de xeito gratuíto 30 estudantes de último ano de carreira, de máster e doutoramento.
- A [AVTE](#) do campus de Lugo, en colaboración co Concello, organizou varias xornadas de motivación empresarial en varios centros do campus.
- Tamén a [AVTE](#) de Lugo, como integrante da Rede Mercurio (da que forman ademais parte o Concello de Lugo, a Deputación Provincial, a Confederación de Empresarios de Lugo, a Cámara de Comercio ou a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Ceao), participou no lanzamento dunha iniciativa destinada á construción de naves en terreos do Concello de Lugo para que os promotores de proxectos emprendedores no sector da investigación ou da transformación e elaboración de produtos poidan desenvolver a súa actividade nos polígonos industriais da cidade.
- A incubadora de empresas da USC, [Uninova](#), participou no programa Erasmus para Mozos/as Emprendedores ([Erasmus for Young Entrepreneurs](#)) da Comisión Europea, que é similar ao Erasmus para estudantes pero enfocado a novos emprendedores. [Uninova](#) actúa como organismo intermedio do programa, levando a cabo labores de coordinación e apoio aos emprendedores e empresas participantes, así como xestionando os emparellamentos empresariais (*matchings*) que se xeren no espazo europeo.
- Creáronse 5 spin-off: no eido ambiental [Alvariza Asistencia Técnica en Medio Ambiente](#), [Faz Consultora](#) no ámbito da xestión cultural, [Deroceras](#) no da agroalimentación, [Geneaqua](#) no da acuicultura e [Biostatech](#) no da bio-informática.
- O programa [Woman Emprende](#) colaborou na creación de [Deroceras](#), [Biostatech](#) e [Faz Consultora](#). Coa colaboración da Asociación Executivas de Galicia e do BIC Galicia, organizou na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais unha semana de talleres destinados a fomentar o emprendemento feminino universitario baixo o lema 'A ruta para emprender'.

Cabe salientar tamén o labor da [Cátedra Bancaja de Novos Emprendedores](#) da USC, que en 2012 realizou un Programa de desenvolvemento do potencial emprendedor, un seminario sobre a posta en marcha de proxectos emprendedores, un ciclo de experiencias profesionais, visitas a empresas e viveiros e charlas con emprendedores. O Programa de desenvolvemento do potencial emprendedor, a iniciativa nuclear do programa 2012 da cátedra, desenvolveu actividades dentro e fóra das aulas cunha metodoloxía de aprendizaxe a través da experiencia, baseada na vivencia de situacións



reais nas que aplicar as competencias traballadas. A asociación universitaria **Emprende M.A.S** (Mocidade Activa e Sinerxías), xurdida na cátedra, desenvolveu tamén unha serie de **talleres** encamiñados a fomentar o emprendemento entre a xuventude.

#### 4.2.4. Divulgación do coñecemento

Xunto coa actividade docente e os esforzos de transferencia e valorización dos resultados de investigación, a USC e os seus membros realizan moi diversas accións de **divulgación do coñecemento**, coas que se pretende achegar á sociedade aqueles logros e descubrimentos que poden axudar ao seu desenvolvemento social.

Por unha banda, a USC promove a celebración de congresos e reunións científicas para facilitar o intercambio de ideas entre os/as investigadores/as de todo o mundo e contribuír así ao progreso científico. Nos últimos anos estase a reducir o número destas actuacións (en 2012 foron 48), non só na USC, dado que as limitacións financeiras dificultan tanto a organización das reunións como a asistencia dos/as investigadores/as.

Outras accións de divulgación do coñecemento baséanse na creación de unidades nas que os equipos de investigación da USC poñen o seu coñecemento ao servizo da sociedade ou a realización de actividades coas que se tenta facer á cidadanía partícipe dos avances no coñecemento científico. Destacamos algunhas das iniciativas continuadas ou iniciadas en 2012:

- Participouse nunha nova edición dos **Campus Científicos de Verán**, na que 56 estudantes de 1º de Bacharelato e 4º de ESO de centros educativos galegos coñeceron o traballo de docentes da USC no marco dos seus proxectos de investigación, co obxectivo de impulsar o interese da xuventude pola ciencia e a tecnoloxía e incentivar o seu acceso a titulacións científico-técnicas.



- O programa **ConCiencia** de divulgación científica, promovido pola USC e o Consorcio de Santiago e que conta coa colaboración da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, contou na súa sétima edición con **Ei-ichi Negishi** e **Tim Hunt**, ambos os dous recoñecidos co Premio Nobel na pasada década. Estes personaxes sumáronse aos vinte Premios Nobel, dous Premios Abel e un Turing que dende o inicio do programa mantiveron reunións científicas na

USC con persoal investigador, encontros con medios de comunicación e pronunciaron unha conferencia pública de interese para o público xeral.



- A USC participou un ano máis, a través da Facultade de Matemáticas, no proxecto **ESTALMAT-Galicia**, tal e como vén facendo de xeito continuado dende o ano 2007, co obxectivo de detectar, orientar e estimular o talento matemático en estudantes de 12-13 anos, e espertar vocacións polo estudo das matemáticas. Na edición iniciada en 2011 e rematada en 2012, optaron ás 25 prazas da USC un total de 255 estudantes de toda Galicia. Na iniciada en 2012 concorreron 358 (218 rapaces e 140 rapazas). Cos desta nova edición, son xa 1.600 os/as alumnos/as que teñen pasado pola Facultade de Matemáticas nos últimos cinco anos para facer a proba de selección. Deles, seleccionáronse ata o momento 150 para participar neste programa de talentos matemáticos.
- A Unidade de Tabaquismo da USC lanzou unha nova campaña convidando a deixar de fumar antes do fin do ano. Esta unidade ofrece dende 1984 tratamento psicolóxico a todas as persoas que desexen abandonar o tabaco, e ten atendido a máis de 11.000 fumadores/as en todo este tempo.
- A **Unidade de Trastorno Depresivos** da USC organizou unha nova quenda de talleres de control do estres e a ansiedade logo da destacada acollida de edicións anteriores. As persoas inscritas aprenden distintos procedementos de respiración e relaxación para enfrontarse ao estres derivado dos cambios constantes que impón a sociedade actual e que esixe un esforzo permanente de adaptación.
- A Unidade de Atención Temperá, situada na Facultade de Psicoloxía, realizou en 2012 varias xornadas de portas abertas para dar a coñecer o seu traballo á cidadanía. Esta unidade leva máis dunha década traballando, tempo en que tratou a máis de 2.500 menores afectados por trastornos ambientais con factores de estres, exclusión social, trastornos na linguaxe ou algún tipo de enfermidade rara. Na unidade realizan prácticas os/as alumnos/as de varias materias das titulacións impartidas na facultade.

- A cidade de Santiago de Compostela, coa colaboración da USC, converteuse en sede, por primeira vez en España, das **Nerd Nites**, encontros que combinan ocio nocturno e coñecemento. As **Nerd Nites** aglutinan nunha noite nun local de ocio da cidade tres charlas de 15 minutos sobre temáticas completamente diferentes pero coa clave común da sinxeleza de conceptos e contidos. En 2012 desenvolvéronse 3 sesións.






- A Aula TIC-PEMEs desenvolveu na facultade de ADE a primeira edición do proxecto 'Abrimos unha ventá ao mundo para ti', coa realización dun curso de 50 horas no cal participaron dez persoas con discapacidade intelectual pertencentes á asociación Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, que durante sete semanas recibiron formación no ámbito das novas tecnoloxías co apoio de dez voluntarias do campus lucense. En 2011 xa se desenvolvera unha actividade similar para persoas maiores.
- O Grupo Gist-Idega da USC desenvolveu unha web experimental ([www.galiciaautentica.org](http://www.galiciaautentica.org)) para a promoción de novas formas de turismo alternativo en Galicia. Trátase dunha web de rutas etnográficas que ofrece unha visión alternativa da cultura galega e se complementa con [www.granxafamiliar.com](http://www.granxafamiliar.com), ambas as dúas concibidas como unha expresión cultural de compromiso co desenvolvemento sostible de Galicia.

#### 4.2.5. Producción científica

Os resultados de investigación máis facilmente cuantificables ou medibles son os relacionados coa produción por parte do noso persoal investigador de artigos, teses e libros e a obtención de patentes e licenzas. A pesar das dificultades que afronta a actividade investigadora, tanto a consecuencia dos menores recursos económicos obtidos como pola maior esixencia e dedicación que o EEES supón para o PDI, na USC mantívose ou mesmo incrementouse o ritmo e a calidade na xeración de resultados de investigación.



Por unha banda, e a falta de coñecer as cifras correspondentes á produción científica de 2012 (que serán publicadas na memoria de I+D+i+E 2012 da USC, previsiblemente no último trimestre de 2013), a publicación


de libros ou monografía mantense en 2011 nun nivel próximo á media dos últimos seis anos, se ben por debaixo da elevada cifra do 2009.

En relación coa publicación de artigos en revistas, compróbase que no período 2009-2011, en que xa eran evidentes os efectos dos recortes no financiamento á investigación, o PDI da USC conseguiu aumentar tanto o número de publicacións en todo tipo de revistas científicas como naquelas de maior impacto científico recoñecido (revistas JCR). A área de Ciencias Experimentais foi a que mostrou en 2012 unha maior produción científica no que a publicación en revistas se refire, mentres que a área de Humanidades concentra tamén un alto número de publicacións pero poucas en revistas indexadas no JCR.






Publicación de artigos en revistas e revistas JCR (2009–2011) e distribución por áreas



O número de teses defendidas é outro indicador relevante para avaliar a actividade investigadora dunha universidade. No ano 2012 non foron aínda palpables os efectos dos recortes nas axudas predoutorais e acadouse a cifra máis alta antes rexistrada.

Nº de teses defendidas (2005–2012)






En relación coa protección intelectual dos resultados de investigación, en 2012 avanzouse na racionalización do proceso de presentación de solicitudes de patente para centrarse nos casos que aportan verdadeiro valor, o que fixo que se limitase a 23 o número de solicitudes á Oficina Española de Patentes e Marcas (OEPM), pese a ter aumentado a 47 as comunicacións de invención.


A USC conta así con máis de cento noventa títulos de patente española concedidos, o que a sitúa como a cuarta universidade española con maior carteira de patentes e a quinta segundo o número de solicitudes prioritarias (*Memoria REDOTRI 2011*). En 2012 fixéronse, ademais, 28 solicitudes internacionais de patentes, das que se obtiveron dúas na *United States Patent and Trademark Office* (USPTO).

#### Solicitudes e concesións de patentes (2010–2012)



En 2012 obtivéronse 5 novas licenzas, e os ingresos por licenzas duplicáronse respecto dos do 2011 e superaron amplamente os dos últimos catro anos, confirmando a tendencia de recuperación iniciada en 2011.

#### Obtención de licenzas e ingresos por licenzas (2010–2012)







Os resultados de investigación poden tamén ser avaliados nos diversos *rankings* que analizan o impacto da produción científica universitaria. Pese a existir certa controversia sobre a súa pertinencia, utilidade e precisión, alimentada polo feito de que cada un deles emprega os seus propios indicadores e metodoloxías de valoración e clasificación, constitúen unha referencia de interese ao brindarnos á posibilidade de compararnos con outras institucións no contexto nacional e internacional.

Resumimos na seguinte táboa a posición que ocupa a USC nalgúns dos *rankings* máis coñecidos e mellor valorados:

Posición da USC nos principais <i>rankings</i> de universidades	
<i>Ranking</i>	Posición
<b>ÁMBITO MUNDIAL</b>	
Academic Ranking of World Universities (ARWU) 2012, Área de Química	151–200
CWTS Leiden Ranking 2013 (segundo impacto científico–citacións) – Número de publicacións 2008–2011	304
CWTS Leiden Ranking 2013 (segundo impacto científico–citacións) – Proporción no 10% das publicacións de maior impacto	317
University Ranking by Academic Performance (URAP) 2012–2013	337
Ranking HEEACT 2011 (ranking de Taiwan)	352
Ranking Web de Universidades 2013 (datos a xaneiro de 2013)	386
Ranking 2011/2012 QS World	451
Scimago Institutions Ranking 2012	471
<b>ÁMBITO NACIONAL</b>	
Ranking I–UGR 2013 por campos científicos (2008–2012): Campo das matemáticas	1
Ranking I–UGR 2013 por disciplinas científicas (2008–2012): Disciplina de Odontoloxía	3
Ranking I–UGR 2013 por disciplinas científicas (2008–2012): Disciplina de Ciencia Política	3
CWTS Leiden Ranking 2013 (segundo impacto científico–citacións) – Proporción no 10% das publicacións de maior impacto	3
University Ranking by Academic Performance 2012–2013	8
Scimago Institutions Ranking 2012	14

No contexto internacional, dous *rankings* recoñecen o impacto científico da USC situándoa entre as 350 mellores universidades do mundo: o *University Ranking by Academic Performance (URAP) 2012–2013*, que lle asigna o posto 337 (segundo as publicacións de 2011 e as citacións no período 2007–2011), e o *CWTS Leiden Ranking 2013* que, considerando a proporción de publicacións da USC no 10% das publicacións de maior impacto científico (a partir dos datos de publicacións indexadas na Web of Science da Thomson Reuters no período 2008–2011), lle asigna o posto 317.

En comparación con outros *rankings*, o Leiden Ranking ofrece mellores indicadores acerca do impacto e a colaboración científica e emprega unha metodoloxía moito máis



transparente. De feito, a Universidade de Leiden está a colaborar coa Comisión Europea na construción do U-Multirank, que aspira a superar os enfoques tradicionais da clasificación do rendemento das universidades, que se centran de forma desproporcionada na excelencia da investigación, e a converterse nun *ranking* de referencia e verdadeira utilidade ante a proliferación deste tipo de clasificacións nos últimos anos. A USC formará parte das 500 universidades sometidas a avaliación nunha primeira fase de construción do *ranking*.

No *Leiden Ranking* 2013 a USC ocupa a terceira posición mundial no ámbito das matemáticas e as ciencias da computación segundo a puntuación media en citacións normalizadas, e o terceiro posto no contexto nacional segundo a porcentaxe de publicacións no 10% das máis citadas.

No *Ranking HEEACT* (tamén coñecido como *ranking* de Taiwan) a USC figuraba tamén na súa edición 2010 entre as 350 mellores universidades do mundo (posto 349), pero na edición de 2011 cae tres postos, ata o 352, aínda que no contexto nacional mantense na 6ª posición neste *ranking*.

No *Ranking Web de Universidades* do CSIC, actualizado a xaneiro de 2013, a USC ocupa o posto 386 entre as universidades do mundo, 157 entre as europeas e o 17 entre as españolas, perdendo posicións respecto aos datos cos que se pechaba 2012 (posto 250 mundial, 97 europeo e 10 nacional). Este *ranking* do CSIC está considerado un dos máis fiables e completos dos que se realizan no ámbito internacional. Ademais de estar elaborado por unha entidade sen ánimo de lucro, configúrase exclusivamente a partir de criterios cuantitativos extraídos da Rede: presenza na Rede, número de citacións, grao de apertura e accesibilidade dos contidos e excelencia dos artigos dentro da súa especialidade.

Outra das clasificacións internacionais máis recoñecidas, o *QS-World*, sitúa á USC en 2012 na posición número 451 a nivel mundial e, por áreas, valora tamén positivamente a produción científica das áreas de Lingüística (posto 176), Artes e Humanidades (posto 254) e Ciencias da Vida e Medicina (posto 397).

No *Scimago Institutions Ranking* (SIR), a USC aparece no posto 471 no *ranking* mundial, no 170 no *ranking* rexional (Europa Occidental) e no 14 no *ranking* nacional.

No contexto nacional, podemos destacar que a USC mellorou en 2012 a súa posición en case todos os campos e disciplinas científicas na edición 2013 do *Ranking I-UGR de Universidades Españolas*, tomando en consideración a produción científica do período 2008–2012.

Podemos destacar tamén que segundo un *estudo* realizado polo Grupo para a Difusión do Índice h (DIH), 21 dos 25 investigadores/as máis importantes de Galicia desenvolven o seu labor na USC. O índice h é unha relación numérica entre o número de publicacións dun investigador e o número de veces que se ten citado ese traballo. Trátase dunha referencia coa que se pretende medir a calidade dos/as investigadores/as e a influencia do seu labor.



Finalmente, o esforzo dos membros da USC, tanto do estudiantado coma do persoal e tanto en relación coa docencia coma coa investigación, pero moi especialmente o esforzo investigador do persoal, é recoñecido por outras institucións e entidades mediante a concesión de diversos premios e distincións.





► relaciones con organizaciones



## 5 RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS

No ámbito das **relacións con organizacións**, a USC preocúpase por crear vínculos de traballo e colaboración con outras entidades públicas ou privadas do noso contorno, tanto local coma nacional e internacional, e procura garantir un trato respectuoso, xusto e transparente para con elas.

A USC está especialmente comprometida co desenvolvemento de actuacións que contribúan ao seu posicionamento no contorno académico global. A estratexia de **internacionalización** da USC, que ten recibido un forte impulso en 2012, constitúe un ámbito de actuación transversal na xestión e actividade da institución, pois require da implicación e participación de todos os membros da comunidade universitaria (mobilidade do estudantado e do persoal, desenvolvemento de accións en colaboración internacional) e de todos os servizos e unidades da organización (tanto a nivel de administración como en relación coas residencias universitarias, a formación en idiomas, etc.).

A estratexia de internacionalización da USC comprende a promoción da mobilidade internacional do persoal e do estudantado propio e alleo (dende a USC e cara a USC), a captación de alumnado estranxeiro (mediante a mellora do atractivo e flexibilidade da oferta académica da USC e a proxección exterior) e a xestión das relacións internacionais, tanto mediante a firma de acordos e convenios con universidades estranxeiras coma acadando acordos de paternariado estratéxicos no marco da cooperación universitaria e a cooperación ao desenvolvemento. Resulta tamén esencial contribuír á mellora das competencias lingüísticas tanto dos que elixen a USC como destino (para favorecer a súa integración e mesmo a súa captación pola vía da aprendizaxe do castelán e o galego) coma do estudantado e o persoal da propia USC (para favorecer a súa mobilidade e, especialmente no caso do persoal, a súa capacidade para desenvolver as súas funcións nun contexto internacional).

A nosa aposta pola internacionalización representa, deste xeito, unha área primordial no ámbito das relacións con organizacións do noso modelo de responsabilidade social. Pero non menos importantes son as relacións de colaboración que establecemos con diversos axentes do noso contorno máis próximo (local e nacional).

Así, por unha banda, no desenvolvemento da nosa actividade precisamos recorrer ás empresas do noso contorno local para obter algúns dos bens e servizos que non podemos xerar por nós mesmos. A contratación administrativa cos nosos **provedores** axústase, como entidade pública que somos, á lexislación xeral en materia de contratación pública.

Por outra banda, as nosas relacións coas **institucións de educación secundaria** resulta tamén fundamental, na medida en que constitúen a antesala da educación universitaria e que poden xogar un importante papel preparando adecuadamente ao seu alumnado para dar o salto á universidade, tanto mediante o desenvolvemento das capacidades e



competencias necesarias coma proporcionando unha axeitada orientación para a elección dos estudos universitarios. O programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” permítenos achegar a oferta formativa da USC e a realidade da universidade aos/ás futuros/as estudantes.

Ademais, a nosa condición de institución pública determina que debamos manter unha estreita relación coas **administracións públicas**, en particular coa Xunta de Galicia e co goberno do estado español, vendo supeditada a nosa autonomía universitaria ás decisións destes organismos en materia de educación, investigación, economía ou facenda.

Tamén na nosa actividade resulta esencial crear vínculos de colaboración con **outras empresas e institucións** coas que compartimos metas e obxectivos e procuramos xerar sinerxías coas que contribuír a xeración de coñecemento e á mellora da sociedade. Destacan neste sentido as **cátedras institucionais** creadas en colaboración con diversas entidades.

Dado que nos apartados anteriores desta memoria se teñen explicado xa moitos dos feitos relevantes que se produciron en 2012 na nosa relación coas administracións públicas e outros socios privados, revisamos nos seguintes epígrafes os acontecementos e actuacións máis destacados en 2012 en relación co noso esforzo de internacionalización, os nosos provedores e o programa A Ponte.

### 5.1. Internacionalización

Na USC somos conscientes de que, nunha sociedade global, debemos fomentar a **proxección internacional** da nosa actividade. É por iso que a USC mantén unha actividade especialmente intensa no ámbito da **internacionalización**, xestionando, a través do seu **Servizo de Relacións Exteriores (SRE)**, a mobilidade de estudantes, PDI e PAS dende e cara a outras universidades do mundo.

No plano organizativo, e para dar cumprimento aos compromisos de fomento da proxección exterior da USC adquiridos no **Plan estratéxico 2011–2020**, a finais de 2011 creouse a Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización, que asume as relacións da USC con outras institucións e organizacións, prestando atención prioritaria aos temas de internacionalización e á mobilidade dos universitarios, tanto estudantes, como profesores/as ou membros do PAS.


O **SRE** comezou en 2012 a adaptación dos seus procesos de xestión ás necesidades de internacionalización, coa creación dun negociado de asuntos económicos e coa mellora do módulo de mobilidade de Xescampus. Potenciouse tamén a estrutura da Oficina de proxectos europeos de cara á dinamización e promoción de proxectos e ao desenvolvemento dunha estratexia activa no marco do novo escenario Europa 2020, coa contratación dun técnico e dun auxiliar de apoio con cargo ao financiamento de **Campus Vida** e dunha axuda do MINECO.





No tocante á mobilidade internacional do persoal, destaca especialmente o programa de mobilidade en Europa Erasmus. Dentro do Programa de aprendizaxe permanente, a USC concedeu axudas de mobilidade na convocatoria 2011–12 a 56 docentes e 14 coordinadores académicos Erasmus, e dentro do programa de formación do persoal non docente (LLP:STT Staff Training) recibiron axudas 10 membros do PAS da USC (na súa maioría pertencentes ao SRE e ao CLM).

Axudas da USC á mobilidade do seu persoal baixo o programa Erasmus (2010–2012) e destino dos docentes en 2011–12



En 2012 promovéronse as estadias de profesorado estranxeiro na USC por medio do Programa internacional de mobilidade para a formación de futuros doutores en India e China (2012–2013), convocatoria promovida polo SRE e financiada a través do Programa fortalecemento–Campus Vida. Fomentouse tamén a colaboración do persoal investigador da USC con institucións estranxeiras de prestixio internacional, promovendo a participación de grupos e centros de I+D en redes institucionais e apoiando a participación en Accións COST, Redes ITN e Biocluster.

En relación coa mobilidade internacional do estudiantado destaca tamén o programa Erasmus, baixo o que no curso 2011–12 a USC tiña asinados 1.882 acordos de intercambio con 432 universidades de 28 países europeos.


Acordos de intercambio asinados baixo o programa Erasmus (2010–2012)





No curso 2011-12 reduciuse o alumnado enviado e recibido respecto do curso 2010-11, en que a actividade do programa se incrementara de modo moi significativo. Compróbase que a USC segue a ser un destino moi atractivo para o estudiantado estranxeiro, e que as mulleres continúan sendo as que máis participan no programa.


Alumnado enviado e recibido no programa Erasmus (2010-2012) e países de destino e orixe en 2011-12



En 2012 púxose en marcha en Santiago unha sección da federación europea [Erasmus Students Network \(ESN\)](#), asociación estudantil de ámbito europeo, presente en 416 universidades e institucións de educación superior de 36 países europeos, que promove a colaboración voluntaria de estudantes que participaron en programas de intercambio para axudar aos/ás alumnos/as estranxeiros/as que nos visitan.

Podemos destacar tamén os resultados doutros programas de mobilidade internacional como o ISEP (que promove a mobilidade de estudantes de pre e posgrao entre a USC e institucións dos Estados Unidos e Porto Rico) e os programas bilaterais (acordos específicos entre a USC e universidades de América, Asia e Australia). O programa ISEP, que no 2010-11 recibira un forte impulso, mantivo no curso 2011-12 un bo nivel de participación, mentres que os programas bilaterais a viron reducida en arredor dun 20%.

## Alumnado enviado e recibido no programa ISEP e nos programas bilaterais (2010–2012)



En 2012 asináronse 64 convenios con universidades estranxeiras, 50 deles novos, centrados fundamentalmente en América Latina (Brasil, en primeiro lugar, e tamén México, Perú e Colombia), así como en Asia (China, Corea e Xapón), Estados Unidos e Canadá, rexións nas que se focalizou a estratexia institucional de internacionalización. Tamén subscribíronse convenios con Italia e con Rusia.

Así mesmo, impulsouse a promoción da USC en áreas xeográficas estratéxicas, avanzada en China, Corea, Xapón, e coa sinatura de 25 convenios de intercambio con países de lingua inglesa: USA, Canadá e Australia.



Froito destes esforzos, en setembro de 2012 recibíuse a 95 estudantes brasileiros no campus de Lugo para continuar a súa formación na Escola Politécnica Superior e na Facultade de Ciencias, e a 90 estudantes chineses destinados na súa maioría á facultade de Filoloxía do campus de Santiago.


Asináronse, ademais, os primeiros convenios con universidades estranxeiras para a posta en marcha de programas de doutoramento conxuntos, e renováronse os convenios de programas de doutoramento Erasmus Mundus.

Na liña de incrementar o número de alumnado estranxeiro, un dos obxectivos do Plan estratéxico 2011–2020 da USC, puxéronse en marcha en 2012 diversas actuacións:



- Potenciar a atracción internacional dos estudos de posgrao, con presenza en feiras de captación e introdución dun sistema de seguimento (700 demandas de información específicas atendidas).
- Implantar unha política clara de proxección da marca de calidade USC para a captación de alumnado estranxeiro como visitante ou para continuación de estudos.
- Elaborar un programa de atención a estudantes de fóra do EEES (PATEX), cuxa aprobación quedou pendente para 2013.


Alumnado enviado e recibido no programa SICUE/SENECA (2010-2012)



Tamén no ámbito da mobilidade do estudantado, aínda que neste caso no contexto nacional, podemos facer referencia ao programa SICUE/SENECA (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España), que permite aos/ás estudantes realizar unha parte dos seus estudos noutra universidade española, e baixo o que no curso 2011-12 mobilizouse a un bo número de estudantes dende e cara a USC.

A mellora da mobilidade internacional do persoal e estudantado universitario pasa por facilitar a súa integración nos seus respectivos destinos. Na USC, por unha banda, desenvólense varias actividades orientadas á acollida dos/as estranxeiros/as que elixen a nosa universidade como destino.

Datos de participación no programa de acollida de estudantes (2010-2012)




E, por outra, ofrécese formación en idiomas tanto ao alumnado estranxeiro (cursos de español e galego) como aos membros da USC (cunha variada oferta de idiomas). O Centro de Linguas Modernas (CLM), a través dos seus cursos regulares e intensivos de verán e do Centro de Autoaprendizaxe Titorizado (CAT, denominado Centro de Recursos de idiomas ata o curso 2010-11, en que estivo fora de actividade), conta



cada ano con máis alumnos/as matriculados/as e traballa constantemente na incorporación de novas posibilidades de formación en idiomas.

### Nº de matriculados en cursos regulares no CLM




Así, o CLM, que en 2012 inaugurou nova sede para as súas dependencias administrativas na Casa dos Catedráticos, converteuse neste ano no terceiro centro oficial en España examinador de xaponés, e é tamén a única institución en Galicia que organiza probas oficiais de catalán.

O CLM é centro examinador e acreditado do Instituto Cervantes dende 1992, e en 2012 realizou a súa 20ª convocatoria dos Diplomas DELE para acreditar o coñecemento e dominio do español, se ben no curso 2011-12 non se realizou ningún curso de preparación para o exame, como se viña facendo en anos anteriores. Nesta longa traxectoria téñense examinado no CLM máis de 1.000 persoas.




### Nº de matriculados noutros cursos do CLM (2010–2012)



Esta atractiva oferta tenlle permitido ao CLM aumentar o estudantado estranxeiro matriculado nos cursos especificamente dirixidos a dito colectivo e nos cursos organizados en colaboración coa Xunta de Galicia e o Instituto Cervantes.

### Nº de estudantes estranxeiros/as matriculados/as no CLM (2010–2012)



Para atraer ao alumnado estranxeiro é igualmente relevante aumentar a oferta de materias impartidas noutros idiomas, como o inglés. Neste sentido, dende novembro do ano 2012 o PFID oferta un plan específico *on-line* de formación en inglés (modalidades de autoformación e semipresencial), directamente orientado á mellora de competencias para a impartición de docencia en inglés, cunha oferta formativa inicial para 200 profesores/as.

Cabe destacar tamén que en 2012 promoveuse a captación de alumnado estranxeiro pola vía da aprendizaxe do castelán e do galego, mediante as xa mencionadas accións de captación activa en China, Corea e Xapón, e outras de captación tentativa en Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos e Qatar. Neste sentido é salientable o traballo da Cátedra Inditex de Lingua e Cultura Española, a través da que, en colaboración coa Universidade da Coruña, a USC ten en marcha cursos de formación continua na



Universidade de Dhaka, en Bangladesh, para a aprendizaxe da lingua e a cultura española por parte dos seus estudantes.


Outras actuacións iniciadas en 2012, e nas cales se segue a traballar, están orientadas a incrementar a mobilidade dos membros da comunidade universitaria, mellorando as probas de acreditación de coñecemento de linguas (cun potencial actual de 6.000 probas por curso), adaptando e mellorando o regulamento de intercambios e mellorando o servizo de información de bolsas.

## 5.2. Relación cos nosos provedores

No tocante as **relacións cos nosos provedores**, pode obterse unha idea aproximada do tipo de empresas coas que precisamos contactar para obter algúns dos bens o servizos necesarios na nosa actividade analizando a composición dos gastos en bens correntes e servizos reflectidos na **memoria económica e informe de xestión** do ano 2012.

Así, comprobamos que a USC debe contratar servizos de mantemento e reparación para os seus edificios e equipamentos, servizos de comunicación, limpeza ou seguridade, subministracións de auga, enerxía ou material de oficina, servizos xurídicos, de seguro, etc. Ademais, no marco do desenvolvemento dos diversos cursos, conferencias e congresos que organiza a USC e da prestación do servizo de extensión universitaria, establécense tamén relacións comerciais con terceiros.

Estructura do gasto en bens correntes e servizos nos exercicios 2011 e 2012



O contexto de crise económica e a contracción do orzamento alteraron levemente a estrutura do gasto en bens correntes e servizos do exercicio 2012 en relación á do 2011. As reducións máis significativas do gasto producíronse en relación cos servizos



xurídicos (preto dun 62%) e a subministración de material de oficina (45%), mentres que a alza dos prezos dos combustibles explica o incremento do gasto en relación coas subministracións de enerxía (que incrementan o seu peso no conxunto do gasto en bens e servizos en 4 puntos porcentuais) e os servizos de transporte. O servizo de limpeza segue a concentrar a maior porcentaxe do gasto en bens e servizos.

A [memoria económica 2012](#) contén os datos dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, cun total de 108 expedientes, excluídos os contratos menores, o que supón que a xestión duplicouse con relación ao exercicio anterior, en que se xestionaron 54 expedientes de contratación. A información dos expedientes aparece diferenciada en función do procedemento empregado en cada caso (aberto ou negociado sen publicidade) e do importe dos contratos, IVE excluído.

No procura dunha xestión máis eficiente das contratacións e baixo o necesario compromiso coa contracción do gasto, en 2012 acometéronse as seguintes actuacións relacionadas con algúns dos nosos principais provedores:

- Negociouse un novo marco de prestación do servizo de limpeza por axuste das frecuencias e do prezo do metro cadrado, diferenciando os espazos de investigación, residencias e servizos comúns. En concreto, reduciuse o prezo dos contratos de limpeza, e acordouse a limpeza dos novos edificios sen custe adicional con cargo a un axuste das frecuencias establecidas en contrato.
- Na liña de mellora da xestión de contratos, revisáronse todos os que se viñan prorrogando para proceder a novas licitacións, de xeito que os importes de licitación se axustaran á nova situación. Como novidade na xestión procedeuse a facer a licitación mediante poxa electrónica dos contratos de electricidade e gas.
- Ante os problemas financeiros do servizo de reprografía contratado no campus de Santiago, a USC tivo que intervirlo, garantindo así o servizo para a comunidade universitaria e dando certo marco de estabilidade aos/ás empregados/as da empresa, que levaban varios meses sen cobrar as súas nóminas.

### **5.3. Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”**


Un ano máis, fomentouse por medio do programa [A Ponte a cooperación cos centros de ensino medio](#) de Galicia, informando aos/ás estudantes sobre o acceso á universidade. O peso fundamental do programa recae sobre as charlas de presentación impartidas nos propios centros de ensino medio, en que, na edición do curso 2011–12, participaron 8.500 estudantes de 152 centros galegos (como se recolle na [memoria 2011–12](#) do programa).

O programa establece tamén o desenvolvemento na USC da xornada “Encontros do Ensino Medio e a USC: Adiante”. No curso 2011–12 abriron as súas portas ao estudantado de ensino medio 36 centros da USC, coa asistencia de 1.805 estudantes.






### Centros implicados e estudantes asistentes ás charlas de presentación e xornadas de encontros da Programa A Ponte (2010–2012)



Realizáronse tamén xuntanzas coas áreas de dirección e orientación de 178 centros de ensino medio de Galicia, e impartíronse charlas para pais e nais en 13 centros.



Por outra banda, un ano máis desenvolveuse a iniciativa de distinguir aos/ás alumnos/as galegos/as cos expedientes máis destacados ao remate do ensino secundario, ao que asistiron 301 estudantes cunha media do seu expediente académico superior a 9.

Cabe destacar tamén que baixo este programa seguiu a participar en 2012 nos Campus Científicos de Verán, co obxecto de impulsar o interese da xuventude pola ciencia e a tecnoloxía e incentivar o seu acceso a titulacións científico-técnicas.





► extensión  
e voluntariado





## 6 EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO

No marco da súa responsabilidade social, a USC non só procura a través da docencia e a investigación prestar un servizo á sociedade e devolverlle parte do que dela recibe, senón que tamén intenta contribuír á creación de valor social e cultural a través das actividades de **extensión e voluntariado**.

A implicación da comunidade universitaria en accións de voluntariado social é fundamentalmente promovida dende o SEPIU, que colabora con distintas entidades de acción social para levar a cabo diferentes campañas e sensibilizar á poboación e ao alumnado sobre problemáticas ambientais e sociais. Ademais, dende moitos dos centros e grupos de investigación da USC realízanse actividades que reverten na mellora do benestar da sociedade.

Dentro do programa de extensión universitaria a USC desenvolve numerosas actividades culturais e deportivas non soamente dirixidas á comunidade universitaria, senón ao conxunto da cidadanía.

Finalmente, a USC ten tamén o compromiso de formar en valores e fomentar actitudes proactivas en temas sociais, ambientais ou de emprendemento.

En 2012 as actuacións en todos estes ámbitos víronse afectadas pola necesidade de reducir o gasto. Malia isto, a USC segue a amosar un elevado compromiso coa sociedade en xeral e coas comunidades locais das dúas cidades en que se atopan os seus campus.

### 6.1. Voluntariado


No ámbito do **voluntariado**, en 2012 deuse un paso fundamental para fomentar a participación do estudiantado en proxectos de voluntariado, participación social e cooperación universitaria mediante o desenvolvemento dun **protocolo** propio da USC para o recoñecemento académico das actividades solidarias e de cooperación, segundo recolle o artigo 12.8 do RD 1393/2007. Estas actividades recoñécense con créditos optativos para o alumnado de Grao e con créditos de libre configuración para o alumnado das Licenciaturas, Diplomaturas e Enxeñarías, sendo posible obter o recoñecemento de ata 6 créditos nos graos e 4 nas titulacións en extinción. Ademais do desenvolvemento dunha actividade voluntaria, requírese realizar o Curso de Formación Básica de Voluntariado en calquera das súas modalidades (presencial ou en liña) e participar na aula de apoio no Campus Virtual da USC.

Non obstante, no curso 2011-12 aínda non se puideron recoller os froitos deste avance (o protocolo foi aprobado en abril de 2012) e, de feito, neste curso reduciuse o número de voluntarios/as que participaron nos diferentes programas (atención á diversidade, inclusión social, maiores, menores, minorías,...) e, consecuentemente, foi



tamén menor o número estimado de persoas atendidas en relación coas cifras dos cursos 2009–10 e 2010–11. Aínda así, os datos de participación superan aos rexistrados entre 2005 e 2009. Pola contra, o número de actividades desenvolvidas incrementouse de xeito substancial, dando conta dos esforzos realizados dende o SEPIU, e en particular dende a súa Área de voluntariado, participación e cooperación internacional, por estender e ampliar a súa actividade colaborando con todo tipo de iniciativas e entidades sociais.

Evolución da actividade de voluntariado (2005–2012) e impacto dos programas desenvolvidos no curso 2011–12



\* En 2011–12 inclúe: Inclusión social e Atención á diversidade

\*\*En 2011–12 inclúe: Hospitalario e da saúde e Saúde mental




Para facilitar ás persoas voluntarias o desenvolvemento da súa actividade, en 2012 impartíuse a sétima edición do curso en liña (a través do Campus Virtual da USC) de formación básica en voluntariado, que ofrece coñecementos para un mellor servizo na organización non lucrativa na que colaboran e un maior aproveitamento persoal das súas actividades.



Dende o SEPIU seguiu a colaborar en 2012 en diversas campañas de sensibilización, en colaboración con distintas institucións, como a Asociación Española Contra el Cáncer, Acción Contra el Hambre ou o Centro de Transfusión de Galicia. Con este último desenvólvese dende hai anos a Campaña de doazón de sangue, que no curso 2011-12 viu reducida a participación da comunidade universitaria. A pesar do descenso, as 126 doazóns por cada 1.000 alumnos/as acadadas no campus de Lugo o situaron como o primeiro campus galego en taxa de doazón.

Evolución das doazóns na Campaña de doazón de sangue (2006-2012)



Para a coordinación e posta en marcha de programas en colaboración e o desenvolvemento dos programas propios, o SEPIU promoveu en 2012 a firma de sete novos convenios con entidades:

- Convenio de colaboración coa Fundación Down Compostela.
- Convenio marco de colaboración coa Federación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPAG).



- Convenio marco de colaboración coa Fundación Integra para a discapacidade intelectual.
- Convenio marco de colaboración co Concello de Santiago de Compostela.
- Convenio marco de colaboración coa Fundación Privada Intervida.
- Convenio marco de colaboración coa Empresa Enxeño Galicia, S. L. (Elocuencia Comunicación).
- Convenio marco de colaboración coa Asociación de pais de nenos e adolescentes con necesidades especiais (ASPANANE).

Ademais, o [SEPIU](#) desenvolveu en 2012 as seguintes actuacións:

- Impulsouse o desenvolvemento de proxectos de investigación–acción poñendo en marcha, coa materia de Pedagogía Intercultural, un proxecto de aprendizaxe–servizo que promove a participación do alumnado da materia en proxectos coordinados por entidades do ámbito da inmigración e interculturalidade coas que colabora o [SEPIU](#), e realizando un obradoiro de aprendizaxe–servizo dentro do [PFID](#).
- Avanzouse na integración social e cultural do estudantado vinculado a programas de mobilidade, mediante a celebración de reunións cos responsables da asociación [Erasmus Students Network](#) e dunha charla informativa dirixida aos estudantes de cursos internacionais procedentes de Estados Unidos.
- Promovéronse e facilitáronse as relacións entre as asociacións estudantís e o tecido asociativo cidadán nos dous campus da USC.
- Utilizáronse as ferramentas virtuais da USC como elemento de promoción, seguimento e xestión das actividades de aprendizaxe–servizo desenvolvidas entre a universidade e as entidades do terceiro sector a través da actualización diaria da páxina propia do [SEPIU](#), o mantemento do espazo no campus virtual para a xestión e difusión das actividades de participación social e a utilización do servizo de comunicación interna da USC para a difusión de programas e proxectos específicos entre a comunidade universitaria (campañas de doazón de sangue, olimpíada solidaria de estudo, etc.).


## 6.2. Cultura

Cumprindo coa liña estratéxica de compromiso coa sociedade na creación e difusión da [cultura](#), a [Área de Cultura](#) da USC desenvolveu ao longo de 2012 unha intensa actividade tanto no campus de Compostela coma no de Lugo. A oferta incluíu unha ampla e variada programación cultural nos ámbitos da música, do teatro, da danza, das artes visuais e das exposicións, sempre aberta a toda a cidadanía, e da que podemos citar os ciclos [Músicas a Carón da Mosqueira](#), [Sonatas para Violín e Piano de Beethoven](#), [Lubicán](#), os concertos do [Espazo de Cámara](#), as [Xornadas de Música Contemporánea](#), o [XVIII Festival Internacional de Teatro Universitario](#), a [XIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia](#), o [X Encontro Universitario de Danza Contemporánea](#) e as exposicións [Domus do Mitreo](#) e a dedicada a [Antonio Casares](#).






Nesta mesma liña, cabe destacar a participación da USC na posta en marcha en Compostela do proxecto internacional [Nerd Nites](#), unha novidosa fórmula de divulgación da cultura científica con charlas e debates de temática variada que se desenvolven en locais de ocio da cidade.



Para levar a cabo toda esta programación foi fundamental a colaboración con diferentes institucións e entidades coas que a USC foi parceira para algunhas accións, que no caso do campus de Lugo foi canalizada a través do Convenio Lugo Cultural, no cal participan a USC, o Concello de Lugo, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Fíxose un especial esforzo por abrir novas canles de difusión da información a través da correspondencia electrónica e das redes sociais.



En 2012 o proxecto europeo [campUSCulturae](#), que conta co cofinanciamento da Culture Agency da Comisión Europea a través do programa Culture, avanzou na súa consolidación. Trátase dunha iniciativa de carácter interdisciplinar e transversal na cal están

implicadas a Facultade de Ciencias da Comunicación, a Biblioteca Xeral da USC, a Área TIC e a Oficina de Investigación e Tecnoloxía (OIT), contando ademais con institucións universitarias e sociedades culturais de Bulgaria, Islandia, Polonia, Alemaña e Portugal. O proxecto ten como principais ámbitos de acción e contidos unha [Biblioteca Internacional](#), o [Museo Internacional da Ilustración](#) (aínda por crear), unha plataforma de Diálogo Intercultural e o Centro da Creatividade.




Unha das actividades máis destacadas en 2012 do [campUSCulturae](#) foi a exposición [ilustraMundos](#) no Colexio de Fonseca, que a través de ilustracións de diversos autores plantexaba unha viaxe por dez culturas do mundo. Durante tres meses recibiu máis de 6.000 visitas, moitas delas pertencentes a centros de ensino de toda Galicia, entidades culturais e asociacións vencelladas co mundo da arte e da infancia. Dada a boa acollida da mostra, o [campUSCulturae](#) decidiu dixitalizar os contidos de [ilustraMundos](#) creando así unha exposición virtual no [Museo Internacional da Ilustración](#).

No relativo ao obxectivo de contribuír á formación integral do estudiantado transformando os servizos non académicos en ferramentas de apoio, a [Área de Cultura](#) da USC ofreceu en 2012 un amplo abano de cursos, seminarios e obradoiros de formación cultural entre os que se incluíron 14 módulos de teatro, 4 de danza, 15 de fotografía, 4 de formación musical e 5 de extensión cultural.

Ademais, a través dos cursos de verán a acción formativa da USC esténdese á toda a sociedade, e non soamente nas cidades que albergan os seus campus, xa que esta oferta recorre toda a xeografía galega. Na Universidade de Verán 2012 desenvolvéronse 34 cursos en 11 localidades, con 1.168 asistentes.

Nesta mesma liña, as nosas unidades de produción cultural ([Aula de Teatro](#), [Espazo de Danza](#), [Espazo de Cámara](#) e [Coro Universitario](#)) supuxeron unha plataforma de formación e participación activa do estudiantado nas respectivas actividades artísticas.



No relativo ao obxectivo de pór en valor e difundir cara a sociedade o noso patrimonio histórico-artístico, o programa de [Visitas Guiadas ao Patrimonio](#) da USC permitiu a propios e alleos o descubrimento de espazos significativos dos nosos edificios máis emblemáticos. Así mesmo, o taller de restauración do patrimonio levou a cabo en 2012 traballos de recuperación de 12 pezas do noso patrimonio pictórico e escultórico.




Neste mesmo obxectivo encádrase a catalogación da flora leñosa e a elaboración de roteiros verdes do campus de Lugo, que foron recollidos nunha publicación cuxa versión dixital estará dispoñible na web, actuación que supón unha contribución á posta en valor do patrimonio natural da USC.

Destaca igualmente o papel na transmisión da ciencia cara a sociedade do [Museo de Historia Natural Luís Iglesias](#), que en 2012 trasladouse dende os sotos da Facultade de Química ao novo edificio que o Consorcio de Santiago construíu no Parque Vista Alegre, razón pola cal neste ano non se puideron recibir visitas á súa exposición permanente.

E pese a que hoxe en día o acceso as producións musicais de todo tipo tense xeneralizado a través das novas tecnoloxías, a [Fonoteca Universitaria](#) segue a manter a súa actividade, cun modesto incremento nos seus fondos e seguindo a tendencia de redución da actividade iniciada nos anos anteriores, marcada singularmente pola redución no número de usuarios rexistrados.

#### Actividade da Fonoteca (2011–2012) e fondos en 2012



Finalmente, destacamos a actividade do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, especialmente do seu [Programa de extensión cultural de astronomía \(PECAS\)](#), que no



curso 2011–12 celebrou a súa 15ª edición, co obxectivo de dar a coñecer o mundo da Astronomía, así como as funcións do Observatorio, aos membros da comunidade universitaria e ao público xeral, con actividades diversas que inclúen a visita ao observatorio, diversas sesións de observación diurna e nocturna, charlas, etc. En 2012 desenvolvéronse varias actividades na Cidade da Cultura de Galicia (obradoiros sobre reloxos de sol, telescopios e bólidos e meteoritos, e sesións nocturnas de observación), e celebrouse en novembro a Semana da Ciencia 2012, con obradoiros, visitas guiadas ao observatorio e un programa de astronomía itinerante para chegar a colectivos e escolares con dificultades para visitar o observatorio.

### 6.3. Deporte

A USC promove a práctica do deporte a través do seu [Servizo de Deportes](#) e en colaboración coa [Fundación USC Deportiva](#). Para isto, dispón de diversas instalacións para a práctica libre deportiva (á cal se accede con entradas puntuais, bonos ou reservas), a práctica do deporte federado ou a realización de cursos de formación.

En Santiago a USC dispón de 36.890 metros cadrados que inclúen: unha piscina cuberta de 25 metros con seis canles, catro pistas de tenis ao aire libre e un campo de hóckey herba. Ademais, a USC conta cun campo de fútbol 11 ou dous transversais de fútbol 7, unha pista regulamentaria de atletismo de 400 metros, un pavillón polideportivo para practicar balonmán, fútbol sala, voleibol, baloncesto reducido e bádminton, e salas de acondicionamento físico, salas de artes marciais, un espazo de xadrez e salas de usos múltiples.

En Lugo, as instalacións da USC están formadas pola Aula de deporte e cultura da Facultade de Veterinaria, na que se pode practicar ximnasia de mantemento, aeróbic, step, pilates, danza oriental,..., e o ximnasio da residencia universitaria Bal y Gay (habilitada para a práctica da esgrima). Ademais, existen acordos para o desenvolvemento de actividades deportivas na Piscina das Pedreiras e no Pazo de Deportes, e para aproveitar descontos en actividades externas como o padel (Club Padel Nuestro do Polígono do Ceao) ou a hípica (Club Equus e “Pony Club”). Por outra banda, a USC ten suscrito un convenio co Club Fluvial de Lugo –que conta con piscina climatizada, ximnasio e sauna– para que os estudantes de primeiro e segundo ciclo poidan facer uso a prezo reducido das súas instalacións.


Ademais da práctica libre deportiva, a USC ofrece 28 escolas deportivas, que inclúen rutas por Galicia, natación terapéutica, aqua-gym ou matronatación, ou actividades de relaxación como ioga, tai-chi e pilates. A USC conta tamén con escolas de actividades de acondicionamento e competición como aeróbic e step, atletismo, baile, taekwondo, tenis, tiro con arco, ximnasia terapéutica e xadrez.

A USC dirixe esta oferta de instalacións e actividades deportivas tanto aos membros da comunidade universitaria coma ao público en xeral, de xeito que, aínda que o número de usuarios de instalacións deportivas con carné ascendeu no curso 2011–12 a 5.213,




e o de matriculados en actividades formativas e de lecer a 5.284, estímase que número de persoas que participou da oferta deportiva da USC ascendeu a máis de 14.000.

Evolución do nº de usuarios e matriculados da oferta do Servizo de Deportes



Ademais de todo o mencionado, o **Servizo de Deportes** da cobertura a deportistas federados (a través do **Club USC** nas seccións de atletismo, judo, karate, natación, orientación, taekwondo, tenis, xadrez, fútbol e fútbol 7 veterano) e ofrece a posibilidade de participar en diversos campionatos, en escolas de competición de tenis e natación e nas ligas universitarias de fútbol, baloncesto, balonmán, deportes tradicionais, voleibol, rugby e hóckey herba.

Número de deportistas federados e de participantes en ligas universitarias




Finalmente, o **Servizo de Deportes** presta atención a grupos con risco de exclusión social, persoas con discapacidade e maiores. Os servizos deportivos adquiren así unha dimensión de espazos que facilitan a socialización e a integración. En 2012 desenvóléronse actividades acuáticas na piscina universitaria para persoas con algún



tipo de discapacidade, tanto da comunidade universidade como da cidadanía en xeral, ofrecendo, a través de monitores especializados, un tratamento individualizado segundo as necesidades de cada usuario/a, atendendo deste xeito as súas particularidades e diversidade funcional. Con esta iniciativa, a USC prestou atención a un colectivo para o que, en moitos casos, non existe unha oferta de actividades deportivas.

Número de participantes en campionatos universitarios (2006-2012) e detalle por tipo de campionato en 2011-12





▶ ecología  
interna





## 7 ECOLOXÍA INTERNA

O ámbito da **ecoloxía interna** correspóndese co segundo eixe do **Plan de desenvolvemento sostible** da USC, a través do cal a ODS promove e desenvolve prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuír os riscos ambientais da actividade universitaria. Os proxectos desenvolvidos baixo este eixe agrúpanse en seis ámbitos de actuación: xestión enerxética, xestión da auga, xestión de residuos, mobilidade sostible, xestión e avaliación ambiental e certificacións e acreditacións.


### 7.1. Xestión enerxética

No tocante á **xestión enerxética**, a ODS desenvolve actuacións dirixidas a incrementar a eficiencia enerxética, buscando a redución do consumo de enerxía eléctrica e dos distintos combustibles empregados tanto nas caldeiras para calefacción coma no sistema de coxeración, e procurando minimizar as emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ao consumo de enerxía.


O consumo de enerxía eléctrica na USC provén, por unha banda, do denominado *mix* eléctrico (que inclúe a enerxía subministrada pola compañía distribuidora e que provén da enerxía primaria dos produtos derivados do carbón, das enerxías renovables e dos residuos) e, por outra, da enerxía subministrada polo sistema de coxeración.

En 2012 acadouse unha redución do 5% no consumo eléctrico respecto do 2011, constituíndo a achega do sistema de coxeración un 19,6% do mesmo. O sistema de coxeración permitiu ademais a venda dun excedente de enerxía de 835.000 kWh e un aproveitamento de enerxía calorífica equivalente a 457.000 litros de gasóleo.

Evolución do consumo de electricidade 2010-2012 (kWh)




Evolución da venda de enerxía excedente e do aproveitamento calorífico do sistema de coxeración (2010-2012)






### Consumo de gasóleo e gas natural (2010-2012)



Deste xeito, o sistema de coxeración contribúe a reducir o consumo de gasóleo e gas natural para atender as demandas de calefacción dos centros. En 2012 o consumo de gasóleo, pese a aumentar respecto ao 2011, mantívose por debaixo do consumo medio dos últimos oito anos, e o consumo de gas natural (que na súa maior parte corresponde ao propio sistema de coxeración) reduciuse nun 21,9%.


Unha vez analizados os diferentes puntos de consumo enerxético, realízase unha análise en conxunto. Se tradicionalmente o consumo de gas natural impoñíase sobre o resto de recursos empregados na USC con fins enerxéticos (pola substitución de caldeiras de gasóleo por caldeiras de gas natural e á maior utilización dos motores de coxeración), nos últimos anos o peso do *mix* eléctrico tense incrementado.

### Distribución modal da enerxía consumida (2010-2012)




Este consumo enerxético leva asociada a emisión de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>), estimada empregando factores de emisión proporcionados polo INEGA e o IPCC, comprobándose unha mellora significativa co transcurso do tempo. O maior responsable destas emisións de CO<sub>2</sub> relacionadas cos consumos enerxéticos é o consumo de electricidade.

### Emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ao consumo enerxético (2005-2012)






### Distribución modal das emisións de CO<sub>2</sub> asociadas ao consumo enerxético (2010–2012)



## 7.2. Xestión da auga

A ODS promove unha xestión da auga racional no marco das súas competencias, mediante campañas de aforro e estudos de consumo, xa que o subministro de auga e o tratamento das augas residuais corresponde aos concellos de Santiago de Compostela e Lugo. A evolución no consumo de auga amosa unha redución substancial no 2012, debido, principalmente, a un uso máis racional da auga no campus de Santiago. A avaliación da evolución do consumo de auga por persoa confirma a mellora na eficiencia no consumo de auga.




## 7.3. Xestión de residuos

No ámbito da **xestión de residuos**, unha das metas principais da ODS é a de crear o hábito da recollida selectiva do lixo nos edificios universitarios, para o que anualmente revísase a dotación de colectores internos para os diferentes tipos de residuos e dáse solución a demanda dos centros docentes. En 2012 realizouse un esforzo particular en repoñer papeleiras individuais para a recollida de papel e cartón.



### Colectores internos distribuídos pola ODS 2010–2012 (valores acumulativos)




Por outra banda, anualmente se revisa a dotación de colectores externos de recollida de residuos, actualízase o inventario e se transmite aos responsables dos concellos de Santiago de Compostela e Lugo as demandas dos centros universitarios. En 2012 non se incorporou ningún novo colector no campus lucense, mentres que no compostelán incrementouse a dotación en 15 colectores.

A colaboración cos concellos de Santiago de Compostela e Lugo en materia de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) esténdese máis alá da dotación de colectores, e inclúe tamén o subministro de datos para estimar a cantidade de xeración de RSU da USC (papel e cartón, envases lixeiros, vidro, xenéricos e outros residuos non perigosos tratados por xestores de residuos autorizados contratados pola USC). En 2012 rexistrouse un lixeiro incremento na xeración de residuos urbanos.


Na USC xéranse tamén residuos perigosos, polo que conta cunha **Unidade de Xestión de Residuos** (dependente do **Servizo de Prevención de Riscos**) que recolle e xestiona este tipo de residuos, entregándoos a empresas xestoras autorizadas pola Xunta de Galicia. En 2012 reduciuse o volume total de residuos non perigosos xerados, aínda que aumentou o ratio de xeración por persoa (considerando a toda a comunidade universitaria).



### Xeración e xestión de residuos non perigosos (2012)



### Evolución da xeración de residuos (2010-2012)



\*Non houbo datos sobre recollida de RSU (envases lixeiros, papel e cartón, vidro e xenéricos) no campus de Lugo.

En 2012 realizouse un estudo da produción de residuos perigosos na USC, identificando os que se producen en maior cantidade, as actividades que os orixinan e as relacións entre actividade científica e produción de residuos, para propoñer, finalmente, actuacións encamiñadas a súa redución, todo o cal formará parte do Plan de minimización de residuos da USC.

A finais de 2011 a ODS colaborou co Concello de Santiago no proxecto RETORNA, iniciativa sen ánimo de lucro integrada pola industria da reciclaxe, ONG ambientais, sindicatos e consumidoras, co obxectivo de reducir ao máximo a xeración de residuos e implantar un sistema de depósito, devolución e retorno de envases (latas de aluminio, folla de lata, brick, plástico e vidro).

Finalmente, durante o 2012 fomentouse a compostaxe dos residuos biodegradables




producidos nas residencias universitarias, coa participación da Residencia Monte da Condesa, do C.M. Fonseca e do C.M. Rodríguez Cadarso no campus de Santiago, e da Residencia Bal y Gay no campus de Lugo. A ODS impulsou a participación de todos/as os/as residentes na xestión de residuos das cociñas, dando a coñecer a compostaxe como método de tratamento alternativo á incineración dos residuos orgánicos.

#### 7.4. Mobilidade sostible

A principal iniciativa posta en marcha pola ODS para a promoción da mobilidade sostible é o Programa de préstamo de bicicletas, que promove o emprego da bicicleta como vehículo sostible e valora a reacción dos colectivos universitarios ante esta iniciativa. Ao préstamo súmanse accións de apoio paralelas como descontos na compra de bicicletas e material adicional para os ciclistas en establecementos de Santiago e Lugo ou a elaboración dunha ruta en bicicleta unindo os campus de Compostela. O éxito deste programa é indiscutible, como o demostra a crecente demanda para participar nel.



### Evolución do Programa de préstamo de bicicletas (2007–2012)



*Móvete  
contra o cambio climático*



*Na USC mellor na bici*


Programa de préstamo de bicicletas  
 Prazo de solicitudes: do 10 de outubro  
 ao 24 de outubro de 2012  
 Dirixido á comunidade universitaria da USC  
 Infórmate xa:  
[bicispds@usc.es](mailto:bicispds@usc.es) ou [www.usc.es/plands](http://www.usc.es/plands)

OFICINA DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DA USC



No curso 2011–12 convocouse a sexta edición deste programa, e foron 259 persoas, todas elas da comunidade universitaria, as que se beneficiaron da iniciativa. Dous centros de Lugo, a Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica Superior, foron os que contaron co maior número de participantes, mentres que en Santiago destacaron Medicina e Odontoloxía e Ciencias Económicas e Empresariais. Das 489 solicitudes de participación recibidas un 90% corresponderon a estudantes, un 5% ao PDI e un 3% ao PAS, unha porcentaxe que se corresponde tamén coa de bicicletas finalmente adjudicadas.

### Distribución das adjudicacións no Programa de préstamo de bicicletas 2011–12





Os participantes no programa valoran como positivo o uso da bicicleta en relación á saúde do usuario, da calidade de vida urbana e de rapidez de desprazamento. Pola contra, consideran máis negativo o seu uso en relación á seguridade, a meteoroloxía e o tráfico urbano, condicións externas ao programa e relacionadas en boa medida coa carencia nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo de infraestruturas para facilitar o desprazamento en bicicleta (carrís-bici, aparcamentos,...).


Valoración dos participantes no Programa de préstamo de bicicletas

	Santiago	Lugo
Rapidez de desprazamento	4,17	4,1
Seguridade	2,9	2,86
Esfuerzo físico	3,77	3,66
Meteoroloxía	2,07	2,11
Comodidade do usuario/a	3,86	3,78
Tráfico urbano	3	3,21
Calidade de vida urbana	4,04	4,04
Saúde do usuario/a	4,52	4,42

Escala dende 1 (moi negativo) ata 5 (moi positiva).

No estudo 2012 sobre os hábitos de transporte dos membros da comunidade universitaria que a ODS desenvolve dende o ano 2007 ponse de manifesto que os membros da comunidade universitaria soen ir a pé nos seus desprazamentos cotiás aos campus universitarios. A presenza do automóbil aínda segue a ser elevada, mentres que o uso do autobús e o tren como transporte público está a descender lixeiramente en número de usuarios/as.

Hábitos de mobilidade na USC: % de uso de medios de transporte (2011-2012)








No estudo analízanse tamén os hábitos de desprazamento dos diferentes colectivos universitarios. É moi ilustrativo observar como o PDI e o PAS empregan o automóbil como principal medio de transporte, con valores que dobran a porcentaxe de estudantes que fan o mesmo. Pola contra, os estudantes son o colectivo que máis se despraza a pé, en autobús e en bicicleta.

Distribución modal por colectivos universitarios do uso de medios de transporte (2012)



## 7.5. Xestión e avaliación ambiental


No ámbito da **xestión e avaliación ambiental**, destaca o traballo que dende o ano 2007 realiza a ODS para avaliar o impacto ambiental das actividades universitarias a través do indicador da pegada ecolóxica, que mide a superficie produtiva necesaria para producir os recursos empregados pola USC e asimilar os seus residuos.

Para o cálculo da pegada ecolóxica é necesario coñecer a capacidade de fixación de CO<sub>2</sub> para o bosque galego. Tomando como referencia 4,33 tCO<sub>2</sub>/ha/ano, comprobamos que tras a subida que experimentara este indicador no ano 2011, en 2012 recupérase o valor de 0,22 ha/persoa/ano que se rexistrara en 2010. É de destacar neste sentido a achega do proxecto **USC en transición** (do que se falará no apartado sobre Desenvolvemento sostible desta memoria), que ten entre os seus principais obxectivos a redución da pegada ecolóxica da USC.

Unha análise pormenorizada do cálculo do indicador permite coñecer a contribución dos diferentes ámbitos do impacto ambiental da USC á nosa pegada ecolóxica. En 2012 experimentan unha melloría os ámbitos da mobilidade e do consumo de gas natural, a diferenza do acontecido en 2011, en que foron precisamente estas dúas áreas as que provocaron o aumento do indicador.



Evolución da pegada ecolóxica da USC en 2009–2012 e composición en 2012 (ha/persoa/ano)



Empregando como capacidade de absorción de CO<sub>2</sub> da masa forestal galega 4,33 tonCO<sub>2</sub>/ha/ano (Herva Iglesias, M. (2011): *Development and integration of environmental evaluation tools for the ecodesign of sustainable processes and products*, Universidade de Santiago de Compostela).

Ademais do cálculo da pegada ecolóxica, en 2012 elaborouse unha batería de indicadores ambientais para coñecer o desempeño ambiental da USC e deseñar actuacións de mellora en nove dos ámbitos de maior impacto.

Cabe destacar tamén que a ODS vén colaborando con distintos centros da USC na realización de avaliacións ambientais mediante a ferramenta AISHE 2.0. En 2012 foi a Facultade de Veterinaria de Lugo a que decidiu pór en marcha este sistema de avaliación, co obxectivo de coñecer a súa sostibilidade nos ámbitos ambiental, económico e social, buscando a implicación de todos os seus colectivos (estudantes, PDI e PAS), así como de membros de entidades externas vinculadas á facultade. A través da ferramenta AISHE 2.0 analízanse cualitativamente un total de 30 criterios nas áreas de funcionalidade, investigación, xestión e relación con entidades externas, de modo que se pode obter unha completa panorámica da situación actual e, ao mesmo tempo, elaborar escenarios futuros cara aos que encamiñar as políticas e tarefas concretas de mellora e desenvolvemento da sostibilidade.

Finalmente, a ODS colabora cos distintos centros e servizos da USC na certificación dos seus sistemas de xestión ambiental. En 2012 renovouse a certificación ISO 14001 do Servizo de Prevención de Riscos.



► **desenvolvimento  
sostible**



O ámbito do **desenvolvemento sostible** do noso modelo de responsabilidade social recolle as actuacións desenvolvidas na USC para sensibilizar, formar e implicar á comunidade universitaria e ao conxunto da sociedade en formas de vida máis respectuosas co ambiente e co benestar das comunidades locais e globais, incluíndo así a cooperación ao desenvolvemento noutros países.

A USC aprobou no ano 2003 o seu **Plan de desenvolvemento sostible**, un plan estratéxico onde aparecen reflectidas as accións a desenvolver para a conservación da contorna que a rodea. Estas actuacións, e en particular as relacionadas cos eixes primeiro e terceiro do **Plan** (o segundo eixe foi xa analizado no apartado sobre Ecoloxía interna desta memoria), víronse reforzadas por novas estratexias impulsadas dende o Campus de Excelencia Internacional **Campus Vida** e o **Plan estratéxico da USC 2011–2020**.

En 2012 potenciouse especialmente o proxecto **USC en transición**, encamiñado á redución da pegada ecolóxica da USC, a través de proxectos de transición a pequena escala que procuran acadar xeitos de vida máis sostibles e contribuír a crear comunidade. A USC integrouse na Rede en Transición, de ámbito estatal, e na **Transition Network**, de carácter internacional.

No marco deste proxecto e dos eixes primeiro e terceiro do **PDS** (Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización) realizáronse diversas actividades que describimos con maior detalle a continuación. Estas actividades difundíronse a través da web de **USC en transición**, as redes sociais e os medios de comunicación impresos, desenvolvéronse en distintos centros e localizacións nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, e nelas participaron un alto número de persoas do estudantado, o PDI e o PAS.

### **8.1. Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización. USC en transición**

A **ODS** desenvolveu en 2012 numerosas actuacións relacionadas co eixes de Xeración de coñecemento e educación ambiental e Divulgación, participación e sensibilización do **PDS**.


Destaca especialmente que a USC foi a primeira universidade española en adoptar, en 2011, un proceso de transición, contando co impulso e a coordinación da **ODS** e o asesoramento nos momentos iniciais do grupo de investigación en **Pedagogía Social e Educación Ambiental (SEPA)**, así como a colaboración da **Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA)** e a **Federación Ecoloxista Galega (FEG)**.



USC en transición é un proxecto que busca achegar á comunidade universitaria un modo de vida máis sostible, integrando os eixes un e tres do PDS. Así, en 2012 desenvolvéronse proxectos relacionados coa educación ambiental e a sensibilización e participación da comunidade universitaria, como a construción de hortos de balcón en varios centros, a posta en marcha en dous comedores universitarios do Menú en Transición (combinación de produtos ecolóxicos, de tempada e locais) en colaboración co proxecto *Granxa Familiar*, a organización de actividades de sensibilización ambiental no marco da Semana da USC en Transición, a impartición dun curso sobre a filosofía das comunidades en transición no marco do PFID ou a realización dun curso de cociña ecolóxica.

Dende a ODS impúlsanse os proxectos de investigación para resolver a interrelación entre a actividade humana e o medio, xa que nos últimos anos a ODS incrementou en gran medida o orzamento destinado a financiar proxectos de investigación en materia de sostibilidade, desenvolvidos en colaboración con grupos de investigación de USC ou con axentes externos. En 2012 participouse nun proxecto de investigación externo e desenvolvéronse tres proxectos impulsados dende a propia ODS.

Inversión da ODS en investigación ambiental (2010–2012)



En 2012 fíxose tamén un esforzo por integrar e pór en valor as actuacións desenvolvidas por grupos, institutos e centros de investigación, orientadas á formación, divulgación e sensibilización sobre cuestións ambientais. As actividades realizadas abordaron temas como as enerxías renovables, o patrimonio natural, a mobilidade sostible e a participación social.

Entre as iniciativas de carácter educativo/formativo desenvolvidas en 2012 destacan as relacionadas coa USC en transición, impulsadas tanto de xeito directo pola ODS coma indirectamente a través dos grupos en transición que neste ano comezaron a desenvolver actividades dirixidas a pór en marcha proxectos en prol da sostibilidade na USC.

Podemos agrupar estas actividades en catro bloques: actividades formativas propiamente ditas (cursos, xornadas, charlas, seminarios ou relatorios), dinámicas





participativas (obradoiros, actividades organizadas en semanas temáticas, grupos de traballo,...), actividades organizadas por outras institucións nas que participou a ODS e outras actividades.

#### Actividades de formación/educación/sensibilización da ODS

#### Actividades formativas organizadas (directa ou indirectamente) pola ODS

- Xornadas sobre “Comunidades en Transición: repensando a universidade”. Curso de Formación do PDI desenvolvido simultaneamente nos campus de Santiago e Lugo (febreiro 2012).
- Xornadas sobre Contaminación Lumínica na Facultade de Dereito, no marco da iniciativa mundial da ONG WWF “A Hora do Planeta”. En colaboración co grupo en transición Calidade do Ceo (marzo 2012).
- Charla-coloquio sobre “Hortos Urbanos” na Facultade de Formación do Profesorado (marzo 2012).
- Xornadas sobre Agricultura Ecolóxica na Facultade de Formación do Profesorado de Lugo (marzo 2012).
- Charla-coloquio sobre contaminación lumínica, enmarcada dentro das actividades programadas pola ODS tras a súa adhesión á iniciativa internacional da asociación ecoloxista WWF, A Hora do Planeta 2012 (marzo 2012).
- Curso de cociña con produtos de tempada e locais, no Colexio Maior Fonseca. En colaboración co Restaurante Acio (maio 2012).
- Seminario sobre agricultura ecolóxica, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (novembro 2012).
- Semana Europea da Mobilidade: Relatorios sobre o uso da bicicleta e Taller de arranxos e seguridade viaria, en colaboración con Bicicletas Oliveira. Facultade de Física (setembro 2012).

#### Dinámicas participativas organizadas ou coordinadas dende a ODS

- “Avaliación da sostibilidade na Facultade de Veterinaria a través da ferramenta AISHE (Audit Instrument for Sustainability in Higher Education)”. Xornada de presentación (marzo 2012)
- “Avaliación da sostibilidade na Facultade de Veterinaria a través da ferramenta AISHE (Audit Instrument for Sustainability in Higher Education)”. Xornada de avaliación final (abril 2012)
- Obradoiro de Hortos Urbanos, no Colexio Maior Fonseca (abril 2012)
- Obradoiro de Hortos Urbanos na Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo (abril 2012)
- I Semana do Menú en Transición, en colaboración co proxecto Granxa Familiar (abril 2012)
- I Semana da USC en Transición (maio 2012)
- Obradoiro de elaboración de conservas, no Colexio Maior Fonseca, en Santiago e na Facultade de Formación do Profesorado, en Lugo (decembro 2012).

## Participación da ODS en actividades organizadas por outras institucións

- VIII Relatorio sobre Xestión do Auga, organizado por Globalmeeting (febreiro 2012).
- Asistencia ao Congreso Interuniversitario de Mantemento e Eficiencia Enerxética (febreiro 2012).
- Participación no I Encontro Ibérico de Comunidades en Transición, en Zarzalejo (Madrid) (abril 2012).
- Participación na Mesa de Medio Ambiente da Axenda 21 do Concello de Lugo (abril 2012)
- Asistencia ao IX Foro Internacional sobre a Avaliación da Calidade da Investigación e da Educación Superior (FECIES) (xuño 2012).
- Asistencia ao II Curso de Comunicación Ambiental do Instituto para a Sostibilidade dos Recursos (ISR) (xullo 2012).

## Outras actividades

- Colaboración coas actividades programadas no Módulo Itinerante de Eficiencia Enerxética da FUNDAInnovaCIÓN e o INEGA (marzo 2012).
- Roteiro nocturno na Residencia Universitaria Monte da Condesa (marzo 2012).
- Entrega de Premios USC en Transición (maio 2012).
- Proxección do documental "In Transition 2.0" no Salón de Actos da Facultade de Ciencias da Educación (novembro 2012).
- Gratifeira universitaria para crear un espazo de solidariedade universitaria doando obxectos para que outras persoas podan disfrutalos. Facultade de Ciencias da Educación (novembro 2012).

De entre todas estas iniciativas destacamos tres: a creación dos menús en transición, a celebración da I Semana da USC en Transición e o proxecto de hortos urbanos.

The image displays three promotional posters for USC activities. The left poster, titled 'XORRADAS DE PRESENTACIÓN DOS MENÚS EN TRANSICIÓN', features a blue banner and a central image of a field with a wooden fence. The middle poster, 'Semana USC en Transición', is a vertical grid of blue and white boxes listing various events like 'Ruta Botánica', 'Ruta en Bici', and 'Medio Ambiente e Saúde'. The right poster, 'ACTIVIDADES EN TRANSICIÓN', has a blue banner and a central image of a person working in a garden, with text about urban horticulture activities.





A iniciativa “Menús en transición” lanzouse en abril de 2012 como unha experiencia piloto para promover o consumo responsable nos comedores da USC, incluíndo na súa carta un menú con produtos ecolóxicos, de tempada e locais. A iniciativa desenvolveuse durante unha semana no restaurante universitario Burgo das Nacións (Campus Norte) e no da Facultade de Matemáticas (Campus Vida), que ofreceron ao mesmo prezo que o resto un menú elaborado con este tipo de produtos. Contouse coa colaboración do proxecto **Granxa Familiar**, promovido polo **Grupo de Investigación Sociedade, Tecnoloxía e Territorio** da USC, para pór en contacto a través dunha plataforma dixital directamente a produtores e consumidores. Os valores fundamentais deste proxecto son o respecto polo medio ambiente, a saúde pública, o comercio xusto e a responsabilidade social.

No marco da I Semana da USC en Transición, celebrada en maio de 2012, programáronse un conxunto de actividades destinadas a dar a coñecer este proxecto aos membros da comunidade universitaria nos dous campus, contando con rutas botánicas polos campus, paseos en bicicletas, conferencias, debates,...

#### Programa da I Semana da USC en Transición

##### Campus de Santiago

- Exposición sobre Pegada Ecolóxica na Biblioteca Concepción Arenal.
- Exposición sobre a USC en Transición na Biblioteca Concepción Arenal.
- Obradoiro de Transición e Educación Ambiental na Biblioteca Concepción Arenal.
- Ruta en bici, con taller de arranxos e nocións sobre seguridade vial en bicicleta.
- 61 segundos pola transición: debate sobre orixe, vantaxes e viabilidade na USC das comunidades en transición, no Salón de Actos do Colexio Maior Fonseca.
- Ciclo de conferencias sobre Medio Ambiente e Saúde no Salón de Graos da Facultade de Farmacia.
- Obradoiro de hortos urbanos na Residencia Universitaria Burgo das Nacións.
- A volta ao mundo en 22 árbores: ruta botánica polo Campus Sur da USC.
- Reciclamos?: obradoiro de reciclaxe nos soportais da Praza Rodríguez Cadorso.
- Día Europeo da Enerxía: charla sobre enerxías renovables e obradoiro de cociña solar na Escola Técnica Superior de Enxeñaría e visita ás instalacións de enerxía renovable da USC.
- Entrega dos Premios USC en Transición 2012 na Escola Técnica Superior de Enxeñaría. Premiados: Bolsa de Aula Verde da Residencia Universitaria Bal y Gay de Lugo e Grupo en Transición de Calidade do Ceo.

##### Campus de Lugo


- Exposición sobre Pegada Ecolóxica na Biblioteca Intercentros.
- Ruta botánica e fotográfica polo campus de Lugo.
- Obradoiro de confección de xabóns artesanais na Facultade de Veterinaria.
- Obradoiro de Transición e Educación Ambiental na Biblioteca Intercentros.



Finalmente, en 2012 consolidouse a iniciativa de creación de hortos urbanos nos campus de Santiago e Lugo, considerados como espazos de formación, relación e fomento da saúde, promovendo a colaboración de colectivos universitarios entre si e con colectivos cidadáns que traballan neste eido. Os hortos comunitarios convértense nunha excelente ferramenta para reducir a pegada de carbono alimentaria, promovendo a produción de alimentos no contorno inmediato e reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro pola produción e transporte dos alimentos.

Nos diversos obradoiros realizados ao longo do ano creáronse catro hortos, repartidos en diversos emprazamentos nos dous campus. Xa a finais de 2012 púxose en marcha o Proxecto de hortos urbanos na USC, para promover a creación de grupos de persoas que se comprometan a xestionar algúns dos hortos existentes ou, de darse as condicións, crear o seu propio horto. Este proxecto quere ser tamén un espazo onde os coñecementos tradicionais e os académicos teñan cabida conxuntamente. En consonancia, a ODS conta cun plan formativo aberto a quen desexe coñecer un pouco máis sobre a agricultura ecolóxica ou a elaboración de comidas cos alimentos producidos.

Resumo da actividade do programa USC en Transición (2011–2012)



No desenvolvemento de todas estas actuacións a ODS contou co apoio dos/as bolseiros/as de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU), os/as bolseiros/as USC en Transición e os/as bolseiros/as de Aula Verde.

No curso 2011–12 concedéronse 21 bolsas SPIU para o campus de Santiago e 6 para o de Lugo, na que foi a oitava edición destas bolsas convocada pola ODS. O obxectivo principal destas bolsas é o desenvolvemento, nos centros docentes da USC, de actividades relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

En relación coas bolsas USC en Transición, a ODS concedeu 9 bolsas (6 no campus de Santiago e 3 no de Lugo) para a colaboración no deseño e execución das actividades necesarias para dar a coñecer o programa USC en transición e contribuír ao seu éxito.



A colaboración dos bolseiros de Aula Verde do SUR foi esencial para o desenvolvemento do proxecto de hortos urbanos, xa que a maioría deles están ubicados nas residencias e colexios maiores dos campus de Santiago e Lugo. Estas e outras actividades valéronlle á bolsa de Aula Verde da RU Bal y Gay do campus lucense un dos Premios USC en Transición outorgados en 2012.

En 2012 a ODS incrementou a interacción con grupos de interese externos á USC, especialmente cos Concellos de Santiago e Lugo, e con colectivos cidadáns, grupos de consumo, asociacións ecoloxistas, etc., nomeadamente para a posta en práctica da Axenda 21 en Lugo, o proxecto Retorna en Santiago, a avaliación ambiental da Facultade de Veterinaria mediante a ferramenta AISHE 2.0 (na que interviñeron, ademais de membros desta Facultade, diversos axentes sociais) e diversas colaboracións con colectivos cidadáns no programa USC en transición, no cal a interrelación co contorno é un trazo definitorio.


Por outra banda, elaboráronse materiais formativos, entre eles unha guía de compostaxe doméstico, que foron difundidos entre os residentes participantes na experiencia. O proxecto foi presentado nas III Xornadas da Rede Española de Compostaxe, que se celebraron en Santiago en xuño de 2012.

Levou tamén a cabo o estudo e catalogación da flora leñosa do campus de Lugo e elaboráronse itinerarios verdes, recollidos nunha publicación editada pola Deputación de Lugo (Ruta botánica por el campus de Lugo. Reserva de la Biosfera "Terras do Miño"), e que se poñerán tamén a disposición do público na web institucional como unha publicación dixital e mapa interactivo.

Finalmente, destacamos o esforzo realizado dende a ODS para visibilizar a súa actividade a través dos medios de comunicación e as redes sociais. Ademais do mantemento da súa páxina web ([www.usc.es/plands](http://www.usc.es/plands)) e da web do programa USC en transición, as actividades realizadas divúlganse a través da publicación de novas no Xornal da USC e na prensa escrita (a nivel local, autonómico e estatal). Ademais, dende o ano 2011 cóntase con dous perfís en Facebook e un en Twitter, que axudan a achegar estas iniciativas a un maior número de persoas.



### Presenza da ODS nos medios (2010–2012)



## 8.2. Cooperación ao desenvolvemento

A USC conta cunha liña de actuación específica en materia de cooperación ao desenvolvemento que promove a participación en [Programas Internacionais de Cooperación](#) e a creación de programas propios con outras institucións, empresas e axentes sociais.

En 2012 o reitor da USC presidiu a Comisión Sectorial da CRUE de Internacionalización e Cooperación (CICUE), que ten como principal finalidade liderar e coordinar as actuacións das universidades en materia de internacionalización e cooperación ao desenvolvemento co obxecto de potenciar unha colaboración máis estreita entre elas. O traballo estrutúrase en tres comisións específicas de vital importancia hoxe para as universidades como son a internacionalización, a cooperación universitaria ao desenvolvemento e a mobilidade. En novembro de 2012 reuniuse o plenario da comisión para abordar futuros proxectos de modernización e definir a estratexia de cooperación ao desenvolvemento a seguir dentro do Sistema Universitario Español.

A USC ocupa unha posición de liderado con 12 proxectos ERASMUS Mundus External Cooperation Windows e catro proxectos Tempus. A través destes proxectos a USC contribúe á modernización das estruturas e estudos universitarios na América, África e Asia ao tempo que axuda a explorar proxectos de interese neses países.

En 2012 mellorouse a posición da USC como axente de referencia na cooperación exterior, impulsando os traballos de I+D no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, retomando os traballos para a posta en marcha dun Observatorio para a Cooperación Universitaria, consolidando a convocatoria de bolsas para proxectos de coñecemento da realidade (PCR), que acadou un maior número de solicitudes, e promovendo e difundindo entre o alumnado da USC os programas de voluntariado das Nacións Unidas.

Os PCR son unha iniciativa xestionada pola [Área de voluntariado, participación e cooperación internacional](#) do SEPIU que vincula a participación en actividades de



cooperación e o seu recoñecemento académico. O alumnado da USC ten a posibilidade de desprazarse a un país empobrecido para realizar unha estadía de cooperación (de como mínimo 30 días e un máximo de 90) e que o traballo que desenvolva sexa validado como actividade de participación social ou prácticas da titulación que estea cursando oficialmente na USC, segundo a normativa académica correspondente. Os eidos de actuación dos PCR poden ter un carácter especificamente técnico (proxectos de saneamento, hidráulica, construción e rehabilitación,...) ou de calquera outro tipo (educación, desenvolvemento comunitario, adquisición de poder da muller, capacitación de técnicos locais,...). A realización dun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario, como para a sociedade en xeral, xa que, tras o regreso da estadía, o alumnado realiza actividades de sensibilización para dar a coñecer a experiencia. Mediante o programa, procúrase un proceso de reflexión dende unha vertente práctica, para implicar ás persoas participantes nas liñas de traballo en cooperación para o desenvolvemento en diferentes países do sur e no traballo que se leva a cabo dende Galicia, e fundamentalmente da USC, principalmente no ámbito da sensibilización.

Outros feitos destacados en 2012 en materia de cooperación ao desenvolvemento foron:

- En xullo de 2012 a Unión Europea concedeu un novo Erasmus Mundus ao programa PEACE (Programme for Excellence Academy Cooperation Exchange) presentado e coordinado pola USC e dotado con 4,43 millóns de euros. O Erasmus Mundus comezou a funcionar en 2003 co obxectivo de mellorar a calidade da Ensinanza Superior en Europa, fomentar a cooperación con outras áreas xeográficas para reforzar as relacións das universidades europeas con institucións similares doutras zonas do mundo e conseguir que se creen redes e consorcios para impartir títulos conxuntos. O PEACE, elaborado pola sección de cooperación do [Servizo de Relacións Exteriores](#) da USC, agrupa a dez universidades europeas e outras tantas do norte de África e Oriente Próximo (3 de Xordania, 2 de Siria, 3 de Líbano e 2 de Palestina) nun proxecto orientado a fomentar a mobilidade de estudantes de talento, mellorar a súa formación e cualificación e a súa empregabilidade.

A maiores, a USC é universidade socia en outros catro programas aprobados en 2012. Dous deles son continuacións de programas xa existentes, centrados en Asia central e meridional e dotados con 2,5 millóns de euros cada un, e os outros dous son novos, dirixidos ao norte de África e con 4,3 millóns de euros cada un. Con isto, a USC consolida a súa posición de líder das universidades españolas en participación en proxectos Erasmus Mundus, o que aumenta a atracción de estudantes de excelencia das rexións nomeadas á vez que fortalece a súa posición de universidade socia de referencia para o norte de África e Oriente Medio.

- A través do [SEPIU](#), a USC colaborou un ano máis coa Fundación Cooperera e con Cooperación Internacional na IX Olimpíada Solidaria de Estudo, na que se



recadaron 19.583 euros. Os cartos conseguidos –a razón de 1 euro por 1 hora de estudo– destináronse á reconstrución da escola La Saline e ao apoio ás catro de Mains Ouvertes en Haití que o ano anterior puideron ser rehabilitadas precisamente co recadado a través deste proxecto solidario. Así, grazas aos preto de medio millón de euros da Olimpíada de 2010 os 4.000 nenos e nenas das escolas de Fontamara, La Savane, Deux Mapous e Dory puideron estudar en boas condicións e recibir unha comida diaria. O mecanismo para facer o cómputo final de horas lévase a cabo mediante a Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI), que é preciso pasar polo ordenador preparado ao efecto cando a persoa entra e sae da sala de estudo. Non se computan períodos superiores ás catro horas consecutivas nin menores a unha hora. En Santiago habilitáronse salas de estudo nas Facultades de Ciencias da Comunicación, Xeografía e Historia, Filosofía, Química, Matemáticas, Física, Ciencias Económicas, Filoloxía, Bioloxía, Farmacia, Medicina e Odontoloxía e Psicoloxía, na Escola Técnica Superior de Enxeñaría e nas bibliotecas Xeral e Concepción Arenal, e en Lugo nas Bibliotecas Intercentros e de Maxisterio e na Facultade de Veterinaria.

- O proxecto do Laboratorio do Territorio (LaboraTe) pertencente ao grupo de investigación Territorio e Biodiversidade da Escola Politécnica Superior de Lugo, foi un dos seleccionados para ser financiado mediante as axudas á cooperación exterior da Xunta de Galicia, a través do programa Cooperación Galega. O proxecto, encabezado polo profesor Rafael Crecente e dotado con 266.000 euros, denomínase “Ecuador: Territorio Intelixente. Consolidación de Innovación, Desenvolvemento, Investigación e Transferencia (I+D+i+T) en Ordenación do Territorio e Tecnoloxías da Información Xeoespacial” e ten como finalidade a mellora das capacidades humanas e institucionais no ámbito da ordenación territorial e a información xeoespacial no país andino. Ademais da USC, no proxecto participa tamén a Fundación Universidade da Coruña, así como sete universidades ecuatorianas que desenvolven actividades de investigación neste eido. Os resultados que se perseguen son, por unha banda, establecer as bases para a creación dunha rede de I+D+i+T entre as universidades ecuatorianas participantes e os promotores do proxecto (a USC e a Universidade da Coruña); e por outra, lograr o fortalecemento da Universidad Nacional de Loja como líder na organización territorial e a información xeoespacial no país suramericano.
- En outubro de 2012 celebrouse en Maputo (Mozambique) o workshop “Avaliación do impacto da acuicultura no desenvolvemento rural e a loita contra a fame en África”, coordinado polo profesor e investigador da USC Sebastián Villasante, e en cuxa organización participaron outras institucións e entidades como a Fundación Observatorio Español da Acuicultura (OESA), o Centro tecnolóxico do Mar (CETMAR), o Instituto de Estudios del Hambre, o Beijer Institute of Ecological Economics (Suecia) e a Axencia Española de Cooperación Internacional, esta última en calidade de socio financiador. No encontro tomaron parte, ademais de membros das entidades organizadoras, expertos da FAO e responsables das políticas de seguridade alimentaria de Angola, Mozambique e Namibia. O workshop celebrouse como punto de partida para a posta en marcha de proxectos reais nos cales se



concreten os diversos beneficios que a acuicultura ofrece para contribuír á redución da pobreza: os beneficios nutricionais do consumo de peixe, os rendementos do sector, os efectos multiplicadores e secundarios nas rexións costeiras e a xeración de rendementos a través das exportacións, impostos e licenzas.







► análise de resultados no marco do PEX



## 9 ANÁLISE DE RESULTADOS NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO

Neste apartado pretendemos ofrecer unha visión global do noso desempeño socialmente responsable en 2012, a modo de resumo de todo o explicado nos apartados anteriores desta memoria, e pór en relación as diversas actuacións desenvolvidas nos sete ámbitos do noso modelo de responsabilidade social cos nosos compromisos estratéxicos.

Recordemos que o Plan estratéxico da USC 2011–2020 distingue catro ámbitos estratéxicos e dez liñas estratéxicas:

### ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011–2020 DA USC

**AE1: PERSOAS**

**AE2: ACTIVIDADE UNIVERSITARIA**

**AE3: XESTIÓN INSTITUCIONAL**

**AE4: RELACIÓN CO CONTORNO**

### LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011–2020 DA USC

**AE1LE1:** Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade

**AE1LE2:** Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal

**AE1LE3:** O estudantado: valor presente e futuro

**AE2LE1:** Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade

**AE2LE2:** Procura da excelencia na docencia

**AE2LE3:** Cara a excelencia investigadora

**AE3LE1:** Unha universidade de recoñecido prestixio internacional

**AE3LE2:** Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos


**AE4LE1:** Transferencia efectiva de coñecemento

**AE4LE2:** O compromiso e a implicación coa sociedade

Baixo as súas dez liñas estratéxicas, o Plan estratéxico da USC 2011–2020 establece corenta **obxectivos estratéxicos** que poden relacionarse con cada un destes sete ámbitos da responsabilidade social da USC (tal e como se amosa no Anexo I).



A seguinte figura resume a vinculación dos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico 2011–2020 e os sete ámbitos do noso modelo de responsabilidade social:



Alguns destes obxectivos estratéxicos vincúlanse en realidade con máis dun ámbito da nosa responsabilidade social. Este é particularmente o caso do obxectivo AE4LE2OE3, ao que se contribúe especialmente dende a Oficina de Desenvolvemento Sostible (ODS) e dende o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU), e do obxectivo AE4LE2OE4, que require despregar actuacións tanto na dimensión interna (ámbito de ecoloxía interna) coma na dimensión externa (ámbito de desenvolvemento sostible) da nosa responsabilidade social. De xeito similar, moitas áreas da xestión da USC teñen un carácter marcadamente transversal que transcende as súas respectivas parcelas e apoia a consecución de obxectivos en varios ámbitos, como a xestión da calidade, o esforzo de internacionalización ou o aproveitamento das TIC.

Tendo presente este marco de integración entre o noso modelo de responsabilidade social e os nosos obxectivos estratéxicos, repasamos a continuación o noso avance no cumprimento do Plan estratéxico da USC 2011–2020 da USC a través das actuacións recollidas nos anteriores apartados desta memoria.



No ano 2012, o primeiro de implantación do **Plan estratéxico 2011–2020** da USC, a nosa actividade tivo que desenvolverse nun contexto de constantes cambios na regulación que afectaron tanto a autonomía e ao financiamento universitario como ás condicións de traballo das persoas.

Dado o amplo horizonte do **Plan**, en 2012 sentáronse as bases para a consecución nos vindeiros anos de moitos dos seus obxectivos estratéxicos, e centráronse os esforzos naqueles de máis inmediata execución e maior impacto sobre os que consideramos que son, no complicado contexto actual, os tres piares esenciais para o noso desenvolvemento futuro: a mellora da eficiencia operativa da institución, a mellora do atractivo da oferta académica para o potencial alumnado nacional e internacional e a mellora da capacidade de valorización dos resultados de investigación.

Estes tres aspectos (eficiencia, atractivo da oferta académica e valorización de resultados de investigación) resultan claves para o futuro da USC ante a imposibilidade do sector público de achegar recursos suficientes para o sostén financeiro da nosa actividade. Pero non podemos esquecer que é o noso deber pór o noso traballo ao servizo da sociedade, ante a que debemos demostrar a nosa capacidade de xerar bos resultados académicos e de investigación, xestionar de modo responsable eses escasos recursos financeiros que recibimos e contribuír á mellora da contorna social e ambiental.

Ademais, temos tamén un deber tanto ou máis importante para co noso persoal, o de defender os seus dereitos ante as imposicións das Administracións Públicas e o de garantir que contan cos medios axeitados para o desenvolvemento das súas obrigas e que o seu esforzo é valorado e recoñecido.

Como temos mostrado nos anteriores apartados desta memoria, baixo o marco do noso modelo de responsabilidade social temos despregado en 2012 numerosas actuacións a través das cales avanzamos no cumprimento dos nosos obxectivos estratéxicos e dos nosos compromisos para con o conxunto da sociedade.

Así, comezando polo eido do **Bo goberno e transparencia**, traballouse en 2012 con especial intensidade baixo o ámbito estratéxico da Xestión institucional e as liñas estratéxicas 1 e 3 do ámbito das Persoas e da Actividade universitaria do **Plan estratéxico**.


No ámbito estratéxico da Xestión institucional, destacan en primeiro lugar os esforzos de negociación dun marco de financiamento estable e suficiente coa Xunta de Galicia e de incremento da captación de recursos externos en convocatorias competitivas. Froito destes esforzos conseguiuase conter ou minorar a caída nas transferencias recibidas da Comunidade Autónoma e aumentar os recursos obtidos a través de convocatorias competitivas.

En segundo lugar, na busca dunha maior eficiencia na xestión debemos salienta os avances na implantación da administración electrónica e a concentración dos servizos relativos á xestión académica e de servizos ao estudantado. A aposta pola eficiencia permitiunos mellorar o equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos, conseguindo



non lastrar o gasto nas funcións docente e investigadora, e manter a melloría no endebedamento acadada en 2011.

E en terceiro lugar, o noso compromiso co bo goberno e a transparencia no ámbito estratéxico da xestión institucional levounos a iniciar a mellora dos nosos sistemas de xestión da información e a renovar os esforzos de rendición de contas, do que é mostra esta memoria e o novo espazo web [USC Responsable](#). Este traballo enmárcase tamén no cumprimento dos obxectivos AE4LE2OE1 (Reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social) e AE4LE2OE2 (Acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural). Igualmente, a mellora da transparencia debería reverter no obxectivo AE2LE1OE4 (Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade), en relación ao cal non se desenvolveron actuacións específicas en 2012, se ben é un dos obxectivos a ter en conta no deseño do futuro Plan de comunicación da USC.



No ámbito estratéxico das Persoas, as actuacións relacionadas co bo goberno da USC estiveron orientadas á reestruturación dalgúns servizos (AVTE, Oficina de Información Universitaria e Centro de Posgrao) e a ampliación das funcións doutros (BUSC e CeTA) para adaptalos ás demandas da actividade docente e investigadora. De xeito similar, no ámbito estratéxico da Actividade universitaria, traballouse na mellora e optimización de recursos na RIAIDT.

Pasando ao ámbito da **Xestión do capital humano** no noso modelo de responsabilidade social, as actuacións desenvolvidas en 2012 encádranse esencialmente, e como é



lórico, no ámbito estratéxico das Persoas. Neste ano avanzouse na definición do cadro óptimo de PDI (co horizonte de 2015), na negociación dun marco normativo para o persoal contratado con cargo a actividades de I+D e na reorganización das funcións do PAS nalgúns servizos. No tocante á promoción da carreira profesional, foi posible continuar cos procesos de promoción do PAS iniciados en 2010-11, pero no caso do PDI a nova normativa estatal obstaculizou a execución dos acordos acadados para a súa promoción. Estes feitos, unidos á necesidade de conter o crecemento do gasto de persoal nun contexto de fortes restricións orzamentarias, levaron á redución do cadro de persoal en 2012.


Resulta especialmente preocupante a situación do persoal contratado con cargo a actividades de I+D e programas de recursos humanos de I+D. A cancelación de convocatorias europeas, estatais e autonómicas e os recortes ao financiamento da I+D teñen provocado unha importante redución deste persoal. Esta situación complica sobre maneira o cumprimento do obxectivo estratéxico AE1LE2OE3 (Crear as condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal), se ben a USC está a facer un esforzo por paliar os seus efectos mediante a convocatoria de axudas pre e posdoutorais en colaboración coa Consellería de Educación.

As dificultades na estabilización e promoción do persoal están a provocar un progresivo envellecemento do cadro de persoal. Afortunadamente, a presenza da muller segue a manter a evolución positiva cara a paridade no PDI e a súa preeminencia no PAS.


Neste ámbito estratéxico das Persoas tamén se fixo especial fincapé en 2012 na mellora da capacitación do PDI e o PAS a través dos seus respectivos programas de formación. E, pese as presións orzamentarias, tentouse manter o mesmo nivel de actividade nos diversos programas de apoio ao persoal en materia de beneficios sociais e seguridade e saúde. Así, por unha banda a oferta de prazas da Escola Infantil, as axudas coñecidas como “cheque-bebé” no campus de Lugo e o desenvolvemento do Verán CampUSC 2012 facilitaron a conciliación da vida laboral e familiar do persoal da USC. Por outra, o [Servizo de Prevención de Riscos](#) e o [Servizo de Vixilancia da Saúde](#) levaron a cabo numerosas actividades para garantir a súa seguridade e saúde no traballo. Renováronse as certificacións OHSAS 18001 dos sistemas de xestión de seguridade e saúde laboral de oito centros e engadiuse un novo centro coa certificación da ETSE.

Movémonos agora ao eido da **Xestión social do coñecemento** do noso modelo de responsabilidade social, no cal en primeiro lugar prestamos atención aos nosos esforzos por ofrecer unha **docencia** de calidade e apoio ao estudiantado. As actuacións neste sentido encádranse fundamentalmente no ámbito estratéxico da Actividade universitaria e na liña estratéxica 3 do ámbito das Persoas.

**Estabilización e renovación do cadro de persoal**



**Beneficios sociais**



**Seguridade e saúde no posto de traballo (2012)**

31 avaliacións (ou actualizacións) de risco

152 equipos postos en conformidade

14 plans de autoprotección elaborados ou actualizados

1.051 recoñecementos médicos no SVS

766 vacinacións no SVS

13 accidentes laborais e 422 días de baixa por sinistralidade

9 centros coa certificación OHSAS 18001, incluíndo a certificación acadada pola ETSE

Como recoñecemos ao inicio deste apartado, a mellora do atractivo da nosa oferta académica é unha das bases prioritarias do noso desenvolvemento futuro. En 2012 leváronse a cabo diversas actuacións para racionalizar a oferta de títulos de grao e posgrao (que teranse que intensificar en anos próximos) e de programas de doutoramento, tentando revertir a caída experimentada pola matrícula no curso 2011-12.






Xestión social do coñecemento: Docencia

AE Actividade universitaria

### Oferta e alumnado matriculado



Pero a mellora do atractivo da oferta require, sobre todo, actuar sobre o propio proceso de ensino–aprendizaxe e facilitar a integración e igualdade de oportunidades e a inserción laboral do estudiantado. As actuacións desenvolvidas en 2012 baixo o marco do **Plan estratéxico** orientáronse, por unha banda, ao avance na aplicación das TIC na docencia (aprobose o III PETIC e migrouse o campus virtual a software libre), á mellora da formación do PDI en relación co uso das TIC e o inglés na docencia e a adaptación ao EEES (cunha oferta específica de cursos do PFID nestas materias), e ao traballo no deseño dun modelo de avaliación e recoñecemento do labor docente (a través da participación na terceira convocatoria do programa **Docencia**).

Por outra banda, desenvolvéronse actuacións especificamente orientadas ao alumnado, en concreto, á mellora da formación transversal (no ámbito das competencias informacionais, os idiomas e os valores culturais e ambientais), ao mantemento do apoio académico e económico ao estudiantado (apoio titorial, bolsas para estudo, aloxamento e transporte e apoio á persoas con necesidades especiais) e á mellora da empregabilidade dos egresados/as mediante os programas de prácticas e as actividades de orientación laboral. Ademais, a través dos programas **A Ponte** e **ESTALMAT–Galicia** seguiuase a insistir na importancia de manter un contacto permanente cos centros de ensino medio dando a coñecer a oferta académica da USC e despertando o interese do alumnado por ela. Non se desenvolveron actuacións concretas en relación cos obxectivos AE2LE1OE3 (Ampliación da oferta formativa para o recoñecemento de competencias transversais en todos os estudos de grao da USC) e AE2LE2OE2 (Reforzar a interacción entre a docencia e a investigación), salvo accións puntuais nalgúns centros.



**Xestión social do coñecemento: Docencia**

**AE Persoas**


**AE Actividade universitaria**

**Mellora do proceso de ensino-aprendizaxe**

Ampliación da rede sen fíos e traslado do campus virtual á plataforma Moodle

Mellora da infraestrutura, fondo documental e servizo da BUSC

6 programas de doutoramento con mención de calidade e 18 con mención de excelencia no curso 2011-12




**Apoio académico e económico ao alumnado**

Case 1,5 millóns de euros destinados a subvencións de prazas no SUR

79 estudantes de último curso formados no Programa de titores para estudantes e ATE

27 estudantes con necesidades especiais aloxados no SUR

Recoñecemento curricular de varias iniciativas de formación transversal




102 cursos de formación a usuarios na BUSC  
23 actividades formativas da ODS

Formación en competencias informacionais a 2.024 estudantes de 29 graos

1.367 entrevistas de orientación laboral

1.040 entrevistas informativas sobre inserción laboral

33 accións formativas de orientación laboral




Máis de 400 persoas formadas no programa Europrácticum dende 2001, o 40% con contrato de traballo

**Resultados académicos 2011-12**

10 estudantes de Medicina entre os 100 mellores MIR

15 estudantes de Psicoloxía entre os cen mellores PIR

19 titulados da USC con bolsas da Fundación Barrié



Satisfacción media do alumnado de 3,9 nos másteres oficiais e 3,7 nos graos e 1º e 2º ciclo (Escala 1 a 5)



En relación coa **Xestión social do coñecemento a través da investigación e a transferencia**, as actuacións desenvolvidas en 2012 encádranse baixo a liña 3 (Cara a excelencia investigadora) do ámbito estratéxico da Actividade universitaria e a liña 1 (Transferencia efectiva do coñecemento) do ámbito estratéxico da Relación co contorno. Tráballose no avance cara a consecución de todos os obxectivos contemplados nestas liñas, salvo o AE4LE1OE3 (Facilitar e promover a actividade de transferencia en Humanidades e en Ciencias Sociais e Xurídicas), en relación co cal non se levaron a cabo accións concretas.

Como temos mostrado nos anteriores apartados da memoria, a redución do financiamento á I+D, a falta de convocatorias de recursos humanos para I+D, e as maiores esixencias do EEES ao PDI, teñen afectado á porcentaxe de PDI implicado en actividades de I+D, a pesar da boa evolución do PDI doutor e do número de sexenios conseguidos. Doutra banda, a captación de recursos externos para I+D mediante convocatorias competitivas e contratos/convenios non se recuperou da brusca caída experimentada en 2011. Deste xeito, a capacidade investigadora da USC estase a ver moi limitada, pero, malia isto, téñense producido importantes avances na actividade de investigación e transferencia da institución.

No marco da liña estratéxica “Cara a excelencia investigadora”, ademais das actuacións orientadas a aumentar o impacto internacional da investigación desenvolvida na USC, avanzaouse de xeito importante na consolidación de **Campus Vida**, coa posta en funcionamento do CIMUS e o CITIUS, a actividade da Escola de Doutoramento Internacional, a participación na convocatoria 2011 de Fortalecemento, a captación de proxectos do VII Programa Marco da Unión Europea e de varios proxectos singulares de I+D (como Inno-Pharma e Trans-int), ou a integración na Rede de Campus de Excelencia Internacional con actividade Agroalimentaria.

O aproveitamento dos CEI e o esforzo do persoal vinculado ás actividades de I+D permitiu que os resultados de investigación non se visen aínda afectados polos recortes, se ben cabe esperar que, de non revertirse a delicada situación que atravesamos o financiamento da I+D, nos vindeiros anos comencen a facerse patentes os efectos negativos sobre a produción científica das universidades.


Na liña estratéxica de “Transferencia efectiva do coñecemento”, a USC, a través da AVTE, conseguiu impulsar numerosas iniciativas: activáronse os proxectos de transferencia Vehículos de Transferencia e Nanovalor (en colaboración con outros socios europeos e financiados con fondos FEDER), acadouse financiamento do Fondo de Inversión en Ciencia da Fundación Barrié para dous proxectos (Quorum Quenching, liderado pola USC, e CTC Trap) e púxose en marcha o programa propio **Acelerador de Transferencia**, que apoiou nove proxectos de valorización. Ademais, obtivéronse bos resultados tanto na concesión de patentes coma en relación coas licenzas, cun incremento notable dos ingresos por licenzas.



Xestión social do coñecemento: Investigación

AE Actividade universitaria  
LE Cara á excelencia na investigación

### Capacidade investigadora



- 62,2% de Catedráticos con 4 ou máis sexenios
- 25% de Titulares con 3 ou máis sexenios
- 31% de Contratados Doutores cun sexenio
- Cobertura de 4 novos postos de apoio en infraestruturas de investigación no Campus de Lugo
- A USC representa máis do 30% dos ingresos captados por Galicia en proxectos europeos


### CEI Campus Vida



- Posta en funcionamento do CIMUS e o CITIUS
- Escola de Doutoramento Internacional (20 programas)
- Integración na Rede de CEI con actividade agroalimentaria
- Captación de proxectos no VII Programa Marco (15 entre 2011 e 2012) e de proxectos singulares (Inno-Pharma, Trans-int...)

Actuacións de execución da subvención de 607.893 € obtida no subprograma de Fornecemento do Programa CEI: mobilidade internacional, UniverCidade...


### Resultados de investigación



- Leiden Ranking 2013 (proporción 10% maior impacto)  
Posición 317 entre as universidades do mundo  
3ª posición en España
- URAP 2012-2013  
337ª no ranking mundial  
8ª no ranking estatal

Tamén a través da AVTE a USC desenvolveu diversas actuacións de fomento do emprendemento: creáronse os Puntos de Atención Emprendedora, Uninova participou no Programa Erasmus para Mozos/as Emprendedores, realizáronse numerosas accións formativas e divulgativas sobre emprendemento e impulsouse a creación de varias empresas baseadas en resultados de investigación (spin-off).

Finalmente, destacan as accións de divulgación desenvolvidas por numerosos membros, centros e grupos de investigación da USC (programa Conciencia, programa Estalmat, Campus Científicos de Verán, etc.).



No ámbito das **Relacións con organizacións** do noso modelo de responsabilidade social, as actuacións desenvolvidas en 2012 estiveron esencialmente marcadas polos compromisos adquiridos baixo a liña estratéxica 1 (Unha universidade de recoñecido prestixio internacional) do ámbito estratéxico da Xestión institucional. Pero outras moitas actuacións inclúense de xeito menos específico noutros ámbitos do noso Plan estratéxico.


Ademais das fortes relacións de colaboración con entidades de todo tipo construídas en torno a **Campus Vida** e en outros moitos eidos da nosa actividade (convenios de prácticas, acción social, etc.), podemos destacar o traballo do programa **A Ponte** na posta en contacto da USC cos centros de ensino medio, e os nosos esforzos por mellorar as relacións cos nosos provedores, tanto en termos de condicións de prestación dos servizos como de apoio mutuo nestes tempos difíciles.

Pero o principal foco de atención en 2012 foi a mellora da proxección internacional da USC. Potenciouse tanto a mobilidade do persoal (por exemplo mediante un programa específico de formación en inglés no PFID, as convocatorias de axudas á mobilidade da USC ou a posta en marcha do Programa Internacional de Mobilidade para a Formación de Futuros Doutores en India e China) coma a do alumnado (mellorando as probas de




competencia lingüística, participando nos diversos programas de mobilidade de estudantes e levando a cabo accións de promoción no exterior para favorecer a captación de alumnado estranxeiro).

Dun xeito máis concreto, promoveuse a captación de alumnado estranxeiro mediante a participación en feiras de captación e pola vía da aprendizaxe do castelán e do galego (accións de captación activa en China, Corea e Xapón e de captación tentativa en Arabia Saudita, Emiratos Árabes Unidos e Qatar), asináronse novos convenios con universidades de todo o mundo (Brasil, México, Perú e Colombia, China, Corea, Xapón, Estados Unidos, Canadá, Italia e Rusia), asináronse os primeiros convenios con universidades estranxeiras para a posta en marcha de programas de doutoramento conxuntos e renováronse os convenios de programas de doutoramento Erasmus Mundus.




#### Mobilidade do estudiantado



- 50 novos convenios asinados con universidades estranxeiras (Brasil, China...)
- 25 convenios de intercambio con países de lingua inglesa: USA, Canadá e Australia
- Presencia en feiras internacionais de captación e implantación dun sistema de seguimento
- 95 estudantes brasileiros no Campus de Lugo (EPS e Facultade de Ciencias)
- 90 estudantes chineses no campus de Santiago (maioría na Facultade de Filoloxía)
- 700 demandas de información atendidas de estudantes estranxeiros sobre cursos de posgrao

#### Formación en idiomas







Pasando ao ámbito da **Extensión e voluntariado**, este correspóndese con dous obxectivos moi concretos do noso Plan estratéxico: o AE4LE2OE3 (Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento) e o AE4LE2OE5 (Difundir cara a sociedade a cultura da USC e pór en valor o seu patrimonio histórico, cultural, científico, técnico e natural).

**Extensión e voluntariado**      **AE4LE2OE3E (Fomento do voluntariado)**  
**AE4LE2OE5 (Fomento da cultura e o deporte)**

**Voluntariado e participación social**




**Actividade cultural**



- Músicas a Carón da Mosqueira
  - Sonatas para Violín e Piano de Beethoven
  - Concertos do Espazo de Cámara
  - Xornadas de Música Contemporánea
  - XIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia...
- Módulos formativos: 14 de teatro, 4 de danza, 15 de fotografía, 4 de formación cultural e 5 de extensión cultural
  - Visitas guiadas ao Patrimonio da USC
  - Programa de Extensión Cultural de Astronomía
- CampUSCulturae**
- Máis de 6.000 visitantes a exposición ilustraMundos no Colexio de Fonseca

**Actividade deportiva**






En 2012, como en anos anteriores, dende o SEPIU convocáronse prazas de voluntariado e colaborouse en diversas campañas (como a de doazón de sangue), e desenvolveuse un protocolo propio para o recoñecemento académico das actividades solidarias. Impulsouse tamén o desenvolvemento de proxectos de investigación–acción e aprendizaxe–servizo. Non obstante, no curso 2011–12 reduciuse o número de voluntarios/as que participaron nos diferentes programas e a estimación de persoas asistidas.

Cumprindo coa liña estratéxica de compromiso coa sociedade na creación e difusión da cultura e o deporte, a **Área de Cultura** da USC desenvolveu en 2012 unha ampla e variada programación cultural nos ámbitos da música, do teatro, a danza, as artes visuais e as exposicións, sempre aberta a toda a cidadanía, continuo co programa de **Visitas Guiadas ao Patrimonio** da USC e ofreceu un amplo abano de cursos, seminarios e obradoiros de formación cultural e os cursos de verán. Pola súa banda, o **Servizo de Deportes** da USC, coa colaboración da **Fundación USC Deportiva**, seguiu a promover a práctica do deporte cunha ampla oferta tamén aberta a toda a cidadanía.


No tocante ao noso compromiso co medio ambiente, os ámbitos da **Ecoloxía interna** e o **Desenvolvemento Sostible** do noso modelo de responsabilidade social están directamente relacionados co obxectivo AE4LE2OE4 (Implicar a toda a comunidade universitaria na mellora do medio ambiente) do **Plan estratéxico** da USC.







A ODS continuou cos seus esforzos na **xestión do noso impacto ambiental**, promovendo a eficiencia enerxética, a racionalización do consumo de auga, a minimización e xestión axeitada de residuos e a mobilidade sostible, contribuíndo mediante as actuacións nestas áreas á mellora da pegada ecolóxica da USC. No ámbito da xestión de residuos destaca a realización dun estudo de produción de residuos perigosos na USC (orientado á elaboración do Plan de minimización de residuos da USC) e o fomento da compostaxe dos residuos biodegradables das residencias universitarias. No da mobilidade sostible, desenvolveuse unha nova edición do programa de préstamo de bicicletas e un novo estudo dos hábitos de transporte da comunidade universitaria. Elaborouse, ademais, unha batería de indicadores ambientais a empregar na avaliación do desempeño ambiental da USC, e colaborouse coa Facultade de Veterinaria na implantación dun sistema de avaliación da súa sostibilidade e co Servizo de Prevención de Riscos na Renovación da certificación ISO 14001.





A ODS deulle tamén un gran impulso ao compromiso da USC co **desenvolvemento sostible** a través do programa **USC en Transición**, encamiñado á redución da pegada ecolóxica da USC, a través de proxectos de transición a pequena escala que procuran acadar xeitos de vida máis sostibles e contribuír a crear comunidade. Realizáronse dúas actividades de formación para o PDI e leváronse a cabo accións de sensibilización e participación relacionadas coa xestión de residuos, mobilidade, hortos comunitarios (a finais de 2012 púxose en marcha o Proxecto de hortos urbanos na USC), enerxías renovables e alimentación saudable, nas cales participaron un alto número de persoas do estudantado, PDI e PAS. As actividades difundíronse a través da web de **USC en transición**, redes sociais e medios de comunicación impresos. A USC integrouse na Rede en Transición e na **Transition Network**. Incrementouse a interacción con grupos de interese externos á USC, especialmente cos Concellos de Santiago e Lugo, e con colectivos cidadáns, grupos de consumo, asociacións ecoloxistas, etc. No desenvolvemento de todas estas actuacións a ODS contou co apoio dos/as bolseiros/as de Sostibilidade, Participación e Integración Universitaria (SPIU), os/as bolseiros/as USC en Transición e os/as bolseiros/as de Aula Verde.

En relación coa cooperación ao desenvolvemento, en 2012 conseguíronse cinco novos proxectos ERASMUS Mundus External Cooperation Windows (que se sumaron aos outros sete que xa estaban vivos na USC), consolidouse a convocatoria de bolsas para proxectos de coñecemento da realidade (PCR) e participouse na IX Olimpíada Solidaria de Estudo. Ademais, diversos investigadores/as e grupos de investigación desenvolveron distintas actuacións de cooperación exterior.



► perspectivas





Pese a que o contexto económico, social e legal segue a ser desfavorable para a educación superior, a USC seguirá a procurar nos próximos anos o cumprimento dos seus compromisos estratéxicos e a contribución positiva á sociedade a través da súa actividade.

É precisamente en épocas de crise económica e social cando ten maior transcendencia a elección daquelas actuacións que contribúan a afrontar con éxito os retos de futuro, garantindo unha xestión eficaz e de calidade, que se leve a cabo dende a responsabilidade e a transparencia.

Sen dúbida, para abordar os retos de futuro, necesitaremos tamén dun maior apoio do sector público, ao que debemos seguir reclamando maior autonomía e un financiamento suficiente que garanta a sostibilidade das universidades e a súa competitividade internacional, pois se aspiramos a estar entre os mellores, temos que dispor de recursos comparables con eles, e a nosa historia recente, no que a financiamento se refire, atópase a metade de camiño da media europea.

O eixe principal das nosas actuacións nos vindeiros anos debe seguir xirando en torno ás persoas, pois elas son as protagonistas de toda a actividade universitaria. A demanda social esixe a aposta pola profesionalidade no desenvolvemento de cada unha das súas funcións, xa que soamente así se pode abordar con éxito a formación de futuros profesionais. Pero para isto necesitamos que se nos deixe tomar decisións cruciais sobre a selección do persoal e a construción dunha carreira profesional para os/as nosos/as traballadores/as, algo no que os desenvolvementos normativos recentes repercuten de xeito moi negativo.

Tendo presente este compromiso co noso capital humano, as nosas actuacións nos vindeiros anos estarán orientadas a varios ámbitos de acción moi concretos que consideramos decisivos para o futuro da nosa institución:

- O deseño e implantación dun novo modelo de desenvolvemento para o campus de Lugo.
- A incorporación de novos modelos de ensino, aproveitando as potencialidades dos cursos en liña masivos.
- A proxección exterior dos servizos de apoio á investigación.
- A reestruturación e reorganización de postos e servizos administrativos e a implantación da contabilidade analítica e da administración electrónica.
- O deseño e implantación dun plan estratéxico de internacionalización.
- O deseño e implantación dun plan de comunicación que preste especial atención á presenza da USC nos medios sociais.

En relación coa primeira liña de actuación mencionada, conscientes da relevancia do campus de Lugo, e ante a preocupante evolución da matrícula e da súa capacidade



investigadora nos últimos anos, faise necesario desenvolver un plan estratéxico para dotar ao campus dunha identidade propia que, baixo a denominación Campus Terra, incremente a súa visibilidade e permita pór en valor os recursos que posúe e o traballo que os seus membros veñen realizando, orientando os nosos esforzos ás necesidades e demandas da sociedade.

O Campus Terra, en cuxo plan estratéxico estase a traballar no transcurso do 2013, supón unha aposta estratéxica para situar o campus de Lugo no primeiro plano internacional, converténdoo en impulsor do cambio e do desenvolvemento do seu contorno. Esta aposta artíllase en torno á Terra como núcleo de especialización, contemplado cun enfoque interdisciplinar no cal se pretende integrar ás diferentes áreas (Ensinanzas Técnicas, Humanidades, Ciencias Experimentais, Ciencias Sociais e Xurídicas e Ciencias da Saúde).

O novo marco estratéxico basearase en tres piares básicos: a especialización, a internacionalización e as persoas.

En primeiro lugar, o Campus Terra pivotará en torno a catro áreas de especialización nas que conta xa con importantes activos, tanto na docencia como na investigación: a ordenación do territorio e mellora da vida comunitaria, a economía sostible, a innovación e aproveitamento dos recursos naturais e o desenvolvemento do medio rural, e a suficiencia, seguridade e calidade alimentaria.

En segundo lugar, o Campus Terra, en consonancia coas premisas do marco estratéxico da USC, desenvolverá nos próximos anos un plan integral de internacionalización que permita abordar problemas internacionais e transnacionais relacionados coas súas áreas de especialización. O obxectivo será promover o desenvolvemento dun campus aberto ao mundo que contribúa a mellorar a competitividade internacional da institución, fomentando a capacidade de actuar en resposta ás necesidades dunha sociedade global. O Campus Terra abordará cada un destes retos clave a partir de dous eixes estratéxicos: a captación e retención de talento e o recoñecemento internacional.

E, en terceiro lugar, o Campus Terra terá como outro dos seus obxectivos conseguir un capital humano suficiente, equilibrado e diversificado que garanta a cobertura das necesidades do campus e se anticipe ás demandas futuras, facendo do seu compromiso un elemento esencial para a sostibilidade do Campus.

En relación coa segunda liña estratéxica mencionada, unha vez completada á adaptación ao EEES, e aínda sendo conscientes de que resulta imprescindible realizar unha avaliación da oferta de graos, másteres e doutoramento para garantir a súa adaptación ás necesidades sociais, parece tamén necesario explorar ás potencialidades de novos modelos de ensino, en particular dos cursos *on-line* masivos e abertos, que abren ás portas ao acercamento da nosa actividade docente a distintos lugares do mundo, sendo especialmente interesante chegar ao territorio de fala hispánica. Nesta liña, estase a traballar no deseño dunha experiencia piloto co centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) para a realización dun curso *on-line* masivo e



aberto orientado á formación permanente de adultos de fala hispana, aproveitando a experiencia do CESGA na área de *e-learning* e a dispoñibilidade da tecnoloxía necesaria. O primeiro paso está a ser a creación da plataforma MOOC USC–CESGA (MOOC son as siglas de *Masive Open Online Course* – en galego COMA, Curso *On-line* Masivo e Aberto), coa intención de poder desenvolver a proba piloto no segundo semestre de 2013.

En relación coa terceira liña de actuación, plantéxase a posibilidade de que as infraestruturas instrumentais e humanas integradas na Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIAIDT) da USC, esencialmente usadas polos/as investigadores/as da USC, poidan ser utilizadas tamén por usuarios externos á universidade. A apertura de servizos de investigación a usuarios externos pode converterse nunha fonte de financiamento adicional para a USC, que axudaría a mellorar o mantemento das unidades, favorecería a adquisición de novos equipos e permitiría conseguir menores tarifas para os nosos propios usuarios. En Galicia existe un importante potencial de usuarios de este tipo de servizos, tanto entidades públicas, que periodicamente necesitan facer estudos ou elaborar plans que requiren a aplicación de técnicas experimentais dispoñibles na USC, coma entidades privadas, que moi frecuentemente non teñen capacidade ou prefiren non soportar a instalación de equipos e persoal capacitado para utilizar técnicas das que dispoñemos na USC. Ademais, a USC, mediante os seus servizos de apoio á investigación, pode aportar non só a realización de procedementos analíticos, senón tamén coñecemento para que o tecido empresarial da nosa contorna poida ser competitivo e produza o desexado retorno de beneficios sociais.

Esta posibilidade de apertura dos servizos de apoio á investigación ao exterior require a participación dos/as investigadores/as e dos centros da USC, a obtención de certificacións de calidade para algunhas unidades, un novo regulamento de funcionamento da RIAIDT, idear un sistema de transporte de mostras (fora da ruta xa existente Santiago–Lugo) e, evidentemente, dar a coñecer os servizos dispoñibles mediante accións publicitarias e xornadas de portas abertas.

No ámbito da xestión institucional, estase a traballar en diversos eidos relacionados coa reestruturación e reorganización de postos e servizos administrativos e a implantación da contabilidade analítica e da administración electrónica.

Por unha banda, plantéxase a necesidade de elaborar un novo regulamento para o SUR, adaptado ao novo escenario que supón o EEES e á nova normativa relacionada coa educación superior, así como ao novo contexto sociocultural. O obxectivo é avanzar na vertente educativa das residencias universitarias (para contribuír á formación integral das persoas, promovendo valores como a liberdade, a equidade, a solidariedade, o respecto á diversidade e a sostibilidade) e, xunto cos colexios maiores, afrontar o reto positivo da internacionalización ao ser estes centros os que van a albergar, cando menos nos primeiros momentos, unha parte significativa da poboación estudiantil procedente do exterior.



Por outra banda, considérase necesario continuar cos esforzos iniciados en 2012 de reestruturación/reorganización dos servizos (AVTE, OIU e CPG), que se estenderán á Área TIC, ás unidades de apoio á xestión de centros e departamentos, á área de conserxerías, ao Servizo de Xestión Académica, á BUSC e aos rexistros.

Ademais, a USC debe seguir avanzando na implantación da contabilidade analítica e da administración electrónica:

- A implantación da contabilidade analítica, ademais de permitir a comparabilidade inter-universitaria, facilitar a transparencia e axudar na determinación de custos das titulacións, das actividades de investigación e das actividades de extensión universitaria (obxectivos estes buscados polo Ministerio de Educación), proporcionará outra información útil para a USC: establecer o grao de cobertura dos custos por actividades; detectar elementos de custe con porcentaxes moi elevados respecto dos custes totais, diferenciar dende o punto de vista económico actividades “rendibles e non rendibles” na universidade; e facilitar a toma de decisións para a optimización dos recursos.
- No proceso de modernización e simplificación dos procedementos de xestión, xoga un importante papel a implantación efectiva da administración electrónica. Tamén no camiño de seguir ofrecendo á comunidade universitaria un sistema de xestión de calidade acreditado internacionalmente, intégranse medidas que pretenden implantar e xeneralizar a utilización dos procedementos electrónicos, como sistemas de xestión simplificados e dinámicos, que facilitarán a realización dos trámites administrativos que teñan que levar a cabo os membros da comunidade universitaria. A mediados de 2013 entrou en funcionamento a sede electrónica da USC, e entre as tarefas de futuro contéplase a exploración das posibilidades de ofrecer servizos á comunidade universitaria a través de novas canles de comunicación baseadas en tecnoloxías de mobilidade, implantando procesos electrónicos de acceso á información e a xestión a través de novos dispositivos como os *smartphones*.

Outras das liñas de actuación relacionadas coa xestión institucional pasa por intensificar o labor de internacionalización, orientada á transformación da USC nunha universidade de carácter global que poda ser considerada como opción real para estudantes, docentes, investigadores/as e xestores de todo o mundo. Estase a traballar no deseño dun plan estratéxico de internacionalización centrado na internacionalización da docencia e a investigación, as relacións exteriores, a proxección exterior, a dotación de infraestruturas e a cooperación.

En relación coa internacionalización da docencia e a investigación, as actuacións a desenvolver nos vindeiros anos inclúen:

- Mellorar o atractivo das titulacións, especialmente do posgrao e o doutoramento, mediante a oferta de materias en inglés, a flexibilización das opcións curriculares e a oferta de itinerarios transversais.





- Mellorar as competencias lingüísticas dos membros da comunidade universitaria e explotar a captación de alumnado pola vía da aprendizaxe do castelán e o galego.
- Flexibilizar a xestión para axustar os ritmos da USC cos dos procesos de mobilidade (anticipar o calendario de oferta académica, axilizar os procesos de admisión, recepción, matrícula, avaliación e certificación do estudiantado internacional,...).
- Desenvolver programas de captación de alumnado tanto en Europa coma fora do EEES.
- Fomentar a mobilidade de estudantes, PDI e PAS.
- Promover a internacionalización da actividade investigadora e da súa difusión mediante a captación de proxectos de investigación internacionais, a difusión dos resultados en órganos de alcance internacional e potenciando a Escola de Doutoramento Internacional.

No tocante ás relacións internacionais, a USC debe acadar acordos estratéxicos de colaboración con universidades estranxeiras que permitan o intercambio e a transferencia de coñecemento, así como definir unha rede de asociacións estratéxicas con universidades de prestixio cuidadosamente seleccionadas, que haberán de traducirse co tempo no establecemento dunha cooperación máis intensiva, con titulacións conxuntas, colaboración en doutoramento, intercambio científico, proxectos de investigación conxuntos, etc.

En relación coa proxección exterior, a USC debe seguir promocionando a súa imaxe no exterior participando en feiras internacionais, realizando e recibindo visitas institucionais e elaborando e difundindo material informativo permanentemente actualizado.

En relación coa dotación de infraestruturas, será necesario seguir acometendo actuacións de mellora no Servizo de Relacións Exteriores (localización máis próxima ao estudiantado e ao persoal e máis efectivos no negociado de mobilidade), no Centro de Linguas Modernas (consolidar unha rede de aulas nos diversos centros e facilitar a actividade nos períodos non lectivos) e na sociedade mercantil Cursos Internacionais S.L.

E no tocante á cooperación, plantéxase tamén a necesidade de reforzar a unidade de cooperación universitaria, para manter a posición de liderado da USC en proxectos Erasmus Mundus, Tempus, Alfa, AECID...

Como última liña de actuación de futuro a destacar, recordemos que hoxe en día todas as institucións teñen entre os seus retos afrontar a denominada “sociedade dos medios”. Estase a elaborar un plan de comunicación da USC que contempla entre as súas ferramentas o uso de internet e, en particular, das redes sociais, que ata o de agora son só empregadas de xeito específico e voluntario por algúns centros e membros da comunidade universitaria con sensibilidade nestes eidos. Estas accións deben ser consideradas de forma integral para contribuír á súa posta en valor e multiplicar os seus resultados. A elección das redes sociais a empregar farase de xeito



progresivo, en función da audiencia obxectivo e do tipo de información a difundir. O plan de comunicación contempla tamén a mellora da páxina web institucional e un maior aproveitamento das listas de correo/RSS. A USC debe dar, deste xeito, un paso fundamental na aproximación ás persoas interesadas, usuarios e sociedade para aumentar a fidelización e xerar novas relacións de confianza.

## ANEXO: ENCAXE DOS OBOECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PLAN ESTRATÉXICO 2011-2020 DA USC NOS SETE ÁMBITOS DO MODELO DE RESPONSABILIDADE SOCIAL DA USC

### BO GOBERNO E TRANSPARENCIA

**AE1LE1OE3:** Definir e implantar unha estrutura de apoio que garanta o desenvolvemento das actividades de docencia e transferencia de coñecemento e investigación, creando os mecanismos que permitan a reconversión dos servizos tradicionais.

**AE1LE3OE3:** Potenciar a orientación dos servizos académicos cara a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

**AE2LE1OE4:** Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade.

**AE2LE3OE4:** Optimizar a utilización dos servizos de apoio á investigación

**AE3LE2OE1:** Mellorar a transparencia

**AE3LE2OE2:** Incrementar o financiamento

**AE3LE2OE3:** Optimizar o uso dos recursos, establecendo un sistema de información e xestión integral

**AE3LE2OE4:** Adaptar a estrutura organizativa de xestión e de servizos á realidade da USC.

**AE3LE2OE5:** Consegur unha maior articulación entre os campus de Santiago e Lugo.

**AE4LE2OE1:** Reforzar o compromiso da USC coa responsabilidade social.

**AE4LE2OE2:** Acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural.

### XESTIÓN DO CAPITAL HUMANO

**AE1LE1OE1:** Definir e implantar un modelo de xestión de recursos humanos máis flexible e diverso que, en base a un deseño do cadro de persoal nas áreas de docencia, investigación e administración, supoña un aproveitamento equilibrado dos recursos e das potencialidades.

**AE1LE1OE2:** Incorporar perfís polivalentes, capaces de acompañar á Universidade no proceso de internacionalización, excelencia e calidade

**AE1LE2OE1:** Establecer un modelo de carreira profesional e promoción do PDI e do PAS que recoñeza as diversas capacidades e potencialidades para dar resposta ás necesidades da Universidade.

**AE1LE2OE2:** Prover ao persoal de formación e habilidades en eidos diversos que lle permita avanzar na súa carreira profesional, desenvolver o seu talento e mellorar as oportunidades de promoción, ao tempo que atende ás necesidades da Universidade.

**AE1LE2OE3:** Crear as condicións que permitan captar e reter o talento, favorecendo o cambio progresivo e renovador do persoal.

**AE2LE2OE3:** Valorar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado.

### ECOLOXÍA INTERNA

**AE4LE2OE4:** Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do medio ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade

### XESTIÓN SOCIAL DO COÑECIMENTO

**AE1LE3OE1:** Incrementar o talento na USC a través da atracción de alumnas/os con altas capacidades, aproveitando para iso a boa imaxe de marca da USC.

**AE1LE3OE2:** Contribuír á formación integral do estudantado transformando os servizos non académicos converténdoo en ferramentas de apoio.

**AE1LE3OE4:** Mellorar a empregabilidade dos egresados e profesionais formados na Universidade.

**AE2LE1OE1:** Optimizar a oferta de títulos de grao para axustala á realidade actual e ás necesidades emerxentes

**AE2LE1OE2:** Conformar unha oferta de posgrao especializada e competitiva respecto ao contorno universitario, nacional e internacional, incrementando o prestixio social dos estudos de posgrao.

**AE2LE1OE3:** Ampliación da oferta formativa para o recoñecemento de competencias transversais en todos os estudos de grao da USC.

**AE2LE2OE1:** Xeneralizar o uso do novo modelo de ensino–aprendizaxe derivado da adaptación ao EEES.

**AE2LE2OE2:** Reforzar a interacción entre a docencia e a investigación.

**AE2LE3OE1:** Mellorar a posición internacional da USC no eido da investigación.

**AE2LE3OE2:** Potenciar o desenvolvemento dos Campus de Excelencia Internacional nos que participa a USC e sacar proveito do seu impacto cara a proxección internacional da Universidade.

**AE2LE3OE3:** Incrementar a porcentaxe de PDI activo en investigación.

**AE4LE1OE1:** Incrementar o compromiso da USC coa transferencia de coñecemento cara ao seu contorno, non só para contribuír ao seu desenvolvemento socio–económico, mais tamén como fórmula de progreso social.

**AE4LE1OE2:** Dar un novo pulo á innovación e transferencia de coñecemento aproveitando a experiencia nos ámbitos disciplinares con actividade recoñecida neste eido e propondo novos modelos axeitados para outros ámbitos.

**AE4LE1OE3:** Facilitar e promover a actividade de transferencia en Humanidades e en Ciencias Sociais e Xurídicas.

**AE4LE1OE4:** Facilitar o desenvolvemento de procesos de maduración dos resultados de investigación para facelos máis aplicables e, deste xeito, lograr a súa transferencia efectiva.

**AE4LE1OE5:** Fomentar a cultura emprendedora a través da docencia e da investigación entre toda a comunidade universitaria, e en especial, entre as/os investigadoras/es en formación e o estudantado.

## **EXTENSIÓN E VOLUNTARIADO**

**AE4LE2OE3:** Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.

**AE4LE2OE5:** Difundir cara a sociedade a cultura da USC e pór en valor o seu patrimonio histórico, cultural, científico, técnico e natural.

## **RELACIÓNS CON ORGANIZACIÓNS**

**AE3LE1OE1:** Avanzar no proceso de internacionalización da universidade na docencia, investigación e xestión.

**AE3LE1OE2:** Incrementar as relacións con universidades estranxeiras, servindo de ponte entre a Unión Europea e Latinoamérica e aproveitando as novas oportunidades en Estados Unidos, Canadá e países de economía emerxente.

**AE3LE1OE3:** Internacionalización da colaboración coas empresas tanto con fins docentes coma de investigación, transferencia e emprendemento

**AE2LE3OE5:** Conseguir a participación doutras institucións na xestión dos centros de investigación.



## DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**AE4LE2OE3:** Aumentar a sensibilización e a participación dos membros da comunidade universitaria en proxectos relacionados co voluntariado, a participación social e a cooperación ao desenvolvemento.

**AE4LE2OE4:** Implicar a toda a comunidade universitaria no compromiso coa conservación e a mellora do medio ambiente facendo copartícipe deste obxectivo á sociedade.

ÍNDICADORES GRI-G3		PÁXINAS DA MEMORIA WEB USC RESPONSABLE
<b>1 ESTRATEXIA E ANÁLISE</b>		
1.1	Declaración do máximo responsable da organización.	1-2
1.2	Descrición dos principais impactos, riscos e oportunidades relacionados coa sustentabilidade.	9-11 <a href="#">Dimensións da responsabilidade social da USC</a>
<b>2 PERFIL DA ORGANIZACIÓN</b>		
2.1	Nome da organización.	Portada <a href="#">A USC</a>
2.2	Principais marcas, produtos e servizos.	*(1)
2.3	Estrutura operativa da organización.	21-23 <a href="#">Estrutura de goberno</a> <a href="#">Estrutura organizativa</a>
2.4	Localización da sede principal da organización.	22 <a href="#">A USC</a>
2.5	Países nos que opera a organización e desenvolve actividades significativas.	22, 104-11 <a href="#">Relacións exteriores</a>
2.6	Natureza da propiedade e forma xurídica	<a href="#">A USC</a>
2.7	Mercados servidos (desglose xeográfico, sectores que abastece e tipos de clientes).	22, 104-11 <a href="#">A USC</a> <a href="#">Relacións exteriores</a>
2.8	Dimensións da organización informante.	21-23 <a href="#">Estrutura de goberno</a> <a href="#">Estrutura organizativa</a> <a href="#">USC en Cifras</a>
2.9	Cambios significativos durante o período cuberto pola memoria (tamaño, estrutura, propiedade da organización).	21-23
2.10	Premios e distincións recibidos durante o período informativo.	<a href="#">Premios recibidos</a>
<b>3 PARÁMETROS DA MEMORIA</b>		
<b>Perfil da memoria</b>		
3.1	Período cuberto pola información contida na memoria.	5-6
3.2	Data da memoria anterior máis recente.	5-6
3.3	Ciclo de presentación de memorias (anual, bienal, etc.).	5-6
3.4	Punto de contacto para cuestións relativas á memoria ou o seu contido	6 <a href="#">A túa opinión conta</a>
<b>Alcance e cobertura da memoria</b>		
3.5	Proceso de definición do contido da memoria.	5-6
3.6	Cobertura da memoria (países, filiais, instalacións arrendadas, etc.).	5-6
3.7	Existencia de limitacións do alcance ou cobertura da memoria.	5-6
3.8	Bases para incluír información no caso de negocios conxuntos, filiais, etc. que poidan afectar significativamente á comparabilidade entre períodos e entre organizacións.	5-6
3.9	Técnicas de medición de datos para a elaboración de indicadores. Motivos polos que se decidiu non aplicar os Protocolos de indicadores do GRI, ou discrepancias cos mesmos.	5-6, 182-190
3.10	Descrición do efecto da reformulación da información pertencente a memorias anteriores.	5-6

3.11	Cambios significativos respecto de períodos anteriores sobre o alcance, a cobertura ou os métodos de valoración aplicados na memoria.	5-6
<b>Índice do contido GRI</b>		
3.12	Táboa coa localización dos contidos básicos da memoria.	Índice memoria 182-190
<b>Verificación</b>		
3.13	Política e prácticas sobre a verificación externa da memoria. Relación entre a organización informante e o verificador.	*(2)
<b>4</b>	<b>GOBERNO, COMPROMISOS E PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE</b>	
<b>Goberno</b>		
4.1	Estrutura de goberno da organización.	21 Estrutura de goberno
4.2	Indicar se o presidente do máximo órgano de goberno ocupa tamén un cargo executivo e a súa función dentro da dirección da organización.	n.a.
4.3	Número de membros do máximo órgano de goberno que sexan independentes ou non executivos.	n.a.
4.4	Mecanismos dos accionistas e empregados para comunicar recomendacións ou indicacións ao máximo órgano de goberno.	Estrutura de goberno
4.5	Vínculo entre a retribución dos membros do máximo órgano de goberno, altos directivos e executivos e o desempeño da organización (incluído o desempeño social e ambiental).	n.a.
4.6	Procedementos implantados para evitar conflitos de interese no máximo órgano de goberno.	Estrutura de goberno
4.7	Procedemento de determinación da capacitación e experiencia esixible aos membros do máximo órgano de goberno para poder guiar a estratexia da organización nos aspectos sociais, ambientais e económicos.	Estrutura de goberno
4.8	Declaracións de misión, valores, códigos de conduta e principios relevantes para o desempeño económico, ambiental e social da organización.	9-10 Principios da xestión socialmente responsable na USC Integración estratéxica da responsabilidade social
4.9	Procedemento do máximo órgano de goberno para supervisar a identificación e xestión do desempeño económico, ambiental e social da organización. Cumprimento dos estándares acordados a nivel internacional, códigos de conduta e principios.	Estrutura de goberno
4.10	Procedementos para avaliar o desempeño propio do máximo órgano de goberno, en especial con respecto ao desempeño económico, ambiental e social.	Estrutura de goberno
<b>Compromisos coas iniciativas externas</b>		
4.11	Aplicación do principio ou enfoque de precaución establecido nos Principios de Río.	*(3)
4.12	Principios ou programas sociais, ambientais e económicos desenvolvidos externamente, así como calquera outra iniciativa que a organización subscriba ou aprobe.	Premios, pactos, iniciativas e redes
4.13	Principais asociacións ás que pertence a organización e grao de implicación.	Premios, pactos, iniciativas e redes
<b>Participación dos grupos de interese</b>		
4.14	Relación dos grupos de interese da organización.	Os nosos grupos de interese

4.15	Procedementos para a identificación e selección dos grupos de interese da organización.	Os nosos grupos de interese
4.16	Enfoques adoptados para a inclusión dos grupos de interese e frecuencia de participación.	Os nosos grupos de interese Bo goberno e transparencia
4.17	Principais preocupacións e aspectos de interese xurdidos da participación dos grupos de interese e a forma na que respondeu a organización aos mesmos na elaboración da memoria.	*(4)
<b>DIMENSIÓN ECONÓMICA</b>		
<b>Enfoque de xestión económico-financeira</b>		<b>34</b> Xestión económica
<b>Desempeño económico</b>		
P	EC1 Valor económico directo xerado e distribuído, ingresos e custos de explotación, retribución a empregados, doazóns, beneficios non distribuídos, pagos a provedores e a gobernos.	11, 24-29 Xestión económica
P	EC2 Consecuencias financeiras, outros riscos e oportunidades para as actividades da organización debidos ao cambio climático.	131, 134-137, 141-148 Ecoloxía interna Desenvolvemento sostible
P	EC3 Cobertura das obrigacións da organización debidas a programas de beneficios sociais.	24-29 Xestión económica
P	EC4 Axudas financeiras significativas recibidas de gobernos.	24-29 Xestión económica
<b>Presenza no mercado</b>		
A	EC5 Rango das relacións entre o salario inicial estándar e o salario mínimo local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	Persoal
P	EC6 Política, prácticas e proporción de gasto correspondente a provedores locais en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	*(5)
P	EC7 Procedementos para a contratación local e proporción de altos directivos procedentes da comunidade local en lugares onde se desenvolvan operacións significativas.	111-112 Relación cos nosos provedores
<b>Impactos económicos indirectos</b>		
A	EC8 Desenvolvemento e impacto dos investimentos en infraestruturas e os servizos prestados principalmente para o beneficio público.	11, 61-99, 117-126 Xestión social do coñecemento Extensión e voluntariado
P	EC9 Descrición dos impactos económicos indirectos significativos.	11, 111-112 Relacións con organizacións
<b>DIMENSIÓN AMBIENTAL</b>		
<b>Enfoque de xestión ambiental</b>		<b>129</b> Ecoloxía interna
<b>Materiais</b>		
P	EN1 Materiais utilizados por peso ou volume.	*(6)
P	EN2 Porcentaxe dos materiais utilizados que son materiais valorizados.	129, 134 Ecoloxía interna
<b>Enerxía</b>		
P	EN3 Consumo directo de enerxía desglosado por fontes primarias.	129-131 Xestión enerxética
P	EN4 Consumo indirecto de enerxía desglosado por fontes primarias.	129-131 Xestión enerxética
A	EN5 Aforro de enerxía debido á conservación e ás melloras na eficiencia.	129-131 Xestión enerxética



A	EN6 Iniciativas para proporcionar produtos e servizos eficientes no consumo da enerxía.	141-148 <a href="#">Desenvolvemento sostible</a>
A	EN7 Iniciativas para reducir o consumo indirecto de enerxía e as reducións logradas coas devanditas iniciativas.	129-131, 141-148 <a href="#">Xestión enerxética</a> <a href="#">Desenvolvemento sostible</a>
<b>Auga</b>		
P	EN8 Captación total de auga por fontes.	131 <a href="#">Xestión da auga</a>
A	EN9 Fontes de auga que foron afectadas significativamente pola captación de auga.	n.a.
A	EN10 Porcentaxe e volume total de auga reciclada e reutilizada.	n.a.
<b>Biodiversidade</b>		
P	EN11 Descrición de terreos adxacentes ou situados dentro de espazos naturais protexidos ou de áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
P	EN12 Impactos máis significativos na biodiversidade en espazos naturais protexidos ou en áreas de alta biodiversidade non protexidas.	n.a.
A	EN13 Hábitats protexidos ou restaurados.	n.a.
A	EN14 Estratexias implantadas e planificadas para a xestión de impactos sobre a biodiversidade.	n.a.
A	EN15 Número de especies en perigo de extinción (incluídas en Lista Vermella da iUCn e en listaxes nacionais) cuxos hábitats se atopen en áreas afectadas polas operacións da organización.	n.a.
<b>Emisións, verteduras e residuos</b>		
P	EN16 Emisións totais, directas e indirectas, de gases de efecto invernadoiro, en peso.	130-131 <a href="#">Xestión enerxética</a>
P	EN17 Outras emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro, en peso.	<a href="#">Xestión enerxética</a>
A	EN18 Iniciativas para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e as reducións logradas.	129-131, 141-148 <a href="#">Xestión enerxética</a> <a href="#">Desenvolvemento sostible</a>
P	EN19 Emisións de sustancias redutoras da capa de ozono, en peso.	n.a.
P	EN20 No, So e outras emisións significativas ao aire por tipo e peso.	*(7)
P	EN21 Vertedura de augas residuais, segundo natureza e destino.	n.a.
P	EN22 Peso total de residuos xestionados, segundo tipo e xestión do tratamento.	132-133 <a href="#">Xestión de residuos</a>
P	EN23 Número total e volume dos derrames accidentais máis significativos.	*(8)
A	EN24 Peso dos residuos perigosos transportados ou tratados (Convenio de Basilea).	133 <a href="#">Xestión de residuos</a>
A	EN25 Recursos hídricos e hábitats relacionados, afectados significativamente por verteduras de auga e augas de escorrentía da organización.	n.a.
<b>Produtos e servizos</b>		
P	EN26 Iniciativas para mitigar os impactos ambientais dos produtos e servizos, e grao de redución do impacto.	129-138, 141-148 <a href="#">Ecoloxía interna</a> <a href="#">Desenvolvemento sostible</a>
P	EN27 Porcentaxe de produtos vendidos e as súas embalaxes recuperadas ao final da súa vida útil.	n.a.

<b>Cumprimento normativo</b>		
P	EN28 Custo das multas significativas e número de sancións non monetarias por incumprimento da normativa ambiental.	* (9)
<b>Transporte</b>		
A	EN29 Impactos ambientais do transporte de produtos e outros bens e materiais utilizados, así como do transporte do persoal.	134-137 Mobilidade sostible
<b>Xeral</b>		
A	EN30 Desglose por tipo do total de gastos e investimentos ambientais.	* (10)
<b>DIMENSIÓN SOCIAL</b>		
<b>Enfoque de xestión das prácticas laborais</b>		<b>43-45</b> Xestión do capital humano
<b>Emprego</b>		
P	LA1 Desglose do colectivo de traballadores por tipo de emprego, contrato e rexión.	45-49 Persoal * (11)
P	LA2 Número total de empregados e rotación media, desglosado por grupo de idade, sexo e rexión.	45-49 Persoal * (12)
A	LA3 Beneficios sociais para os empregados con xornada completa, que non se ofrecen aos empregados temporais ou de media xornada.	49-58 Xestión do capital humano
<b>Relacións empresa/traballadores</b>		
P	LA4 Porcentaxe de empregados incluídos en convenio colectivo.	Bo goberno e transparencia
P	LA5 Período mínimo de preaviso relativo a cambios organizativos.	n.a.
<b>Saúde e seguridade no traballo</b>		
A	LA6 Porcentaxe de empregados representados en comités de seguridade e saúde.	Bo goberno e transparencia Seguridade e saúde
P	LA7 Taxas de absentismo, enfermidades profesionais, días perdidos e número de vítimas mortais.	58 Seguridade e saúde * (13)
P	LA8 Programas de educación, formación, asesoramento, prevención e control de riscos que se apliquen aos traballadores, ás súas familias ou aos membros da comunidade en relación con enfermidades graves.	55-58 Seguridade e saúde
A	LA9 Asuntos de saúde e seguridade cubertos en acordos formais con sindicatos.	55-58 Seguridade e saúde
<b>Formación e educación</b>		
P	LA10 Media de horas de formación ao ano por empregado, desglosado por categoría de empregado.	49-50 Formación * (14)
A	LA11 Programas de xestión de habilidades e de formación continua que fomenten a empregabilidade e o desenvolvemento das carreiras profesionais dos empregados.	49-50 Formación
A	LA12 Porcentaxe de empregados que reciben avaliacións regulares do desempeño e de desenvolvemento profesional.	* (15)
<b>Diversidade e igualdade de oportunidades</b>		
P	LA13 Composición dos órganos de goberno corporativo e cadro de persoal, desglosado por sexo, grupo de idade, pertenza a minorías e outros indicadores de diversidade.	50-53 Igualdade * (16)

P	LA14 Relación entre o salario base dos homes con respecto ao das mulleres, desglosado por categoría profesional.	50-53 Igualdade Selección e promoción, compensación e beneficios sociais
<b>Enfoque de xestión dos dereitos humanos</b>		<b>148-151</b>
<b>Prácticas de investimento e abastecemento</b>		
P	HR1 Porcentaxe e número total de investimentos que inclúan cláusulas de dereitos humanos ou que sexan obxecto de análise.	n.a.
P	HR2 Porcentaxe dos principais distribuidores e contratistas que foron obxecto de análise en materia de dereitos humanos, e medidas adoptadas como consecuencia.	n.a.
A	HR3 Horas de formación e porcentaxe de empregados formados en materia de dereitos humanos.	*(17)
<b>Non discriminación</b>		
P	HR4 Número total de incidentes de discriminación e medidas adoptadas.	Igualdade
<b>Liberdade de asociación e convenios colectivos</b>		
P	HR5 Actividades da compañía nas que o dereito á liberdade de asociación e de acollerse a convenios colectivos poida correr importantes riscos, e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	Bo goberno e transparencia
<b>Explotación infantil</b>		
P	HR6 Actividades con risco de explotación infantil, e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	n.a.
<b>Traballos forzosos</b>		
P	HR7 Operacións con risco de traballo forzoso ou non consentido e medidas adoptadas para contribuír á súa eliminación.	n.a.
<b>Prácticas de seguridade</b>		
A	HR8 Porcentaxe do persoal de seguridade formado en materia de dereitos humanos.	*(18)
<b>Dereitos dos indíxenas</b>		
A	HR9 Número de incidentes relacionados coa violación dos dereitos dos indíxenas e medidas adoptadas.	n.a.
<b>Enfoque de xestión das relacións coa sociedade</b>		<b>117</b> Extensión e voluntariado Relacións con organizacións
<b>Comunidade</b>		
P	SO1 Xestión dos impactos sobre as comunidades afectadas pola actividade.	117-126, 111-113, 148-151 Extensión e voluntariado Relacións con organizacións
<b>Corrupción</b>		
P	SO2 Porcentaxe e número total de unidades de negocio analizadas con respecto a riscos relacionados coa corrupción.	*(19)
P	SO3 Porcentaxe de empregados formados nas políticas e procedementos anticorrupción da organización.	*(20)
P	SO4 Medidas tomadas en resposta a incidentes de corrupción.	*(21)

<b>Política pública</b>		
P	SO5 Posición nas políticas públicas e actividades de lobbying.	n.a.
A	SO6 Valor total das achegas financeiras e en especie a partidos políticos ou a institucións relacionadas, por países. Comportamento de competencia desleal	n.a.
A	SO7 Número total de accións por causas relacionadas coas prácticas monopolísticas e contra a libre competencia, e os seus resultados.	n.a.
<b>Cumprimento normativo</b>		
P	SO8 Valor monetario de sancións, multas e número total de sancións non monetarias derivadas do incumprimento das leis e regulacións.	*(22)
<b>Enfoque de xestión das responsabilidades do produto</b>		<b>61</b> Xestión social do coñecemento
<b>Saúde e seguridade do cliente</b>		
P	PR1 Fases do ciclo de vida dos produtos e servizos, nos que se avalían os impactos na saúde e seguridade do cliente, e porcentaxe de produtos e servizos suxeitos a tales procedementos de avaliación.	n.a.
A	PR2 Número total de incidentes derivados do incumprimento da regulación legal ou dos códigos voluntarios relativos aos impactos dos produtos e servizos na saúde.	*(23)
<b>Etiquetaxe de produtos e servizos</b>		
P	PR3 Información sobre os produtos e servizos requiridos segundo a normativa.	*(24)
A	PR4 Número total de incumprimentos da regulación e dos códigos voluntarios relativos á información e á etiquetaxe dos produtos e servizos.	*(25)
A	PR5 Prácticas con respecto á satisfacción do cliente, incluíndo os resultados dos estudos de satisfacción.	31, 71 Calidade dos servizos Calidade da docencia
<b>Comunicacións de mercadotecnia</b>		
P	PR6 Programas de cumprimento das leis ou adhesión a estándares e códigos voluntarios mencionados nas comunicacións de mercadotecnia.	*(26)
A	PR7 Número de incidentes por incumprimento das normativas sobre mercadotecnia e publicidade.	*(27)
<b>Privacidade do cliente</b>		
A	PR8 Número de reclamacións con respecto á privacidade e fuga de datos persoais de clientes.	*(28)
<b>Cumprimento normativo</b>		
P	PR9 Custo das multas por incumprimento da normativa relacionada coa subministración e uso dos produtos e servizos da organización.	*(29)

P: indicador principal A: indicador adicional n.a.: non aplicable.

#### **Aclaración sobre indicadores**

\*(1) Os servizos prestados pola USC son os propios dunha institución de ensino superior.

\*(2) A memoria non foi sometida a verificación externa.

\*(3) Non se produciu ningunha situación de perigo de dano grave ou irreversible ao medio ambiente que necesítase da aplicación do Principio de Río.

- \* (4) Non se estableceu un proceso de consulta formal cos grupos de interese para a realización da memoria.
- \* (5) A maioría dos provedores teñen sede en España e acódesse a provedores locais sempre que sexa posible, tendo en conta que a maior parte das compras realízanse por concurso público.
- \* (6) A compra de materiais está descentralizada por departamentos. Non se estableceu un protocolo de recollida da devandita información.
- \* (7) As emisións de No e So non son significativas dentro da actividade da USC.
- \* (8) Non se produciron derrames significativos de augas nin doutros líquidos.
- \* (9) Durante o período cuberto pola memoria, a USC non foi obxecto de ningunha multa ou sanción relacionada co incumprimento da normativa ambiental.
- \* (10) Non se desglosan os gastos e investimentos ambientais.
- \* (11) Non se desglosa por rexión.
- \* (12) Datos de rotación media non dispoñibles.
- \* (13) Datos de taxas de absentismo non dispoñibles.
- \* (14) Infórmase das actividades formativas e persoal asistente. Non se dispón de datos sobre a media de horas de formación ao ano por empregado.
- \* (15) Non se realizan avaliacións regulares do desempeño para o PAS. en relación co PDI, cada curso académico o alumnado avalía a súa satisfacción coa docencia recibida. A avaliación da investigación do PDI mídese polos sexenios concedidos. Cada ano, a nivel departamental, realízanse avaliacións da produción científica.
- \* (16) Non se informa da pertenza a minorías. A composición do equipo de goberno non se desglosa por grupos de idade nin pertenza a minorías.
- \* (17) Non se imparte formación específica para o persoal en dereitos humanos dado que non existe risco de incumprimento no ámbito de actuación da USC.
- \* (18) Non se imparte formación específica en dereitos humanos.
- \* (19) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- \* (20) Non se imparte formación específica nesta materia.
- \* (21) Non se ten evidencia de incidentes de prácticas corruptas.
- \* (22) A USC non foi obxecto de sancións ou multas significativas.
- \* (23) Non se detectaron casos de incumprimento da regulación legal.
- \* (24) Os estudantes e egresados dispoñen de información completa accesible na web institucional da USC.
- \* (25) Non se rexistraron casos de incumprimento da normativa referente á información dos servizos.
- \* (26) A USC cumpre a normativa vixente sobre comunicacións de marketing.
- \* (27) Non se rexistraron casos de incumprimento.
- \* (28) Non se recibiu reclamación algunha. A USC garante a privacidade dos datos de carácter persoal dos membros da comunidade e aplica estritamente a Lei orgánica de Protección de datos de Carácter Persoal.
- \* (29) Non se rexistraron casos de incumprimento.

#### **Indicadores non aplicables**

4.2., 4.3. Ao tratarse dunha institución de educación superior non é aplicable o concepto de presidente executivo nin o de conselleiro independente.

4.5. O réxime retributivo das autoridades académicas está establecido pola lexislación; polo tanto, non se establece retribución variable a efectos deste indicador.

EN6. Debido á natureza da actividade non cabe adoptar iniciativas para proporcionar produtos e servizos con baixo consumo de enerxía.

EN9. Só utilízase auga da rede de abastecemento urbano. Non hai ningunha fonte afectada significativamente polas nosas captacións.

EN10. A auga consumida é de uso sanitario polo que non se reutiliza nin recicla.

EN11. As instalacións da USC non se atopan en terreos protexidos nin adxacentes aos mesmos.

EN12, EN13, EN14. Dada a natureza da actividade da USC, non se producen impactos significativos na biodiversidade.

EN15. A actividade da USC non afecta a ningún hábitat destas características.

EN19. A USC non realiza actividades susceptibles de emitir substancias redutoras da capa de ozono.

EN21. As augas residuais xeradas na USC son augas residuais urbanas, que son vertidas á rede de saneamento pública de Santiago e Lugo, seguindo os tratamentos de depuración existentes nas EDAR de ambos os concellos.

EN25. Unicamente xéranse augas residuais urbanas recollidas pola rede de saneamento pública e non se producen verteduras directas aos recursos hídricos.

EN27. Dada a natureza da actividade, a USC non opera con volumes significativos de produtos físicos nin embalaxes.

HR1, HR2. Todos os investimentos e compras realízanse en españa, onde o marco xurídico garante a protección dos dereitos humanos, polo que non é necesario incluír unha cláusula concreta neste sentido.

HR6, HR7. En españa, onde opera a USC, a normativa laboral recolle as recomendacións da organización internacional do traballo, nas que se mostra un total rexeitamento ao traballo infantil e ao traballo forzado.

HR9. No ámbito xeográfico no que actúa a USC non hai comunidades indíxenas.

SO5. As relacións entre a USC e as Administracións baséanse no comportamento ético e o respecto á legalidade, polo que non realiza actividades de lobbying.

SO6. A USC non realiza achegas nin doazóns a partidos políticos ou a institucións relacionadas.

SO7. Como institución educativa pública, a USC non leva a cabo prácticas monopolísticas nin contrarias á libre competencia.